



Monxe, afiador e barquilleiro

Alfonso Rodríguez Vázquez é o xerente de Druida Ros

Páxina 15



José Bautista Mariño Outerelo

Mondariz nomeou Fillo Predilecto ao músico

Páxina 28

"Olimpiadas Interxeneracionais 2015"

O Concello de Tomiño e a Cámara de Vilanova de Cerveira

Páxina 38



LVI Festa do Viño do Condado

O Concello de Santiago estudará o irmandamento de Santiago con Pistoia (Italia)

O alcalde, Martiño Noriega, reuniuse no Pazo de Raxoi co deán da Catedral de Santiago, Segundo Pérez e co director da Fundación Catedral, Daniel Lorenzo

Páxina 12

O AVE chegará a Galicia no 2018, segundo Rajoy

"Agás un á entrada de Ourense e un túnel en Padornelo", en Zamora.

Páxina 16



■ Os asistentes poideron disfrutar das vintecatro bodegas participantes.

FOTO: HERNÁNDEZ



IBM ABOGADOS

VIGO

C/ Colón, 18 - 4ºB
36201
Tlf.: 986 421 457
Fax: 986 421 479
vigo@ibmabogados.com

MADRID

Avda. de La Castellana, 228 - 5º Izq.
28046
Tlf.: 913 159 828
Fax: 913 159 828
madrid@ibmabogados.com

PORTO

Avda. Boavista, 280 - 5º E/C
4050-113
Tlf.: 00 351 226067465
Fax: 00 351 226000166
porto@ibmabogados.com

PONTEAREAS

Avda. de La Constitución, 16-1º
36860
Tlf.: 986 640 164
Fax: 986 660 971
ponteareas@ibmabogados.com

Opinión

Cadernos da viaxe

Por: Xoán Antón Pérez-Lema L.

A España inviábel

O problema para Galicia non é só que os seus alicerces económicos estratéxicos sexan para o Estado prescindíbeis, como vimos nestas semanas coas crises dos sectores naval e leiteiro. Ou que Galicia non poida gobernar os seus portos, doutro xeito seguro referente da grande autoestrada do mar que vai dende Londres, Antuerpe ou Rotterdam á nova Canle de Panamá. Ou que non teña voz propia en Bruxelas para defender os nosos intereses.

O problema, ademais, é que Galicia conta moi pouco (5,5% do PIB e 6% da poboación) nun Estado español artellado de xeito absurdamente radial e centralizado. Un Estado que gastou dos Fondos de Cohesión europeos 6000 M€ (un billón das velas pesetas) no novo aeroporto de Madrid, coa idea-para ben xa fracasada- de que case todos os aeroportos españois tiveran que enganchar con Madrid para as conexións internacionais. Un Estado que priorizou sobre os necesarios eixos ferroviarios cantábrico (Euskadi-Galicia), mediterráneo (La Junquera-Almería) e atlántico (A Coruña-Sétubal) un AVE concibido radialmente, con centro en Madrid e nula interconexión entre os distintos territorios, ademais de cómo tren só de

pasaxeiros, inhábil para a intermodalidade dos portos e das mercadorías. Un AVE que absorbe todo o investimento do Estado na Galicia fronte a outras necesidades, como a conexión ferroviaria dos portos exteriores d'A Coruña e Ferrol. O Estado potencia "ad infinitum" o efecto-sede de Madrid. A tarifa eléctrica deséñase á medida do grande consumo doméstico dun Madrid que non produce enerxía. Todas as grandes empresas dos sectores regulados e servizos administrativos estatais instálanse aló. E, até cando nace un proxecto novo e ilusionante, como o de Podemos enténdese que se pode



concibir radialmente dende a Universidade Complutense sen lle preguntar moito á cidadanía que alí chaman "periférica".

A arrincadeira: O capitalismo castizo do BOE e Inditex.

Na economía española manda o capitalismo castizo do BOE, co seu IBEX 35, no que sobrancean as empresas bancarias ou de sectores regulados, agás o caso de Inditex, que confronta con este modelo económico pola súa competitividade internacional e pola súa relativa falla de dependencia a respecto das decisións políticas de Madrid. Un Inditex fulcral para entendermos economicamente A Coruña.

Feijoo e os lumes

Falando dos lumes forestais un xa non sabe se os responsábeis políticos da Xunta non se enteran ou insultan á nosa intelixencia.

Hai días, boa parte do noso País sofía os tres trintas: temperaturas de máis de 30 graos, ventos de máis de 30 km/h e unha humidade relativa inferior ao 30%. Producíronse, pois, un alto número de incendios que queimaron milleiros de hectáreas. E como reaccionaron os nosos gobernantes? O Presidente Feijóo laiándose da benignidade das normas penais cos delinquentes incendiarios. E Tomás Fernández Couto, que leva



dirixindo a Administración forestal de Galicia vinte anos (quitando de setembro 2005 a abril do 2009) botándolle ás culpas aos concellos e aos cidadáns que non limpan as súas fincas.

O abandono de grandes áreas do medio rural e, xa que logo, o dominio do mato e máis a despoboación do noso campo fornecen do combustíbel preciso ao labor dos incendiarios. Cunha tal cantidade de mato e coas condicións ambientais chamadas dos tres trintas os lumes son seguros e tamén é moi probábel a súa capacidade de facer dano. Por outra banda, sabemos

dende hai anos, polo macroestruturado coordinado polo anterior Fiscal Superior de Galicia, Carlos Varela, que máis do 90% dos lumes na Galicia son intencionados, malia que non existan tramas criminais no monte galego e si unha chea



de pequenos individuos que percuran coas súas accións cativas vantaxes persoais ou que actúan polo seu illamento social (moitos son persoas pouco relacionadas coa contorna e de moi baixo nivel cultural e intelectual).

Sabe ben a Xunta de Galicia que o problema dos lumes non se mellora co Código Penal, senón con prevención, independentemente de que haxa que manter un sistema acaído de extinción. Pero resulta que os instrumentos de prevención despregados polo conselleiro nacionalista Suárez Canal despois da vaga do 2006 (Unidades de Xestión Forestal, empresa pública SEAGA) foron suprimidos e os servizos de extinción recurtados e parcialmente privatizados. Despois da inacción destes seis anos de Goberno Feijóo está a pasar o lóxico.

Unha representación propia

Nestes últimos días, algunhas opinións insistiron na prescindibilidade dunha representación galega propia no vindeiro Parlamento estatal. Dende PODEMOS afirmábase que un Grupo Parlamentario galego non resolvería o problema dos desfaiuzamentos, mentres que o catedrático de Dereito Constitucional R. Blanco Valdés viña dicir que dende formulacións políticas estatais Galicia perde e gaña ás veces, en canto que con representación galega soberana perderíamos sempre por sermos minoría no conxunto do Estado.

Unha e outra perspectiva, partillando certa aparente lóxica superficial, non explican porqué este verán milleiros de galegos coinciden na necesidade de que Galicia teña voz propia na vindeira lexislatura estatal, que abordará, canto menos, unha limitada revisión político-constitucional. Nun tal contexto, Cataluña, Valencia, as Illas Baleares, Canarias, Navarra ou Euskadi van contar con interlocutores propios. E Galicia, cun 5,5% do PIB e un 6% da poboación estatais, non será protagonista senón garante unha representación propia que defenda a nosa

identidade e intereses. As bases da actividade económica galega son prescindíbeis para o conxunto do Estado. Que forza estatal vai amparar os nosos sectores lácteo, forestal, naval, tecnolóxico, audiovisual ou mar-industria? Qué partido estatal vai defender a mellora do noso financiamento local, que detrae máis de 1100 M€/ano (uns 430 € por cada galego) da cobertura dos nosos servizos sociais ao non ponderar o avellentamento e dispersión poboacionais? Só con estes cartos, os nosos concellos darían amañado as peores consecuencias sociais da Depresión.

Así e todo, unha representación galega soberana e plural non pode casar con ningún, mais tampouco defender neutralidades imposíbeis. É evidente que hai forzas estatais que acreditan máis ca outras no respecto á plurinacionalidade do Estado, nos valores da rexeneración democrática e da transparencia e nunha axenda social que aposte polas persoas e pola cohesión social. A futura Maré ou candidatura unitaria de País semella que non podería esquecer unha realidade tan evidente.



Debuxo de Raul Fernando Zuleta

Editorial

Por: Guillermo Rodríguez

Director de Novas do Eixo Atlántico



De que escribimos hoxe?

Despois de moitas horas diante do ordenador tratando de artellar este humilde xornal que vdes. teñen na man, chega o momento de facer iso que chaman o/a editorial.

Dín que cando Alvaro Cunqueiro era director de Faro de Vigo, chegadas as horas do peche alguén subía ao seu despacho e dicíalle “D. Alvaro, non temos contraportada”, pode facernos algo. A contraportada nos xornais diarios, e tamén nos outros, é unha páxina importante pola súa visibilidade. Cunqueiro diante dos apuros de redactor respostaba, “tranquilo muchacho, dentro dun rato pásate por aquí que xa che darei algo feito”.


Claro que para Alvaro Cunqueiro “parir” un texto non era un traballo que presentara grandes dificultades. Un home como el, co seu acervo cultural, podía tratar un montón de temas de actualidade que ían satisfacer plenamente as esixencias dos lectores de Faro de Vigo.

No meu caso non é que me soliciten un texto para cubrir unha páxina; é que teño a obriga, polo meu cargo neste xornal, de “parir” (permítanme o termo así de directo) un texto que sirva de editorial, que por outra parte, como é ben sabido, debe marcar a liña informativa do xornal.

A estas alturas iso xa non é unha novidade para os que coñecen a miña liña dende fai trinta anos que tiveron o atrevemento de meterme nestes fregados. Sen embargo, debo confesar, que cada vez que me vexo diante do ordenador para cumprir con esta obriga como director do xornal, noto unha certa desazón, porque resulta complicado nestes momentos escribir algo que sexa de interese para unha maioría de lectores. A min gustaríame ter as facultades dun Cunqueiro para satisfacer aos lectores e provocarles, a ser posible, un sorriso, pero teño que confesar a miña incompetencia para tal cousa. É tal o grado de cabreo que teño con todo o que está pasando que se solto a corda desta rabia que levo dentro sería algo así com o un can adoeido que busca algo onde tra-

bar. Sí, non se asusten. Non estou toleando; estou rabioso por sentirme impotente diante de tantas falcatuadas

mellorar a vida de todos e cada un dos cidadáns. Cando comprobo que non é así; que o que fan e “trincar”, “mor-



Debuxo de Raul Fernando Zuleta


cometidas polos que deberan ser modelos de conduta, polos que, en teoría, deberan estar traballando para

der” (de mordida), estafar, enganar, mentir, etc. etc. Cando teño que coñecer todo iso, porque mo pasan polos

fuciños a diario os medios de comunicación, e sei que aínda queda moita máis “merda” (disculpen) que non se atreven a mostrarnos, cando me atopo diante deste panorama resúltame realmente difícil escribir algo bonito, alegre, que anime aos lectores.

Eu veño dun mundo escuro, un mundo no que apenas tiñamos consciencia do que nos rodeaba. As veces penso se aquel mundo era máis sán, máis decente ca este que agora nos toca vivir. Era certo que nos enganaban, era certo que nos roubaban, era certo que non permitían ningún tipo de oposición aos seus desmáns, pero tamén é certo que agora nos dín que temos todos os dereitos: podemos protestar (cuidado, depende de contra quen), podemos escribir cousas, denunciar feitos, sen embargo eu sintome máis indefenso que daquela; sintome como se me soltaran nun campo aberto no que eu non vexo ningunha valla, pero que sei ata onde podo chegar, porque desa liña roxa que me marcan está prohibido pasar. Esa liña roxa é tentar acabar coa corrupción institucional, social, de todo tipo; poder loitar para que todo o mundo poida comer, polo menos, unha vez ao día (porque hai millóns de cidadáns que non poden facelo), que teña un teito onde durmir tranquilos, sen que uns señores de alto copete lle poñan os seus mobeis na rúa porque non puideron pagar un aluguer abusivo, e así ata o infinito. Xa dixo o poeta que escribir en Madrid, daquela, era chorar. Eu penso que hoxe é chorar dende calquera recuncho que se escriba.

Disculpen as miñas elucubracións mentais; cecais sexa demasiado maior para dedicarme a estas cousas; tal vez debера retirarme a un convento de clausura no que non entrara a luz da política, da economía, ... nalgún lugar onde se poida soñar e ser feliz. Por favor, se o coñecen, díganmo. Corro a mercar un billete e coller ese tren.



Opinião

Por: Josep Lluís Carod-Rovira  Político e escritor

As aspiracións lexítimas de Catalunya entran nunha fase decisiva, a poucos días das eleccións do 27 de setembro que configurarán unha nova composición do Parlamento e que abrirán as portas a un novo futuro colectivo, deseñado exclusivamente a través do voto da cidadanía, voto libre e secreto. O noso sistema de partidos políticos é nacional e, polo tanto, diferente o de outras latitudes da mesma xeografía legal. O partido maioritario en España, o PP, dos 947 municipios de Catalunya tan só ten unha alcaldía: Pontons, con 503 habitantes, e a súa variante moderna 2.0, Ciudadan's, ningunha. O PSC, que non vai nunca acompañado das siglas do PSOE no seu nome, deixou de ser a primeira forza municipal en alcaldes e concelleiros, para pasar a sela terceira, tras CiU e ERC, eo seu declive vai en aumento. As CUPs, a esquerda independente, xa dirixe algunhas grandes cidades do país, como Badalona, mentres, nun novo exemplo que amosa a nosa singularidade nacional, Podemos non ten ningún problema para pactar con ICV e EU, aínda que si o teña para facer o mesmo con IU en España. Hoxe, por tanto, a maioría dos municipios están nas mans de alcaldes independentistas, unha cifra que vai en aumento se sumamos a estes os partidarios do dereito á autodeterminación.

Non son poucos os cambios acontecidos nas últimas décadas, en todos os ámbitos, que explican a profunda transformación vivida pola sociedade catalá. Catalunya é hoxe un país europeo moderno, onde se falan preto de 300 linguas diferentes e

Catalunya; novo País novo Estado.

onde 13 confesións relixiosas diferentes debulla nun cadro de pluralidade de crenzas, lonxe do monolitismo católico de outros territorios. O nacionalismo catalán, un termo usado principalmente polo centro-dereita, deu lugar a un novo independentismo, progresista, aberto, non étnico e non esencialista, pero profundamente nacional, cun amplo proxecto que non se basea na orixe dos cidadáns, ou nos seus apelidos, ou no idioma familiar, nin no seu lugar de residencia, senón na súa vontade. Un proxecto baseado na noción de identidades simultáneas para aqueles que as teñan: marroquí e catalán, catalán e español, catalán e arxentino, senegalés e catalán, catalán e europeo, etc. O que teñen en común, entón, é a afirmación da súa catalanidade, compartida ou non con outras afirmacións. Non importa o lugar de onde se procede, senón para onde se vai. Nun proxecto enormemente civil de nacións, como é actualmente o proxecto catalán, todo o mundo cabe e ninguén está excluído del. Só non forma parte del quen non quere partillar unha concepción así do país e, polo tanto, se autoelimina do novo país en construción. Nós non plantexamos un conflito de

identidade, pero sí de soberanía. E por iso imos gañar.

Un país deste tipo, con persoas tan diferentes, é imposible de ser construído en España, porque iso significa precisamente todo o contrario: alerxia a diversidade, desprezo do diferente, incomodidade coa pluralidade.

Cómpre engadir a isto, e non é pouco, a deriva antidemocrática do goberno español, o que impediu aos cataláns decidir o seu futuro colectivo nas urnas. Alén disto levan ao Constitucional, sen pausa algunha, leis aprobadas no parlamento catalán. Ao final, Madrid quedouse con España. España é Madrid e Madrid é España. As decisións políticas, infraestruturas de todo tipo, recursos financeiros, etc., están ao servizo da casta parasitaria que ten o control real do Estado, goberné quen governe. Estoume refirindo ás elites extractivas da Administración, grandes empresas, exército, grupos mediáticos, Conferencia Episcopal, etc. Algunhas elites cuxos intereses, valores e prioridades sitúanse moi lonxe do marco do novo país catalán que estamos animados a construír. Unha España así, non xa centralista nin centralizada, senón mentalmente radial en todo, non ten a menor atracción para a sociedade catalá de hoxe.



O esforzo fiscal realizado polos cataláns de toda orixe, ao non ser controlado nin xestionado polo goberno democrático catalán, o é pola casta parasitaria e incompetente de sempre. Isto impide unha calidade de vida máis grande, de igualdade de oportunidades, de progreso material e social, especialmente cando desde España se fan leis como a que pretendía combater a pobreza enerxética que, con tanta crueldade, abafa a moitas das nosas familias. O peche español nacionalista, centralismo ineficiente e etnocentrismo ignorante de moitos sectores que nos dirixen constitúen un obstáculo insuperable para unha Catalunya que xa está cansa de soportar a incompetencia, catalanofobia e a pillaxe. Fartos de atopar hostilidade permanente contra o noso idioma nacional, cansos de traballar e pagar impostos que logo non voltan para crear emprego, modernizar a sociedade e contribuír á prosperidade global, fartos de non poder decidirmos o noso futuro e de ver como son outros os que están a escribir a nosa propia historia e deciden por nós. O 27-S unha suma de parlamentarios favorables a que Catalunya entre na historia dos pobos ceibes fará posible o soño. Nós construímos un novo país e un novo estado de Europa. E ninguén poderá impedi-lo. Porque, a Unión Europea, como vai a opoñerse un estado membro á vontade dalgúns cidadáns europeos manifestada nas urnas, libremente, pacífica e democráticamente?



Por: Iñaki Anasagasti 

Senador por Bizkaia

Foi valente e claro Artur Mas, cando o 27 de xullo dí que Catalunya debe ser un Estado independente, recoñecendo os erros cometidos no pasado. Foi a mensaxe que tirou na posta de longo de cal será a facenda propia. Unha das estruturas do novo marco legal ao que aspira despois do 27-S. Admitiu que foi un "gran erro" non ter apostado na Transición por dispoñer dunha Axencia Tributaria propia e, finalmente, dun sistema similar ao do concerto económico que ten o País Vasco e o Convenio de Navarra, e que aquel lapso, segundo o presidente, ocasionou "consecuencias moi graves" que, probablemente, levaron ao actual proceso secesionista. Iso non significa, segundo o xefe do Govern, minar o obstáculo que levou á oposición do goberno central cada vez que os cataláns intentaron mellorar o seu estatuto. É por esta razón, que Mas confía en que esta vez saberán aproveitar a oportunidade que lles dan a modo de plebiscito porque, "sen Facenda propia non hai autogoberno de verdade." Pareceume valente o dito por Mas porque recoñece



Cataláns e vascos. Semellanzas e diferenzas a día de hoxe

que a situación do momento naceu do erro de dúas persoas: Jordi Pujol e Miquel Roca. Lembro vivamente cando negociamos o retorno do Concerto para Gipuzkoa e para Bizkaia, declaradas no 1937 "provincias de traizón" e como nos pedían non reivindicarmos "antiguallas" e, no caso de Roca nos dixo algo máis: "Non hai nada máis odioso que a recadación. Iso, deixarllo a Madrid". Menuda visión de alcance. Nunca me sorprende que Roca estivera tan contento de ser considerado un dos "país" da Constitución e sexa agora avogado defensor da Infanta Cristina filla do rei Juan Carlos. Con semellantes avogados defensores pasa o que pasa.

E é que nos tivemos claro dende o principio que o coche da autonomía debía ter gasolina de alta octanaxe e ese combustible non poderíamos mendigalo a Madrid. E esiximos a volta da figura, roubada polo

franquismo, porque a historia nos di que quen paga, manda, aínda que o Concerto, como todo ten os seus riscos: tes que recoller máis do que gastas. Se non o fas non hai mestres armeiros que te axuden, e o déficit te comerá.

Isto é, pois, a gran diferenza de fondo entre os dous procesos xunto a outro que para os vascos nos golpeou con especial virulencia como foi a violencia terrorista de ETA, que aínda tamén exportou a súa tolemia a Catalunya en obxectivos persoais moi significativos. Catalunya tivo neste ámbito o plus do seu nacionalismo institucional que lle permitiu chegar ata o día de hoxe. A Euzkadia violencia e o terror de ETA deixáronlle a gran dificultade de poder traballar co mundo de Bildu, mentres ETA non desapareza totalmente, os presos non estean na rúa e este mundo acepte plenamente as regras do xogo da democracia. Unha cuestión que non acon-



tece, por sorte en Catalunya. Catalunya ten algo máis o seu favor. É unha unidade, aínda que teña terra Catalá no sur de Francia. Non é tan visible esa unidade no caso vasco, que ten unha Comunidade Autónoma Vasca constituída como tal, ten a Navarra, unha autonomía que esiximos e Iparralde (País Vasco francés) na que traballamos e ningún pode decidir polo outro.

O Estado vasco ía entrar nun proceso de independencia se a cidadanía vasca quixera tentando non caer no maniqueísmo, que dende Madrid utilizan para tratar de condicionar o proceso Catalán dende a Diada de hai tres anos, na que estiven. Na actualidade, un debate sobre a independencia si, ou a independencia non, a nós non nos importaría afrontar porque estamos na busca dun novo estatuto xurídico-político para que Euzkadi sexa nación europea. Non estamos a falar sobre a creación dun estado, aínda que non nos importaría facelo sobre as base das propostas de Quebec ou de Escocia. O goberno español e a gran administración do estado levan facéndonos trampa 30 anos, confundindo a parte co todo diante da cal temos todas as fronteas abertas, mentres intentamos superar a actual crise económica porque as apostas políticas co pan, son máis seguras de ser gañadas.

Por: Inma Otero Varela

Os veos do monstro

Leticia Costas, *Un animal chamado néboa* (Xerais, 2015).

A autora viguesa destaca no ámbito da literatura infantil e xuvenil polo número de vendas, premios e críticas favorables. Por poñer un exemplo sen estenderme moito, unha das súas últimas obras, *Escarlatina*. A cociñeira defunta (Xerais, 2014), recibiu o premio Merlín en 2014 entre outros galardóns, leva catro edicións en menos dun ano e está incluído na Lista de Honra do IBBY do bienio 2015-2016. Agora vén de publicar un conxunto de relatos cualificados como literatura para adultos, malia que Leticia Costas recea de clasificacións xenéricas tan estritas. Non lle falta razón, e máis no seu caso. A crítica ten apuntado a súa preferencia pola literatura social. Os seus libros, protagonizados por personaxes pouco convencionais, deixan ao descuberto a hipocresía dos estándares. A dureza das situacións expostas non se tingue de indulxencia a pesar de estar destinadas a rapaces. Tampouco cando trata a brutalidade dos réximes autoritarios como acontece con *Recinto Gris* (Xerais, 2014), libro que anticipa o contido de *Un animal chamado néboa*. A irracionalidade da barbarie resulta máis absurda para a lóxica dun adolescente, polo que a linguaxe literaria adoita valerse dos tropos, das figuras de substitución do significado como formas de expresión máis acaídas para un mundo alterado. O recurso, empregado tamén na obra que nos ocupa, segue a ser

axeitado para o lectorado adulto; hai atrocidades non collen nos significados literais.

Os relatos que integran *Un animal chamado néboa* conforman o calidoscopio desde o que ollar os horrores da Segunda Guerra Mundial. O terror é unha masa pegañenta que se espalla aos poucos ata filtrarse polas físgas máis angostas que separan vencedores e vencidos. Os rusos que asasinan veciños, especialmente nenos, ou amputan partes do seu propio corpo para darlles de comer aos fillos durante o asedio a Leningrado; os americanos abandonados polo goberno de EEUU a mercé dos tiburóns cando regresan de transportar a bomba atómica; os remorsos dos inocentes que unen os fillos dos soldados estadounidenses que participaron no bombardeo de Hiroshima e Nagasaki cos hibakusha, superviventes do ataque nuclear; o sadismo das torturas perpetradas polos alemáns en Italia ou as violacións como rutina de calquera escenario bélico compoñen o documento emocional previo á recreación dos xuízos de Nüremberg na última parte do libro. Os textos combinan deste xeito o testemuño histórico coa ficción, como ocorre en boa parte dos relatos deste tipo. Leticia Costas sinalaba nunha entrevista para o *Diario Cultural* o contraste entre a escaseza de textos galegos que tratan a II Guerra Mundial e a fartura de textos sobre a Guerra Civil. Certamente. Mais cómpre non perder de vista o agromar de relatos vencellados ao motivo da memoria histórica que tentan facer balance do século XX en

Europa. Neste axustar contas co fanatismo do pasado, se cadra para entender o do presente, é necesario deterse no nazismo. Así o demostran novelas como *Ácaros verdes* de Pilar Buela (Sotelo Blanco, 2003), *Laura no deserto de Riveiro Coello* (Galaxia, 2011), *Deus xogando aos dados de Fernando Méndez* (Sotelo Blanco, 2011) ou o último premio Blanco Amor, *Cabalos e lobos* de Fran P. Lorenzo (Xerais, 2015). Na mesma liña iría a recuperación da presenza nazi en Galicia, nomeadamente en Vigo, a mans de historiadores e novelistas como Pedro Feijoo con *Os fillos do mar* (Xerais, 2012) ou Carlos G. Reigosa con *A vinganza do defunto* (Xerais, 2014).

Acorde á diversidade dos damnificados está a diversidade dos roles asumidos polas mulleres no conflito. Abondan as personaxes femininas, fundamentalmente para salientar a dobre marxinação á que se ven sometidas nas guerras. Son obxectivo civil, man de obra, receptoras das prácticas máis sádicas de control da natalidade, branco principal da culpa na responsabilidade da raza, sostedoras dos estragos que a guerra fai nos máis achegados, prostitutas do emínigo e destinatarias de todo tipo de vexacións sexuais. Pero tamén poden ser cómplices da bestialidade ou axentes que administran a dor de xeito atroz. Tamén neste aspecto se foxe do ton doutrinal, nada doado cando se abeira o horror nazi. Tampouco é fácil que a estas alturas, con toda a información que temos, a escritora sexa quen de causar tal desacougo na lectura. Logra buscarlle as dobras á aniquilación da condición humana. Os torturadores chúspera nos seus crimes e as vítimas baléiranse da pouca que lles deixan para sobrevivir ao monstro. No libro, o máis humano é o animal que desdubuxa a néboa.



Por: Anxo Mena

Marchar da Ciencia

A escaseza de inversións en investigación é un tema que non se chega a tratar en toda a súa fondura e importancia, e moito menos dende un punto de vista de afectación máis persoal. Neste país, ou no propio estado, os investimentos dedicados aos plans de in-

marcha ao estranxeiro. Actualmente, dentro desta marcha ao estranxeiro habería que diferenciar entre a marcha por obriga ou a marcha como oportunidade, á hora de enfocar e encadrar a carreira científica persoal e a súa problemática. Antes, anos atrás, en maior ou menor medida,

reireira investigadora, e cunha variante importante no que respecta ao retorno, xa que as posibilidades de recuperar unha carreira investigadora relativamente estábel tras unha estancia máis ou menos prolongada no estranxeiro é en moitos casos remota. Ademais de remota, esta volta, e a con-



vestigación non se teñen empregado con eficiencia en ningún tempo próximo coñecido. Este é un feito contrastábel, do mesmo xeito que o é que nivel de inversión no I+D+i é e foi deficiente aínda no mellor dos casos imaxinábel, podéndose definir como un investimento puramente marxinal. Desta marxinalidade mantida no investimento derívase que o tecido investigador, e polo tanto os investigadores, estean a sufrir unha forte carencia tanto se nos fixamos no investimento dedicado a proxectos, como se pomos a atención no investimento para persoal en todos os senso ligados á investigación. Todo isto vese agravado ademais pola ausencia dun plan marco de investigación realizable e factíbel, que permita optimizar o uso do investimento e clarificar ou perfilar unha carreira investigadora á que se poida ater o persoal. A necesidade de formación continua é imprescindible para o desenrolo dunha carreira científica, que tal e como a coñecemos agora, require como paso ineludíbel a marcha, a formación fóra do lugar onde levaches a cabo as primeiras investigacións ou realizaches o teu doutoramento, entendida esta marcha maioritariamente como unha

o sistema era quen a asumir, estabilizar, consolidar ou darlle saída a unha grande parte dos investigadores que marchaban ao estranxeiro e querían retornar. Digo en maior ou menor medida porque obviamente este feito estaba ligado ao éxito, ao lugar de retorno, ao posto de traballo, e a moitos outros aspectos e parámetros comúns. Aínda así, esta sería a definición de marcha como oportunidade, a oportunidade de mellorar como investigador e de seguir na carreira investigadora, con retorno ou sen el, pero con capacidade de decisión á hora de volver ou non, de continuar na investigación ou non.

Aínda que non sería este o estado ideal, o sistema de hai anos queda enaltecido pola situación actual, onde a obriga da marcha nace da imposibilidade de atopar ren alén da inactividade forzosa como situación base do sistema de investigación. Esta marcha actual nace como obriga, un paso único para continuar a ca-

solidación, está suxeita a un estreitamento en funil na que se require unha calidade investigadora moi por enriba da media, incluso moi por enriba da media de prazas consolidadas que nestes momentos non acadarían os mínimos esixidos para obter un contrato de retorno. Este funil no retorno non axuda a afrontar con perspectiva o feito de marchar, xa que a posibilidade de retorno reducida aparece como un obstáculo na previsión da finalización da estancia no estranxeiro, perdéndose toda capacidade de toma de decisión máis alá de quedar no estranxeiro ou volver cunha man diante e outra detrás. Que se pode facer cando sabes que tes que marchar pero que non ves opción para poder volver? Como enfocar esta problemática actual na carreira investigadora? A balanza onde entra a carreira investigadora e a ponderación persoal sobre o futuro, o entorno, familia, e outros parámetros fóra da propia carreira científica e persoal, entran a formar parte como ferramenta na toma de decisións xa que o que podería ser unha decisión cara un período de tempo duns anos pasa a ser máis unha decisión vital en conxunto afectando directamente á investigación deste país.



Opinión

Por: Carlos Méixome




A arte do disimulo

Lin con atención, só inicial, un artigo¹ da gran figura emerxente da política española, ameazado, con seriedade, na súa fortaleza explosiva. Os excesos non acaen ben á saúde, sexa esta política ou persoal. O asunto máis principal, como diría o Conde de Gondomar, absorbeu a miña atención aínda que xa fose coñecido: unha nova transición que, segundo Pablo Iglesias, é posible despois de celebradas as próximas eleccións a Cortes, se os cidadáns se converten en protagonistas no canto das elites políticas e económicas. O artigo dilúese en manidas consideracións sobre o réxime de 78, en quebra, segundo o persoeiro mediático, a partir da crise do 2008 (que, segundo el, fixo pagar os “platos rotos” ás clases medias) e, simbolicamente, dende o 15M de 2011. Do réxime, segundo o líder, só “gozan de relativa buena salud” as Forzas Armadas, a Monarquía e o PNV(?). Cousas veredes, Sancho. O que si me interesou foi a coincidencia das prácticas pedagóxicas da figura escintilante coas que foron, ata hai uns meses, as miñas propias. Seica ambos lle proxectabamos aos alumnos o filme Queimada. Todo o mundo sabe que el impartía docencia na Complutense. Eu, humilde profesor de medias, poñíalla ao alumnado de 2º de Bacharelato que xa, coidaba eu, non sei se con acerto, tiñan desenvolvidos os

mecanismos de compresión da mensaxe social e política propia do filme de Guillo Pontecorvo. Recórdanos Iglesias a frase do axente británico William Walquer: “Ás veces 10 anos poden revelar as contradicións de todo un século”. Rotunda frase dita por un Marlon Brando, que andaba a deseñar a imaxe de galán maduro, presumido e algo estraçalario que repetiría, con grande éxito de billeteira, tres anos máis tarde en Last tango in Paris (1972), dirixido polo gran Bertolucci. Iglesias, como bo comunicador, anota a sonora frase pero esquece o relato do filme no que o axente secreto, primeiro, axuda, con éxito, aos crioulos a independizarse de Portugal e despois convénceos para entregarlle a produción de azucre ás compañías británicas. Dez anos máis tarde, repite a xogada. Volve convencerlos, de que o único xeito de abortar a revolta dos escravos, que el manipulara como “tontos útiles” contra o goberno portugués, é solicitar a axuda das tropas británicas, que unha vez alí xa ficarían, e impedir que a revolta contaxiasse os negros das outras illas caribeñas. Tamén ten éxito. A narración filmica de Pontecorvo é de manual do antiimperialismo militante, cuestión sobre a que Iglesias disimula. Como tamén o

fai con outra frase semellante que cita no artigo mencionado: “Hai décadas nas que non sucede case que nada e semanas nas que as décadas se precipitan”. Iglesias atribúe o dito a un “lúcido socialista ruso”, mais disimula e non o cita polo seu nome: Valdimir Ilich Ulianov “Lenin”. Onde exerce con mestría a arte do disimulo o novo líder é en Cataluña. Por un lado concorda con que a cidadanía catalá poida decidir pero que como é natural deben decidir seguir sendo parte de España. Roland Barthes xa nos ten advertido de que a ideoloxía, a dominante, exprésase coa “voz do natural”; e Michael Billing que “nas nacións consolidadas parece “natural” supor que o nacionalismo é unha reacción afervorada que polo xeral é patrimonio dos outros”. Mesmo, noutra reviravolta do seu disimulo, invalida a proposta independentista por burguesa, neoliberal, corrupta, austericida... e identifica, en aberto exercicio de cinismo, cun partido que xa nin existe e esquece as persoas que a encabezan unha das candidaturas e a presenza das CUP. Con tanto disimulo o réxime do 78 ten serios visos de sobrevivir aínda que sexa con algún que outro remendo. As esquerdas diversas e plurais, tamén no nacio-



■ Disimulando. Paola Franco Sebal, Xilografía.

nal, non souberon artellar o dobre espazo de rotura: o anti-neoliberal e o dereito a decidir. Só o 27S mantén un, cada vez máis afastado, fachiño de esperanza.

¹ Pablo Iglesias; *El País* 19 de xullo de 2015.

Retallo 1

Semella unha pulsión esquizoide pretender escindir o nacionalismo galego da esquerda. Non resulta doada a defensa das clases subalternas esquecendo a condición subalterna da lingua e da cultura que estas clases criaron. Non me parece posíbel defender as clases subalternas esquecendo que residen nun territorio subalterno a respecto dos centros de decisión estatais e do euro. Non se pode escindir a subalteridade. Precísase dunha esquerda que asuma todas as loitas contra calquera caste de discriminación ou marxinação sexa de xénero ou cultural, lingüística ou sexual, económica ou relixiosa, de territorio ou de idade...

Retallo 2

Galicia, pola súa formación social, pola súa estrutura económica, pola historia do seu territorio, pola psicoloxía das súas xentes, pola impúdica e onanista traición das súas elites económicas, fixo que fosen as clases populares, subalternas, as que asumisen o proxecto nacional e popular. Dende Antolín Faraldo ata hoxe, o nacionalismo ga-

lego foi, agás casos individuais moi concretos, sempre progresista ou de esquerda. Escindir nacionalismo e esquerda coa idea de configurar un nacionalismo galego “centrado” non responde aos trazos sinalados. Pretendelo facer a partir da base social histórica do nacionalismo é o xeito máis doado de convertelo en ineficaz.

Retallo 3

A pesar do seu fracaso histórico, na súa forma socialdemócrata ou comunista, a alternativa ao capitalismo salvaxe ou domesticado non é outra que o socialismo. Sobre as cinsas da experiencia fracasada do socialismo real e da socialdemocracia xestionadora temos que elaborar as bases do proxecto socialista. O nacionalismo galego non pode, nin debe, eludir este debate. Pola contra ten que facer achegas, formular propostas e fomentar o diálogo coas correntes europeas e mundiais que andan na procura dun novo proxecto. A política

Retallos

do disimulo, de que nós o que temos que facer é defender o país, de que isto non vai comigo, de evitar a cuestión... en realidade non é máis cá pretendida evasión de quen non asume o fracaso histórico do socialismo soviético ou non son quen de asumir que a socialdemocracia derivou simplemente en social-liberalismo.

Retallo 4

Liberté, égalité, fraternité. Os socialistas mornos, coma os liberais, colleron a primeira palabra, como se puidese existir a liberdade entre os que son desiguais; os comunistas gaban a segunda, como se fose posible convivir co despotismo; só os anarquistas teñen en conta o triángulo, pero a súa proposta de abolir o Estado devólvenos ás sociedades primitivas.

Retallo 5

Tanto pola súa extracción popular como pola súa tortuosa historia; pola non correlación entre

sentimento nacional e expresión política da nación; pola particular estrutura social encabezada por unhas elites burguesas que ou son foráneas ou optaron por renunciar ao seu liderado a cambio das “trinta moedas” da influencia política en Madrid; o nacionalismo galego precisa dunha estratexia de ampla alianza social. O liderado desa gran alianza (coas febles elites económicas interesadamente incapaces para asumir a expresión da vontade nacional) só pode ser exercido polos sectores sociais subordinados e sectores das clases medias cultivadas. Ante esta realidade que limita en gran medida a expresión política da vontade nacional, o nacionalismo galego precisará tecer alianzas con aqueles sectores que, aínda non asumindo o proxecto de vontade nacional, non sexan refractarios a el. Este proceso de acumulación non pasa por un proxecto de nación brando, dondo, livián, lixeiro, senón pola pretensión dun proxecto político compartido baixo a hexemonía da “posición orixinal” da lingua e da cultura galegas e do recoñecemento do dereito dos pobos, que se reclaman de seu, a decidir.

Opinión

Por: Xosé González Martínez

Presidente do Foro E. Peinador.



Cando o balneario de Mondariz foi exemplo no mundo

Sempre tiven a curiosidade por saber en que modelo se inspirou Manuel Fraga para poñer en marcha a rede de paradores de turismo. Sendo presidente da Xunta de Galicia tiven a oportunidade e pregunteille se por casualidade tiña lido o libro “Índice de Utopías Gallegas” de Evaristo Correa Calderón, que fora profesor seu no instituto de Lugo. Recoñeceume que, efectivamente, aquel libro publicado en Madrid en 1924 lle fora de moita utilidade polas teses que expuña para converter as torres, castelos e pazos en modernos e luxosos hoteis. Conto esta anécdota porque vén a conto agora que este mes de Agosto se cumpren noventa e cinco anos dos actos celebrados pola Real Academia Galega no Balneario de Mondariz co gallo do ingreso na institución de Ramón Cabanillas e Antonio Rey Soto. O programa preparado por Enrique Peinador Lines, dono do establecemento balneario, fora moi lucido: banquetes, música

e visitas guiadas ao museo etnográfico de Pías e excursións ás paraxes próximas. Tamén podería ter sido que o modelo do Balneario de Mondariz inspirase a Fraga na elaboración do plan dos paradores de turismo. A diferenza está en que no Balneario a cultura galega tiña unha visibilidade notoria, porque Peinador Lines puxera o empeño en ofrecerlle aos seus hóspedes un clima amable tinguido de cultura galega, que, ao cabo, é o que busca o turista cando viaxa procurando coñecementos de realidades ben distintas ás do seu país de orixe, e os chamados paradores nacionais non ofrecen o mesmo. A oferta do Balneario de Mondariz satisfacía así os gustos dunha clientela esixente que se deleitaba lendo os xornais “La Temporada” e “Mondariz” nos que sempre había colaboracións dedicadas a divulgar o patrimonio etnográfico

e arqueolóxico, e a obra dos nosos escritores e investigadores. Peinador Lines esixíalles as orquestras que animaban as veladas que incluían pezas galegas nos seus programas.

O Balneario de Mondariz foi o único que tiña carácter internacional entre os españois. Porque o seu propietario non era un empresario ao uso, vulgar, rutinario e preocupado unicamente pola conta de resultados; soubo conxugar o éxito dos servizos que ofrecían co compromiso coa cultura galega. Foi o auténtico precursor da fórmula aritmética tan socorrida en calquera proxecto empresarial do I+D+i, ao que el lle engadiu un sumando máis, o “G” de galeguismo.

En 1920 creou o “Premio Peinador” na Facultade de Medicina de Madrid cunha dotación de 1.200 pesetas ao ano para custear o título de Doutor

en Medicina ao autor dunha tese sobre Hirdroloxía Médica. Coa Universidade de Santiago de Compostela estableceu vínculos estables, e ao Estado doou un edificio para destinalo a Instituto de Hidroterapia, Colexio Maior ou residencia de médicos e estudantes. E outro premio máis para incentivar o estudo do hábitat galego e o modelo de autogoberno para Galicia, que gañaran Carlos Sobrino e Peña Novo, respectivamente.

Mondariz foi a recreación desa Galicia ideal que deseñou o 1º Congreso de Economía de Galicia celebrado en Lugo en 1925. Peinador Lines, que posiblemente asistiu a el, levou ao pé da letra todas as conclusións daquel cónclave: poñer en valor a paisaxe; recuperar para o turismo espazos e vilas termiais; artellar unha rede de transportes que el materializou co proxecto dunha liña de

tranvía que unise Vigo con Mondariz, que só chegou a O Porriño; proxección internacional do mercado das augas envasadas, etc., e a defensa dos valores identitarios galegos.

Chama a atención que hoxe ningún balneario galego arromedase o exemplo daquel Mondariz modélico. Da mesma maneira que non é comprensible que a rede de paradores non sexan escaparates da nosa cultura e tradicións para ofrecerlles aos forasteiros ávidos de coñeceren outras culturas; ou que as casas rurais en Galicia non teñan máis galeguidade.

Agora que conmemoramos o acto da Real Academia Galega, traemos a memoria do seu fillo, Enrique Peinador Porrúa, que foi fusilado en Madrid pola súa militancia republicana, dous meses antes do pasamento do seu pai.

Primeiro: interromper a corrupción institucionalizada

Vergoñentas formas democráticas luxan a realidade. Están á vista. Son modos e maneiras clandestinos que borrar calquera signo de decencia, de anacos mínimos de honra e de orgullo. Quen fixo a lei fixo tamén a trampa. E nesas estamos, nas trampas. Non sería eu o primeiro en afirmar que estamos gobernados directamente polos que mellor incumpren as normas, as leis e decretos. Aínda máis, polos máis corruptos. E se a lei non gusta, cámbiana e acaban coas nosas liberdades. Así se defenden mellor. Vemos na televisión, na prensa, na radio as moi distintas varas de medir da nosa xustiza, incapaz de fiar esta mestura de individualidades que somos para telas en conta e harmonizalas no respecto. Mirádelles a cara aos corruptos, non cumpren coma calquera. Saen dos xulgados e van protexidos por matóns privados, dos ollos e da prensa –que despois dirá o que lle manden– e dos pobres parias que pagaron as preferentes ou que foron desafiuzados, e que no seu dereito protestan. Presunta inocencia cando todos sabemos que é inmoral tanta riqueza. Anque máis inmoral é os moitos que presuntamente seguen na cadea, culpables do que non fixeron. Hainos –na enorme lista de corruptos– que nunca traballaron, campan por riba de todo, da mesma lei. Actúan en clans de ilícitas proclamas, en arrogante indecencia. É o poder, o diñeiro, as ansias de concentrar e domearnos. Logo, evaden a paraísos fiscais borrando as pasadas que poidan deixar proba do que fixeron. Actúan con impunidade e coa complicidade doutros poderes. Esas formas que puideran parecer de alto “estándin” multiplicáronse e tiveron un efecto expansivo tal, que mesmo chegou a moitos curros da sociedade. Os cobradores dos párquins ou os que dan citas para calquera servizo ou os que nos multan con afán recadatorio, ...as má-

quinas expendedoras que cobran antes de dar o produto, e despois non devolven. Chegou esa podremia ata os concellos, aos máis pequenos. Véndense concellais a vintemil euros, hai saldo de vontades. Cambian de partido e do que faga falla, venden á nai que os pariu e truncan limpeza de calquera actuación, imposible en democracia que se prece. O caso é ter poder, entón decides polos demais, incluídos aqueles que torpemente os votaron. Pois nesas andamos, nas trampas. De nada vale escandalizarse, as xuntas electorais deberan avaliar os feitos, pero non o fan. Resólvese logo que mesma Lei Electoral está mal e non resulta. Foi deseñada así para amparar estas cousas? Todo está sabido, decretado, luído e perfilado. O peor do conto é que estas cousas dan dimensión do moito que queda por facer aínda despois de botalos fóra para poder refacer as leis en formato, certamente, democrático; e desde aí, facer que o Pobo sexa protagonista. Necesitamos facernos valer e, a continuación, facer que a Constitución recoñeza a Nación en plenitude de dereitos para decidir, unha Xustiza que exerza o dereito de sermos quen somos e un executivo que nos protexa e faga restituír os nosos dereitos e a nosa memoria, e que como tal sinta o respecto debido pola nosa singularidade identitaria, na independencia debida que acocha os dereitos e consideracións que nos pertencen, e que nunca –van séculos, xa– respectaron. Desde aí, todo consistirá en ir indo dunha vez cara adiante, reconfortados na autoestima de ser quen somos e de procurar vidas dignas, confianza en nós mesmos sementando porvir.

Mansas ovellas do rabaño

Os medios de comunicación son o demo e moitas veces, para amparar ideas descabezadas, empregan as máis ousadas expresións e os modos máis torpes, anque funcionan e son moi efectivos coa gran maioría da xente. Manipulan a información ao gusto do consumidor, traga o que lle botan dos políticos de turno que pagan subvencións e axudas para manter a súa idea e a mentira blasfema que nos invade, claro. Pero o máis triste é cando se percibe notoriamente a deformación informativa xa desde o titular, xa desde a sinatura do artigo de opinión –porque o articulista é tendencioso e daquela maneira proclive ás informacións que ampara, e sen entrar en máis detalles, xa desde o carácter da noticia que aparece amosando a media mentira, agachando a media verdade ou, como foi o caso, destacando o máis mesquino da información que, nesta ocasión, se saca para ocultar as súas outras e moitas vergoñas. A noticia vén con descaro á caza e captura dos pensionistas, hoxe tan deostados e no “candelabro” de todas as estúpidas e oportunas opinións. Así é, despois de cotizar a súa vida laboral toda, tiñan dereito –porque o gañaron– a unha pensión pola xa que cotizaron debidamente (e outros xestionaron indebidamente) e que lles facilite a vida nos outonos anos da madurez. Pois ben, facendo uso da palabra que torce e cambia conceptos, díxéronnos que o 30% da poboación era pensionista e que coas cousas así, ía ser moi difícil soportar esta carga durante moito tempo. Insisten en culparnos de vivir, e din que o facemos por riba das nosas posibilidades, debe ser que comemos moito, que enfermamos moito, que aprendemos moito, que dependemos moito da súa inmensa sabedoría,

...e os servizos públicos non dan para iso. Abondan en cifras e porcentaxes, en números. Aínda ninguén falou das responsabilidades dos que xestionaron mal, ou dos que seguen sacando do Fondo de Pensións que outrora se creou para garantir esas pensións fóra dos seus tentáculos perversos, e puxéronnos medo –de novo, o medo– con que se acaba en meses este fondo. Aí non dan números. Non din, o goberno e tamén os medios de comunicación de tanta tirada, que foi vilmente saqueado por eles e saqueado para pagar a Bancos, cómplices e amigos, os mesmos que roubaron coas preferentes, os mesmos que levaron as divisas aos paraísos fiscais, os das tarxetas escuras, os das abusivas comisións, e que, en definitiva, empobreceron máis as nosas vidas. Eles viviron por riba de todos nós, e queren perpetuarse, aí está o temor. Ninguén dixo que seguimos mantendo golfos, pagados cos cartos de todos, con subvencións, políticos, patróns, amos ou señores, cargos a dedo, familias de corruptos, tiralevistas de cumprida obediencia e golfos de todo tipo, neste impaís no que eles son sempre beneficiarios. Fano a base de novos impostos para “salvar” as pensións, das que despois furtan os fondos. Algo así como outro copago ou repago que nada ten que ver coas indemnizacións en diferido que se inventan para amigos que deben calar a boca. Nada dixeron dos millóns de euros que nos custan, eles e as súas viaxes e paparotas, soldos vitalicios, vixianza e protección, contratos a asesores novos e todas esas ousadías que nunca poderemos coñecer en base ás súas supostas leis de transparencia, que impiden ver o que fan cos nosos cartos, mentres nos teñen hipotecado o presente cos traballos en precario deste totalitarismo europeo –co que comulgan– e que nos trae tantas miserias sociais, retrocesos nas conquistas de benestar e de futuro. E os medios de comunicación caladiños, mansas ovellas do rabaño.



Baldomero Iglesias Dobbarrio

Mero

Por Uxío-Breogán Diéguez | Profesor da Universidade da Coruña

A Galiza que foi e a que pode ser (ou a necesidade dunha Candidatura Galega Unitaria).

Pasou algo máis dunha semana desde que celebrámos diversos actos arredor do Día da Galiza Mártir. Data que conmemora o asasinato na Caeira de Alexandre Bóveda o **17 de agosto do 1936**, secretario de organización do *Partido Galeguista* naquela altura. Data que simboliza a **Galiza vizosa varrida polo fascismo español** no final do primeiro terzo do pasado século; a Galiza de María Miramontes, a de Ánxel Casal, Xaime Quintanilla, Elvira Bao, Xohán López Durá, Benigno Álvarez, Xaquina Trillo, José Villaverde, Víctor Casas, Amparo López Jean... a **Galiza plural, de sensibilidades diversas, mais con consciencia nacional e de esquerdas**, organizada politicamente. A Galiza do 'Seminario Estudos Galegos' na súa etapa máis prolífica, a que deu lugar á magna Asemblea de Concellos do '32 e que pariu o texto articulado de Estatuto de Autonomía, referendado exitosamente polo pobo galego o 28 de xuño daquel '36, a Galiza da 'Imprenta Nós'...

As eleccións a Cortes no '36

Unha Galiza que deixara patente os seus desexos diante das eleccións ás Cortes do Estado español en febreiro daquel 1936.

Logo do bienio capitaneado pola *Confederación Española de Derechas Autónomas* (CEDA), a **Galiza expresouse en chave nacional e de esquerdas na franxa atlántica**, como nunca o fixera con anterioridade; dando lugar a que os nacionalistas Daniel Rodríguez Castelao, Ramón Suárez Picallo, Antón Vilar Ponte e Antón Alonso Ríos, activos do **PG**, foran eleitos parlamentarios diante daquelas eleccións ás Cortes. Entre os catro sumaron 487.704 votos (Castelao, candidato polo PG, con 103.436 votos, o máis votado pola circunscrición de Pontevedra; Suárez Picallo, candidato polo PG, con 153.145 votos, cuarto máis votado pola circunscrición da Coruña; Antón Vilar Ponte, tamén polo PG, con

145.009 votos, oitavo pola circunscrición da Coruña; e Antón Alonso Ríos, candidato galeguista do agrarismo pontevedrés, con 86.114 sufraxios, o sexto máis votado da súa circunscrición).

Uns resultados excelentes aos que poderíamos sumar os votos gañados por outros candidatos nacionalistas que non saírían eleitos, aínda que sumaran miles de votos (caso de Alexandre Bóveda pola circunscrición de Ourense -semella que un 'puchirazo' xogou na súa contra, a favor de José Calvo Sotelo, candidato da dereitista 'Renovación Española'-) ou, mesmo, daqueles que sendo galeguistas -ben o testemuñarían no tempo do exilio- foron nas candidaturas de Izquierda Republicana (caso de Elpidio Villaverde ou Alfredo Somoza).

Complementábanse **os resultados da franxa costeira atlántica coa vitoria da dereita e centro españolista no interior do país**, dando lugar a unha clara radiografía da Galiza naquel tempo; do que o noso país era e do que quería ser, e tamén do que nos levaron os golpistas por diante cando executaron a figuras como Bóveda e desfíxeron as organizacións políticas e institucións que representaban as bases, mesmo, dun Estado propio, reclamación máxima daquel galeguismo.

As cifras colleitadas polo PG, en canto **forza xenuinamente galega**, só se poden explicar en base á socialización por parte do nacionalismo galego dun **discurso entre as clases populares, entre a maioría social, baseado na defensa dos sectores produtivos básicos e a riqueza natural da Galiza**. Dun intelixente discurso que implicaba á maioría social á que se dirixía o galeguismo a favor dun **proxecto de modernización e mellora material do país**. Un discurso no que a **loita contra o caciquismo e o centralismo españolista** sería basal, como grande mal da pobreza e atraso no que ficaba boa parte dun país sangrado a tributos, sen materialización destes na propia Terra.

O golpe militar do '36 **quixo acalar con enorme virulencia estas reivindicacións**, levando por diante o máis significativo daquela Galiza (en forma de asasinatos, violacións, exilios).

As eleccións a España e Galiza no 2015/16

A fenda que abriu o golpe militar e a ditadura posterior, diante dun tempo republicano no que se estaban a sentar as bases do desenvolvemento autónomo e da modernización da Galiza, deu lugar a que as cifras electorais previas ao golpe non teñan sido superadas, en clave nacional e de esquerdas, até os nosos días. **O golpe militar e a ditadura franquista foron unha grande pexa histórica que segue a se proxectar no presente** do punto de vista sociolóxico e tamén, loxicamente, político (...como se non explicar as maiorías gobernamentais na Galiza de Fraga, exministro franquista? Con todo o que isto implica...). E isto malia o traballo abnegado do nacionalismo galego, relanzado desde os anos sesenta en plena clandestinidade, logo de tomar o relevo a un vizoso exilio, centrais ambos á hora de manter viva a memoria do que a Galiza fora e quixera ser.

E hoxe aínda está viva a memoria da Galiza que nos roubaron (aínda son, por fortuna, moitas e moitos os que nos testemuñan o tempo republicano, aquel tempo de ilusión no que o galeguismo era motor do país; malia que cada vez sexan menos as testemuñas que nos quedan, por cuestións obvias). **E esa memoria está a tempo (por pouco, en primeira persoa) de ser recuperada** e politicamente materializada nunha Galiza que poida retomar o camiño a favor da súa soberanía e dun futuro próspero, binomio inseparábel, (...futuro para o noso agro, para o noso mar, para o mundo do traballo, especialmente para a nosa mocidade). Futuro en plena liberdade a conquistar, con pasos previos ineludíbeis. Fico convencido de que **temos, como país, unha oportunidade histórica** diante das próximas eleccións ao goberno español e á Xunta de Galiza; onde a actual representación nacionalista, inaugurada aló hai dúas décadas e acó tres décadas e media atrás, e que leva desenvolvido un traballo inigualábel en favor da Terra todos estes anos, poida verse acrescentada.

A sucesión na 'Casa Real', como teño afirmado xunto a outras e

outros colegas en xuño do 2014, deu a clave estratéxica da situación política española. E é que **a España medular estaba (e está) a facer importantes cambios para que nada mudara e nada mude**. Dunha banda porque había que socializar a monarquía entre unha nova xeración de españois aos que pouco lles importaba, mais ben nada, a existencia da mesma (ficando na súa man o seu futuro), mocidade que priorizaba a súa repulsa diante dos rigores da crise e do modelo socio-económico imperante, fronte outras cuestións; e doutra banda, mais ligada igualmente á devandita real casa -e os seus intereses-, polo embate soberanista catalán. Realidades que os asesores da realza viron ben clara; patente desde as multitudinarias mobilizacións estudantís en España, nomeadamente das e dos 'indignados', e desde as macizas mobilizacións pola independencia en Catalunya.

O escenario está aberto. Estou certo de que o país poderá volver reeditar e ver superados, mesmo, uns resultados como aqueles referidos, quer no parlamento español, quer ao parlamento galego -noutro inexistente- (sen quere-lo, a propaganda mediática dá fe disto, particularmente axitando o medo independentista, xa

vello; e tamén un outro, non menos vello, o medo 'bolivariano', que recupera o espírito do vello medo ao comunismo). Escenario aberto, iso si, sempre e cando impere a intelixencia, a xenerosidade e o compromiso real co país e a súa maioría social por parte dos diversos axentes que están chamados a se entender para articular unha **Candidatura Galega Unitaria** (con todo o que isto implica, particularmente en chave nacional). **Grande paso o dado, neste sentido, na xuntanza do denominado 'Banquete de Conxo 2.0'**.

Sendo esa maioría (a nación galega -ou boa parte dela, para que enganarnos- en marcha!), se quere asumir esta responsabilidade, a protagonista do proceso e do éxito do mesmo; mais sen exclusións e menos dos e das que máis levan arriscado até o momento, demostrando contra vento e maré grande capacidade efectiva de sacrificio co país (cos seus acertos e, naturalmente, cos seus erros). Unidade diante da que cómpre recoñecer a experiencia e achegas que cada quen teña realizado até o momento, en contextos ben máis duros e complexos que os actuais, acumulando este proceso (e arredor desta candidatura) todo o capital organizativo, colectivo e individual posíbel en favor dunha iniciativa na que lle vai a vida ao propio país.

O futuro da Galiza, o futuro colectivo desta nación negada, está en xogo. Gañémolo!



A Coruña

“A xente votounos para que as cousas se fagan cumprindo a legalidade, non collendo atallos”, Xulio Ferreiro, alcalde

O Concello solicita á Autoridade Portuaria a convocatoria da comisión de seguimento das obras da MariñaParrote.

“Queremos que a cidadanía poida opinar sobre o que quere para unha zona tan importante”, explicou o alcalde da Coruña.



Reafirmou a intención do Concello de desbloquear canto antes a situación das obras da MariñaParrote, aínda que sempre cumprindo a lexislación vixente. Informou de que deu orde ao concelleiro de Rexeneración Urbana, Xiao Varela, de solicitar á Autoridade Portuaria (AP) a convocatoria da comisión de seguimento destas obras. “Non temos intención de enlearnos neste tema; queremos dialogar e resolver este asunto”, aseverou. Recordou que o Concello segue sen estar en condicións de asumir a posta a disposición das obras de urbanización, se non ten constancia da licenza ou a autorización municipal correspondente. “A nosa vontade non é a de comezar unha batalla, isto é unha cuestión de legalidade urbanística. Se até o de agora as cousas non se facían ben, agora si teñen que facerse deste xeito. A xente votounos para que as cousas se fagan doutro xeito e iso significa cumprir coa legalidade urbanística e non coller atallos”, dixo o rexedor.

“Os atallos significan privar á cidadanía da Coruña de opinar acerca de como querían que se

levasen a cabo as obras deste espazo tan importante. Agora chegan as queixas sobre se hai sombra, se non a hai, as árbores, se pode haber un chiringuito...Iso tiña que ter sido decidido entre todos e todas”, explicou. “Queremos que os veciños e veciñas poidan opinar sobre o que quere para a súa cidade, ademais de clarificar a legalidade das obras”, engadiu. Dixo desexar que na reunión da comisión de seguimento das obras da MariñaParrote se aborden máis temas, e non só en concreto o estado desta parte das obras xa acabadas. “O que queremos é falar de todo, da titularidade dos terreos, das operacións urbanísticas...”, dixo. “A cesión dos terreos é algo importante, xa que estamos a falar de solo que está desafectado do Porto dende hai anos. A Autoridade Portuaria ten a súa propiedade patrimonial pero esa zona non está dentro do dominio público portuario. O normal sería que se estes terreos teñen un uso público revirtan no Concello da Coruña”, Adiantou que este tema será levado a Pleno.

Recordou, non obstante, que a Autoridade Portuaria pode retirar en calquera momento os va-

lados das obras xa rematadas, como xa fixo noutras ocasións, que o Concello seguirá como até o de agora, asumindo a limpeza e a regulación do tráfico. “A novidade está neste caso no cambio de criterio do Porto, que antes non tiña problema en ir abrindo as obras que remataba e agora parece que si”, dixo. “Deixaron de retirar os valados cando dixemos que non íamos a recibir formalmente a obra”, indicou.

“Entendo que a cidadanía estea molesta co que está a ocorrer, pero tamén sabe que as cousas hai que facelas ben. Esta é unha obra que o Concello paga pero que executa a Autoridade Portuaria. O Concello, e a cidadanía asume tamén o mantemento da obra, polo que se debe clarificar que responsabilidade debe asumir cada parte. Este non é un tema menor. Se as obras están nun estado de ilegalidade pode haber consecuencias legais”, insistiu o alcalde coruñés.

Explicou aos medios que a AP ten até o venres para facer chegar os papeis que considere necesarios ante o requirimento do Concello da solicitude de licenza municipal. Non caso de que as obras non puideran recepcionarse por falta das licenzas ou permisos necesarios, o Concello “remitirá o asunto á autoridade competente, que neste caso é a Xunta de Galicia”. “Isto non significa paralizar as obras, aínda que en calquera caso iso é competencia do que fai a obra, non do Concello”, dixo. “Ocorre que nós non queremos recepcionar unas obras até ter constancia de que existe a licenza municipal correspondente. O Concello pon os cartos para a obra e logo ten que encargarse do seu mantemento, polo que temos que asegurarnos de cumprir a legalidade”, afondou o alcalde.

O alcalde asina o regulamento que permitirá á cidadanía intervenir nos plenos

As solicitudes poderanse realizar a través dun formulario que xa está na web municipal ou do rexistro municipal. O prazo para participar no pleno do 7 de setembro xa está aberto e pecharase cinco días antes da sesión

“Este é o principio, unha das primeiras medidas do que vai supor un cambio radical na maneira de gobernar este Concello”, salientou Ferreiro.



Os Concellos da Coruña e Santiago colaborarán na creación dos seus Observatorios de Igualdade de Xénero

A concelleira de Igualdade e Diversidade, Rocío Fraga, mantivo unha xuntanza de traballo coa responsable de Igualdade de Compostela, Marta Lois, na que tamén perfi-

laron outras accións conxuntas, como a presentación dunha moción para reclamar ao Goberno central e da Xunta medios máis eficaces na loita contra a violencia machista



■ Concelleira de Igualdade e Diversidade, Rocío Fraga, coa responsable municipal destas áreas en Compostela, Marta Lois.

A Coruña

O Concello da Coruña cos traballadores de Indra

O concelleiro de Emprego e Economía Social, Alberto Lema, salienta que os afectados na cidade polo ERE da empresa non son moitos pero “xeran valor engadido e crean, a súa vez, máis

postos de traballo indirectos”. O edil advirte: “Estaremos pendentes e teremos moi en conta as relacións laborais entre empresa e persoal, sobre todo, porque esta compañía ten un contrato en curso co Concello”



■ Alberto Lema cos delegados sindicais da empresa Indra

A asemblea de praceiros e praceiras de San Agustín acorda, por maioría, paralizar as obras que restan por executar



O concelleiro de Emprego e Economía Social, Alberto Lema, comprometeuse a que as obras de acondicionamento do mercado estaran cul-

minadas neste mandato municipal. O Goberno local pora en marcha diversas actividades para promover a súa oferta

O alcalde aposta por “institucionalizar” as relacións do Concello da Coruña cos municipios da súa contorna

O alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, reuniuse co rexedor de Abegondo e presidente do Consorcio e da Xestora da Mancomunidad das Mariñas, José Antonio Santiso, para abordar as posibilidades de que A Coruña entre a formar parte dun espazo metropolitano.

“Este Goberno é partidario de establecer relacións máis estreitas cos concellos da contorna, a nosa disposición é sempre a colaborar, sobre todo cos concellos cos que compartimos problemáticas, servizos e áreas xeográficas”, salientou o rexedor coruñés.

“O primeiro paso será coñecer as actividades da xestora da Mancomunidad e estudar o borrador dos seus estatutos. Hai unha serie de cuestións nas que xa nos estamos relacionando e sería bo institucionalizar esa relación dalgún xeito máis estable”, subliñou o alcalde coruñés, quen engadiu:

“O importante é poñer ben as bases desde o principio, non meternos con calzador nunha institución que igual non está preparada para recibir ao Concello da Coruña”. “Veremos se chegamos á constitución inicial da Mancomunidad ou se é necesario facelo máis adiante”, indicou, despois de insistir na disposición do Concello da Coruña á colaboración entre municipios, de acordó co programa electoral do grupo que sustenta ao Goberno local.

Tal e como lembrou o rexedor da Coruña, existen cuestións como a Edar de Bens, o lixo, o transporte metropolitano ou o tema



da auga, nos que os concellos da comarca xa teñen relación.

“Estes son asuntos que están enriba da mesa pero hai outros nos que podemos avanzar e habería que darlles esa institucionalidade”, incidiu Ferreiro. “Veremos cal é a fórmula concreta e cales son as condicións concretas nas que A Coruña poida asumir o papel natural que ten por poboación e por importancia económica, sen devorar ao resto de concellos”, avanzou.

Neste sentido, o presidente da xestora da Mancomunidad das Mariñas concordou nos pasos a seguir e ofreceu ao Goberno da

Coruña un prazo dun mes para analizar o borrador dos estatutos.

“Hai que establecer as bases e o Concello da Coruña ten que estudalo e ver a posibilidade de incorporarse a esa mancomunidad ou a algún outro sistema de agrupación de municipios. Nós entendemos que a área metropolitana non debería de estar sen a súa metrópole, polo tanto, queremos que se unan os concellos e formen esa mancomunidad ou esa agrupación de municipios”, manifestou Santiso, quen destacou: “En principio hai un entendemento, ganas de chegar a acordos”.



Colaboración entre os concellos de A Coruña e Arteixo

“Queremos estreitar os lazos coa área metropolitana”, afirmou o rexedor da Coruña tras recibir en María Pita a Carlos Calvelo

O Alcalde reclama políticas activas que aposten polo monte

O alcalde de Santiago, Martiño Noriega e o concelleiro de Medio Rural e Equilibrio Territorial, Rafael Peña, deron conta dos incendios producidos esta fin de semana

no termo municipal. En particular, destacaron o de onte domingo na parroquia de Figueiras, que deixou un balance dunhas 50 hectáreas queimadas.



■ Rafael Peña e Martiño Noriega.

Volven as Noites Curtas o 2 e o 9 de setembro como anticipo da XII edición de Curtocircuíto

O alcalde de Santiago e presidente do Consello Reitor do Auditorio de Galicia, Martiño Noriega Sánchez asinou o contrato de dirección do XII Festival

Internacional de Curtametraxes, Curtocircuíto, con Pela del Álamo, realizador e produtor de recoñecido prestixio, que repite por terceiro ano consecutivo.



Santiago de Compostela

María Rozas recolleu a medalla de ouro concedida ao Concello de Santiago polo Curso Internacional "Música en Compostela"



■ María Rozas recibindo o diploma.

Paula Quintas e Marta Alonso mesturan danza, circo e humor en "Up2Down"

O programa Verán na rúa, que a Concellaría de Acción Cultural pon en marcha neste mes de agosto, chega ao seu ecuador coa actuación da compañía galega trasPedante. Será este xoves, ás 19:30 horas, na praza da Quintana. Se o tempo non é propicio, o espectáculo pasará ao Teatro Principal. A entrada é de balde.

Up2Down mestura danza e circo contemporáneo con notas de humor e clown. É un espectáculo dirixido especialmente a nenos e nenas maiores de catro anos.

A compañía galega trasPedante, con Paula Quintas e Marta Alonso, presenta na praza da Quintana un espectáculo que nos traslada ao singular universo de dúas personaxes femininas e á súa relación arredor dun cable de funambulismo.

Este evento forma parte do circuío cultural e de lecer Cultura no Camiño, promovido pola Xunta de Galicia con motivo do VIII Centenario da Peregrinación de San Francisco de Asís a Compostela e conta co patrocinio de Turismo de Galicia e Agadic



O BNG pídelle ao alcalde de Teo que cumpra a normativa de normalización do idioma galego

O BNG solicitoulle por escrito, ao alcalde de Teo, que observe e faga observar o cumprimento da normativa en materia de normalización lingüística.

Na Lei de normalización lingüística de 1983 quedou ben explicitado o papel dos poderes públicos na normalización do galego. A Lei 5/1988 do uso do galego explicita que "a finalidade da presente Lei é a de establecer un criterio normativo impulsor do progresivo proceso de normaliza-

ción do galego na Administración local, na procura dun clima social e político que multiplique os esforzos que se veñen realizando para a recuperación do uso normal da nosa lingua". Esta vontade quedou reflectida na ordenanza de normalización lingüística do Concello de Teo aprobada en 1990, que no artigo 1.1 establece que "o galego, como lingua propia de Galiza, é o idioma oficial do Concello de Teo." Así mesmo, o papel normalizador das corporacións locais a través da xeneralización do

uso do galego como principal lingua de comunicación cos seus administrados é un dos obxectivos de área establecidos no Plan de Normalización Lingüística de 2004. Por todo isto, e logo de comprobar que en Teo non se está cumprindo o compromiso adquirido (ver imaxes das marquesinas colocadas o 23 de maio de 2015) o concelleiro do BNG solicitalle ao Alcalde que se comprometa coa normalización da nosa lingua, e que observe e faga observar a normativa vixente a respecto deste tema.



Santiago de Compostela

O Concello sumouse á homenaxe a Ánxel Casal no 79º aniversario do seu asasinato

O alcalde de Santiago, Martiño Noriega, participou no acto de homenaxe a Ánxel Casal, celebrado como cada 19 de

agosto na Estivada da Ribeira (Montouto), preto da curva na que apareceu tras ser asasinado na noite do 18 ao 19 de agosto de 1936.



■ Intervención de Martiño Noriega no acto.

Martiño Noriega expresa a vontade de axilizar o proxecto de inserción sociolaboral de Proxecto Home en Virxe da Cerca



A Xunta de Goberno adxudica as obras de rehabilitación do palacete da finca do Espiño

Xunta de Goberno adxudicou na súa sesión ordinaria deste venres as obras de rehabilitación do palacete do Espiño para a súa recuperación como equipamento municipal, por un importe de 869.910 euros. Segundo indicou o alcalde, Martiño Noriega, o uso definitivo que terá o edificio decidírase nos vindeiros meses, apuntando posibilidades como o sociocultural ou o administrativo.

Segundo indicou Noriega, a adxudicación é posible grazas ao desbloqueo do procedemento tras meses de paralización, coa presentación duns recursos que finalmente foron resoltos na última mesa de contratación. Poderán así comezar as obras para recuperar este palacete da finca do Espiño,

edificio modernista -construído a principios do século pasado polo arquitecto compostelán Xesús López de Rego para o senador Ramón Gutiérrez de la Peña.

O proxecto contempla unha intervención que compatibiliza a con-

servación das ruínas existentes co seu novo uso. As obras afectarán a unha superficie total de 1.070 metros cadrados, dos que 860 correspondente ao propio edificio, que destacará pola súa eficiencia enerxética.



■ Estado actual do palacete do Espiño.

O Concello estudará o irmandamento de Santiago con Pistoia (Italia)

O alcalde, Martiño Noriega, reuniuse no Pazo de Raxoi co deán da Catedral de Santiago, Segundo Pérez e co director da Fundación Catedral, Daniel Lorenzo, que o informaron, respectivamente, da solicitude de irmandamento da cidade italiana de Pistoia e da marcha das obras da Catedral.

Sobre solicitude de irmandamento, o alcalde amosou a receptividade do Concello e o compromiso de estudala, á vista dos "vínculos culturais entre ambos municipios en torno ao Camiño e ao Apóstolo". Neste sentido, avalíase tamén "en que medida este irmandamento pode ter unha dimensión popular", apuntou Noriega, estendendo esta reflexión a outros irmandamentos que xa ten Santiago de Compostela.

Tras a reunión, o alcalde anunciou tamén unha próxima visita ás obras da Catedral, aceptando así o convite realizado polo responsable da súa Fundación. A propósito destas obras, Daniel Lorenzo recoñeceu "certo retraso" e indicou que "comeza a ser urxente avanzar na rúbrica dos convenios para por en marcha as actuacións previstas", para non ter que paralizar os traballos.

Turismo de calidade

Preguntado por outra proposta realizada polo deán esta mesma se-

mana, relativa a establecer descontos nos establecementos da cidade para os peregrinos, Martiño Noriega manifestou a súa comprensión, pero incidíu na necesidade de "ir máis alá" e de "entrar en cuestións estruturais". Así, aposta por medidas que contribúan a "fixar un turismo de calidade", logrando que Santiago deixe de ser só "lugar de paso" e que se traduza en "máis pernoctas e tempo de estancia na cidade".

Políticas activas e de prevención no monte

O alcalde tamén foi preguntado de novo polos incendios forestais e insistiu na necesidade de "políticas de posta en valor do monte", que considerou abandonadas para "fiar todo á política de extinción". "Se o fiamos todo ás témporas e á ex-

tinción, estaremos sempre no mesmo e eterno debate", reiterou, animando a preguntarse porque este fenómeno incendiario non se dá coa mesma intensidade noutras comunidades da cornixa cantábrica.

Depuradora prioritaria

Finalmente, Martiño Noriega referiuse á futura estación depuradora. Indicou que "a prioridade é garantir os fondos europeos" e "solucionar un problema estrutural de saneamento". Dito isto, explicou, o Goberno local "constatou só o que xa figura no expediente, que é que as razóns técnicas e obxectivas apuntan que a mellor solución, medioambiental, por custo e impacto, é a da Silvouta. A razón de optar pola ubicación do Souto terán que explicala outros".



■ Martiño Noriega saúda a Segundo Pérez e Daniel Lorenzo.

O Consorcio de Turismo aprobou o orzamento deste ano

Celebrouse en Monforte un pleno do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra no que se aprazou a disolución do ente e a transformación a Mancomunidade, agardando a reunión co director xeral de Administración Local.

Aprobouse, por unanimidade, o borrador de ordenanza reguladora para a instalación de terrazas de establecementos hoteleiros en puntos de interese turístico. Queda pendente que os concellos determinen e delimiten os puntos turísticos do seu termo municipal. O borrador proposto polo Consorcio fai referencia exclusivamente ao tema estético, de ornato e de materiais para empregar nestas instalacións. Será unha parte que os concellos terán que incluír agora nas súas ordenanzas (se contan con elas) ou crealas xa contemplando eses aspectos. Tamén se aprobou por unanimidade a orde de subvencións para terrazas. A Axencia Turismo de Galicia ten comprometida unha achega de 300.000 euros para investir en terrazas entre 2015 e 2016. O convenio non está asinado polo momento. Tan pronto rematen os trámites por parte da Xunta de Galicia, esta orde de subvencións será posta en marcha dende o Con-

sorcio. Aprobouse por unanimidade o orzamento 2015 que se achega aos 315.000, incluíndo 100.000 euros do investimentos de terrazas que corresponderían a este exercicio (de tramitarse a tempo dende a Xunta de Galicia). A proposta de xerencia para a creación dos Premios Regala Ribeira Sacra con motivo do décimo aniversario da entidade, tamén foi aprobada por unanimidade. Nas vindeiras semanas elaborárase un borrador das bases que regulen a concesión destes recoñecementos por parte do Consorcio. A primeira gala de entrega sería, presumiblemente, no mes de outubro en Chantada, por ser o Concello no que a entidade comezou a traballar. Luís Fernández Guitián, alcalde de Sober, é o novo presidente do Consorcio logo das eleccións locais e substitúe no cargo a Juan Carlos Armesto, tenente de alcalde de O Saviñao e, logo das eleccións, deputado na corporación provincial de Lugo.



■ Juan Carlos Armesto, do Saviñao, e Luís Fernández Guitián, de Sober.

A Xunta promete apoio á industria e comercio de Monforte

O conselleiro de Economía e Industria, Francisco Conde, trasladou ao alcalde de Monforte, José Tomé, a aposta da Xunta polo impulso á dinamización económica na capital do Lemos a través de Porto Seco, o impulso do polígono de Reboredo e o apoio ao comercio de proximidade.


Conde e Tomé mantiveron un encontro en San Caetano, onde analizaron os distintos proxectos postos en marcha polo Goberno autonómico en relación á dinamización económica, e durante o que o conselleiro subliñou o compromiso da Xunta coa comarca de Lemos e a necesidade de fixar tecido industrial como ferramenta para crear emprego. Ese compromiso, sinalou o conselleiro, traducíuse en iniciativas como o Porto Seco. Conde informou a Tomé sobre os esforzos que está a levar a cabo o Goberno galego para comercializar os terreos ou acadar un operador loxístico, un traballo que está comezando a dar os seus froitos co compromiso en firme e os avais presentados dunha compañía que, cun investimento de 20 millóns, dará emprego a 35 persoas no eido da xeración de biocombustible. O conselleiro amosou ademais a confianza en que esa cifra medre próximamente, tendo en conta as rebaixas de chan postas en marcha pola administración autonómica. O rexedor monfortino reuniuse tamén con responsables de Xestur, que lle trasladaron ao alcalde a disposición deste organismo, así como de Augas de Galicia, a prestar colaboración técnica ao concello no eido do Porto Seco, para que este, no exercicio das súas competencias,



■ Busto de Manuel María, en Monforte de Lemos (Lugo).

adopte as medidas necesarias para garantir o correcto saneamento das augas residuais do polígono. Conde abordou co rexedor os apoios da Xunta ao resto de parques empresariais, como pode ser o polígono de Reboredo. No eido empresarial, Conde tendeu a man a Tomé da Axencia Galega de Innovación (GAIN), coa que varias empresas da comarca xa están a traballar en distintos proxectos innovadores, co obxectivo de que o tecido empresarial monfortino aproveite as oportunidades que presentan a aceleradora de

empresas Vía Lugo, destinada a impulsar ideas de emprendedores en colaboración coa Zona Franca de Vigo, así como a aceleradora de innovación Agrobiotech, que busca apoiar a pemes lucenses con potencial no agroalimentario, biotecnolóxico e do sector da biomasa. Este apoio á industria se complementa co respaldo da Consellería ao comercio de proximidade, concretado en iniciativas como o respaldo ao centro Comercial Urbano de Monforte, así como á apertura de varios comercios e o impulso da praza de abastos.



Ribeira Sacra

Ciclo de música "Ecos da pedra - Sons da terra" en Parada de Sil



O grupo Merope ofreceu en agosto o último concerto do ciclo Ecos da Pedra-Sonidos da Terra que se veu desenvolvendo dende o pasado mes de xuño no mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil. Merope é unha banda integrada por músicos de orixe diverso e que fan música universal, interpretada de xeito que une almas e espíritos "sen importar a súa orixe e nacionalidade; ao final non importa o idioma no que se canta si se fai con amor, pois non existen fronteiras, xa que a música é un

idioma univesal", segundo o músico e compositor mexicano, George Franco, que ten feito traballos con Merope. O grupo está composto polo francés Jean-Christophe Bonn, que foi o que tivo a idea orixinal de xuntar ao resto dos músicos; a lituana Indre Jurgeleviciute; o belga Bert Cools, o alemán/brasileiro Marcello Windoplph, e o andaluz nacido en Xapón, Miguel Hiroshi. Esa procedencia heteroxénea é unha das circunstancias que lle da carácter ó grupo, que fan músicas tradicionais de Lituania, España e India, mezclada con sons innovadores e armonías modernas, extendendo a súa influencia ata a música electrónica, segundo afirma o propio Hiroshi. O duo "Milo ke Mandarin", formado polos xóvenes toledanos, Isabel Martín e Carlos Ramírez, ofreceron o concerto en xullo tamén no mosteiro de Santa Cristina. Ambos músicos decidiron unirse artisticamente no ano 2008 e dende entón teñen dado gran número de concertos, ademais de facer varios viaxes por Turquía, Creta, Grecia e Bulgaria. Isabel fai voz e percusión, en

tanto que Carlos toca instrumentos como o Ud, lavta, rabab, dotar ou yayli tanbur, propios das músicas tradicionais dos territorios bañados polo Mediterráneo oriental, sobre as que teñen investigado ao longo dos últimos anos con mestres internacionalmente recoñecidos. O actual ciclo estivo organizado por Ecos da Pedra, coa colaboración do Concello de Parada de Sil e a Deputación de Ourense.

San Bieito

Parada de Sil viviu unha xornada de marcado carácter festivo coa celebración de San Bieito no pobo de Castro, que é o que acolle o mosteiro de Santa Cristina. Xustamente no famoso recinto relixioso tivo lugar a misa con participación da coral Aqua Canta de Ourense e a charanga BCB de Celanova. Á cerimonia asistiron centenas de fregueses

e romeus que manteñen gran devoción polo santo. Unha vez finalizados os oficios tivo lugar unha comida popular nas instalacións do camping de Castro. A alcaldesa de Parada de Sil, Yolanda Jácome, que estivo presente en todos os actos festivos, destacou a "alta participación popular, con gran número de veciños e tamén forasteiros", así como o bo ambiente durante os festexos.



■ Rueda con Guitián, na entrega da Furgoneta.

Furgoneta para Protección Civil de Sober

O conselleiro de Presidencia e vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, entregou ao alcalde de Sober, Luís Fernández Guitián, unha furgoneta Renault Trafic Combi9 Energy DCI de 120 CV, de nove prazas, completamente equipada. O Goberno local avanza que vai potenciar a súa agrupación local de Protección Civil e iniciar os traballos para elaborar

un Plan de Emerxencias Municipal. Ao acto asistiu o director xeral de Emerxencias Interior, Luís Menor. Os vehículos cedidos aos distintos municipios son furgóns Renault Trafic Combi9 Energy DCI de 120 CV. Rueda enzalzou o traballo diario das asociacións de Protección Civil galegas e destacou o compromiso da Xunta con todas elas, dotándoas dos medios necesarios

para que poidan ser máis efectivas e eficaces na súa resposta ante as emerxencias. Así, ademais de apostar decididamente pola súa formación dentro da Academia Galega de Seguridade Pública, organismo dependente da Vicepresidencia; este ano o departamento dirixido por Rueda convocou axudas para dotar ás Agrupacións de Voluntarios de mellores medios materiais.

www.druidaros.com

Cada momento es una experiencia única

Alfonso Rodríguez Vazquez
c/ Rua Nova 19 Luitra 32160
Ourense - ESPAÑA
649152780

CAFÉ BAR VIDE
Desayunos. Petiscos. Tapas.
Fabada. Paella. Callos (domingos).
Rua Nova, 25. Tfno 988 61 65 58 O COUTO, Ourense.

Monxe,afiador e barquilleiro

Por: Jesús Losada



■ Queimada

Alfonso Rodríguez Vázquez é o xerente de Druida Ros empresa rural de ocio e servizos. Nos anos 80 estivo na Escola Obradoiro Braña e asistiu a un ciclo formativo da Sociedade Galega de Historia Natural. Desde 2008 é un alquimista da comunicación, como se define. “Baseándome na caracterización dun personaxe histórico, achego unha

nova dimensión á comunicación, e as visitas turísticas”, asegura Alfonso. E faíno usando a programación neurolingüística e coa proxección escénica activa os sentidos dos espectadores. Consegue transportar ao visitante, mediante esta posta en escea, á época na que se desenvolve o relato. Este teatro realístico o desenvolve nos paradores e castelos

da Ribeira Sacra así como en Allariz, El Escorial, no festival de cine de Ourense, no tren Al Andalus e en actos sociais. A duración do espectáculo é de 40 minutos nos que fai vivir aos visitantes momentos irrepetibles, producindo un efecto favorable no estado de ánimo. Alfonso ten un 80 por cento de actor, un 92 por cento de guía, un 95 por cento de comunicador e un 100 por cento de emprendedor. Como emprendedor admira a Eduardo Barreiros, tamén de Nogueira de Ramuín, que foi quen de levantar un imperio. Como actor e director, Alfonso é inconformista e experimentador; persegue constantemente novos retos. É creador de novas formulas de entretemento “A empatía é fundamental no meu traballo e son un apaixonado da comunicación” relata. Os seus personaxes son: monxe, afiador e barquilleiro. Trátase de experiencias interactivas adaptables a todo tipo de públicos. “Os personaxes,

modulando a voz incrustan conceptos, fusionan tradición e modernidade e gozan máis que o público”, asegura Alfonso Rodríguez. O acto consegue manexar a comunicación e o poder da declaración para canalizar coñecementos, vivencias, coma se de experiencias propias se tratase.

Visitas teatralizadas

Entre as visitas teatralizadas para os turistas que chegan á Ribeira Sacra están as queimadas. “Experimenta o poder cativador dos catro elementos. Deixa que a atmosfera máxica da apócema che faga máis forte por medio de meu conxuro universal da queimada” advirte Alfonso aos turistas. Como barquilleiro, de Parada de Sil, da a coñecer de preto ao croupiere da repostería de mediados do pasado século. Abre aos sentidos ás

sensacións dun rico produto cheo de historia. Un produto da repostería que desde antigo como “Pan de Deus”, foi alimento exclusivo da aristocracia e logo adaptado no ámbito monacal, para popularizar o seu consumo e estender o máximo posible o seu delicado e crocante sabor. “Coñecer as distintas facetas que unha persoa pode levar a cabo na súa vida profesional, non ha de ser necesariamente anodino, tedioso ou aburrido. Máis no meu caso, cando gozo do que fago máis aínda se cabe que os propios viaxeiros”, asegura Alfonso. Permittíndeme pois, que vos mostre o ben que o paso en compañía dun montón de xente, de diversos lugares do planeta, en múltiples localizacións onde os estados de ánimo son xerados espontaneamente polo bo ambiente de cordialidade reinante”.



■ Monxe



■ Barquilleiro

OIL PINTUCO

Rocollida de aceites.
Graxas vexetais.
Limpexa de filtros.

**VILARNAZ, 34
(Coles) OURENSE**

Correo: oilpintuco@gmail.com

680 956 669
675 860 424

PAZ - TABANADA
BARRAQUIN - BOCADILLO
VINOS - REFRESCOS

Doces de Agalar

TARTAS - PASTAS
CAKES - BRITAS - PASTELIS
BIZCOCHOS - AGUARDIENTES

Doces de Agalar

A DERRASA (PEREIRO DE AGUIAR) Tefn. 988 38 02 82. (Ourense)

San Campio

Restaurante Casa Antonio

15 pratos caseños diarios

Rúa San Francisco, 19 • Ourense • 988 61 15 18 / 858 855 795

Ourense

O AVE chegará a Galicia no 2018, segundo Rajoy

Mariano Rajoy, presidente do Goberno de España, mantén o ano 2018 como data para a chegada da conexión entre Galicia e Madrid por tren de alta velocidade, xa que todos os tramos están en obras “agás un á entrada de Ourense e un túnel en Padornelo”, en Zamora. Rajoy, de vacacións en Galicia, visitou o 19 de agosto o túnel de Prado en Vilar de Barrio (Ourense) que forma parte das obras da liña de alta velocidade ferroviaria entre Galicia e Madrid e cuxo investimento supera os 200 millóns de euros. Posteriormente, en Celanova explicou aos xonistas que os investimentos

feitos nesta infraestrutura desde a súa chegada ao Goberno, en 2012, superan os 2.300 millóns de euros máis outros 800 millóns que se investiron no Eixo Atlántico, xa en funcionamento. Rajoy explicou que os investimentos en alta velocidade ferroviaria forman parte dunha “ampla operación” iniciada xa “hai anos” e grazas á cal se inauguraron liñas moi importantes en moitas cidades españolas, o que permitiu “avances económicos importantes” para o país. Afirmou que estas obras en Galicia non benefician só aos galegos, senón a todos os cidadáns españois e aos que queiran visitar o país.



■ Rajoy e a ministra Ana Pastor con traballadores do AVE en Vilar de Barrio (Ourense).



■ Jackeline Elizabeth Fernández Macías, parlamentaria na Comunidade galega.

Nova deputada ourensá no Parlamento de Galicia

Jackeline Elizabeth Fernández Macías, presidenta de Novas Xeracións do PP en Ourense, é a nova deputada no Parlamento Galego logo da renuncia presentada por Carmen Pardo, de Verín, que fora secretaria xeral de Turismo. Jackeline, de 28 anos, é licenciada en Administración e Dirección de Empresas e forma parte do Comité de Dirección e da xunta directiva do Partido Popular na provincia de Ourense. Venezolana de Barquisimeto e afincada en Ourense, sinala que “entro para traballar e esforzarme ao máximo e para poder trasladar ao Parlamento as inquedanzas dos ourensáns. O día primeiro de setembro está prevista a miña entrada e comezarei a traballar nas comisións que me asinen.” Respecto da continuidade en Novas Xeracións lle parece compatible “Ademais vouno utilizar

como un punto a favor, como un valor engadido; pode ser un xeito de demostrar aos mozos a necesidade de implicarnos máis en política, que a día de hoxe está un pouco complicado, sobre todo o feito de mobilizalos e que participen no que realmente lles preocupa. Pero entendo que non vai ser doado porque a xuventude está desilusionada coa política pola crise económica que xerou tanto desemprego”, afirma Jackeline. A nova deputada por Ourense iniciouse na política no 2007 en Castrelo de Miño e agora, ao dar este novo paso, recibiu felicitacións da maioría de altos cargos do PP que lle insistiron no traballo, esforzo e constancia. Segundo Jackelin foron consellos de sabios que ela pensa poñer en práctica e anima a toda a xuventude “xa que traballando todo se consegue”, asegura.



Rosca de Sober, vista e non vista



■ O alcalde repartindo anacos de rosca.

O Concello de Sober repartiu de balde entre o público, e en cinco minutos, 2.000 racións da raia con queixo na XX edición da Feira da Rosca.

Moitos turistas que se atopaban pola Ribeira Sacra achegáronse a Sober. “Veño todos os anos porque temos familia aquí, gústame moito a rosca e é a única oportu-

nidade que teño para probala”, dixo Miguel Díaz, que vén todos os veráns desde Barcelona a visitar á familia. Os estranxeiros sorprendéronse pola festa e pola degustación gratuíta. As once da mañá, antes do reparto gratuíto a unha da tarde, os catro rosqueiros que participaron na elaboración do doce abriron as casetas no recinto habilitado para a venda na praza. “De 260 rosca que fixen para a feira xa as vendín todas”, decía ás 11.30 a rosqueira Mari Carmen Álvarez. “E si tivera máis aínda seguiría vendendo”. Moncho Álvarez, outro dos panadeiros que amasaron e coceron para a feira, o seu posto quedou baleiro ás 9.30 horas xa que logo “o 80% do produto vendoo xa no forno e o resto aquí”, afirmou. Na praza tamén se instalaron 14 casetas

de artesanía, rosquillas, mel, castañas do Courel, queixo, pan e outros produtos da zona. Gaiteiros e orquestras amenizaron a feira. Os rosqueiros que participaron na feira foron: Oscar Fernández, Moncho Álvarez, Mari Car-



■ Rosca de Sober.

men Álvarez e Mari Mar Piñeiro. Ovos, fariña e azucre son algúns dos ingredientes que se saborean ao probar un anaco da raia de Sober, aínda que os seus repositeiros non comentan os detalles de cada particular receita artesanal. Segundo o alcalde, Luís Fernández Guitián, esta feira é un

dos eventos con maior tradición da Ribeira Sacra a través “do que podemos enxalzar os produtos da zona e a nosa rosca mantendo vivo o traballo de tantos e tantos rosqueiros e rosqueiras que xa non están, pero que saben que o seu legado nunca vai desaparecer”.



■ Rosca con queixo.

Euskadi premia a Regina Viarun e Adega Vella

Na sede do Consello Regulador en Monforte de Lemos (Lugo) entregáronse os premios da XV Cata-Concurso de “Viños tintos galegos” celebrada en Ermua o 27 de xuño con motivo do “XXX Día de Galicia en Euskadi”, na que os viños de Ribeira Sacra resultaron premiados con dous dos tres premios que se outorgan; o primeiro e o terceiro. A este concurso de presentan viños das cinco denominacións de orixe galegas. Os viños premiados de Ribeira Sacra foron: Primeiro premio: Regina Viarun Mencía 2014 da Adega

Regina Viarun, S.L. de Sober (Lugo). Terceiro premio para Adega Vella Mencía 2014 da Adega Jorge Feijóo González, de A Teixeira (Ourense) Na entrega de premios participou o presidente da Asociación de Euskadi de Sumilleres Iñaki Suárez e José David Fidalgo, secretario e organizador da cata-concurso e representantes das dúas adegas premiadas. Tamén estivo presente José Manuel Rodríguez González, presidente do Consello Regulador Ribeira Sacra que recibiu o premio correspondente como denominación de orixe.



■ Organizadores da cata e representantes das adegas premiadas.

O Carballiño

A “Festa do Pulpo” estivo dedicada á cidade da Coruña

Ao Carballiño acudiron xentes de provincias limítrofes como Zamora e Asturias, as do Norte de Portugal como aconteceu nas pasadas edicións, e outras de Zaragoza, Madrid, Málaga e Xaén.

A organización sinala que asistiu unha parella de xaponeses que se achegou para gozar dunha forma moi distinta de preparación do cefalópodo á do seu país. Asistiu o alcalde, Francisco Fumega e a corporación municipal, así como representantes da cidade homenaxeada e doutras institucións locais, provinciais e da Xunta de Galicia. O Concello homenaxeou aos membros da Pena Nove dentro dos actos oficiais. Eles foron os que, dun xeito directo, oficializaron a “Festa do Pulpo”, que pasou de ser unha reunión de amigos para unha comida no parque, a unha festa gastronómica municipal que, co paso dos anos, converteuse na festa gastronómica máis importante de toda Galicia, e que esperta un gran interese en toda a comunidade autónoma e fóra das fronteiras nacionais. A Pena Nove estaba formada por un grupo de carballiñeses, con amplas inquietudes culturais, e que tiñan sempre a intención de apoiar cantas actividades se desenrolaban na vila. Así, cando tres membros formaron parte do goberno municipal, decidiron darlle forma oficial á festa. Foi a mediados dos 60 cando o Concello faise cargo desta festa, a través da comisión de festas, para un ano despois pasar a ser unha comisión separadamente, tal e como decidiu o quen era alcalde neses datas, Javier Perea. Os integrantes desa Pena Nove foron Fontaiñas, Milucho do Está Quedo, os dous irmáns Terceiro, Ledo, Pachó, Gonzalo, Juan Víctor e Benigno, e posteriormente



■ Tapa de polbo de 5,13 metros de diámetro.

incorporouse, como o convidado de excepción, xa que sempre participou nas actividades da Pena, Alfonso Cerviño. Así mesmo foron nomeados membros de honor o profesor Juan Curral, e ao alcalde de entón Javier Perea. Ademais de ser os impulsores desta festa gastronómica nos haberes e logros da Pena Nove están o ser os primeiros que celebraron unha misa en galego no día da Letras Galegas, a

primeira misa que se oficiaba na lingua nai en toda a provincia nesa década dos 60. Así mesmo foron os impulsores da proba automobilística do Ralli do Lacón, e a base do entroido coa formación da charanga Os Liborianos.

Protección

No plan de autoprotección estiveron implicadas este ano máis de 120 persoas, de distintos cor-

pos e forzas de seguridade así como persoal do Concello. Interviron Garda Civil, Garda Civil de Tráfico, Policía Autonómica, Policía Local, voluntarios de Protección Civil, Grumir, Cruz Vermella e persoal sanitario. O plan abarcou seguridade, orde pública e ordenación do tráfico, extinción de incendios e salvamento. O persoal sanitario contou cun posto médico avanzado, catro ambulancias asistenciales, así

como o apoio do PAC de O Carballiño e a central de urxencias médicas 061. Habilitouse un heliporto para a posible evacuación de accidentados ou enfermos. Contouse con 27 vehículos, repartidos entre as distintas forzas de vixilancia, salvamento e orde pública, vehículos de extinción de incendios forestais, ambulancias medicalizadas e dúas embarcacións na zona do río Areteiro, próxima ao lugar de celebración da romaría.

Tapa xigante

Miles de persoas apiñáronse na Praza Maior para gozar de tapa de polbo xigante, elaborada un ano máis polas polbeiras e polbeiros de Arcos. Un total de 500 quilos de polbo cocéronse e picaron de forma magistral para encher un prato de 5,13 metros de diámetro, nun tempo de 14,30 minutos. Trala demostración de habilidade e destreza, máis de 1400 persoas tiveron a sorte de degustar este manjar, protagonista da semana de festa na vila de O Carballiño.

AS CIFRAS

53 “Festa do Pulpo”.
O Carballiño.
Data: 9 de agosto 2015.
30.000 quilos de cefalópodo para o xantar popular.
24 polbeiras e polbeiros de Arcos.
60.000 asistentes.
Xantar oficial: 1.500 persoas.
1.000 quilos de polbo.



Arxentina, país invitado en Termatalia

Por Silvia Pardo

Arxentina continuará co seu papel protagonista e participará en Termatalia como país invitado presentando os seus recursos termais ante profesionais dunha trintena de países. As entidades que asinaron o convenio interinstitucional que permitiu a edición arxentina seguen vinculadas a este proxecto internacional volviendo apostar pola feira como o centro de negocios internacional no que posicionar este país como un dos principais destinos termais de América Latina. A presenza de Arxentina correrá a cargo do Instituto Nacional de Promoción Turística, INPROTUR, e será reforzada pola participación doutros destinos e empresas deste país como expositores, como é o caso da Federación de Empresarios Hoteleira e Gastronómica da República Arxentina (FEHGRA) e de destacadas provincias termais como é o caso de Santiago do Esteiro, entre outras. A presenza deste país en Termatalia 2015, que se celebra en Ourense do 24 ao 26 de setembro, completárase coa participación de touroperadores, medios de comunicación especializados en turismo e re-



■ Imaxe da Termatalia 2014 celebrada en Termas de Río Fondo, provincia de Santiago do Esteiro (Arxentina).

levantes relatores do país que presentarán as particularidades do termalismo arxentino dentro do Encontro Internacional sobre Auga e Termalismo. Arxentina leva moitas edicións participando de forma destacada e aumentando o seu papel protagonista ano tras ano ata conseguir converterse en sede do evento, como sucedeu o ano pasado coa celebración de Termatalia na capital termal do país, Termas de Río Fondo, provincia de

Santiago do Esteiro. A implicación do país con este proxecto queda patente nas palabras que pronunciou o ministro de Turismo, Enrique Meyer, durante a inauguración da última edición, "Lograr a celebración de Termatalia en Arxentina é parte dun sono feito realidade. Despois desta feira haberá un antes e un despois para o termalismo no país". O ministro incluíu na súa axenda a participación en Termatalia 2015.

Santiago de Esteiro

O INPROTUR contará cun posto promocional á entrada do recinto e ademais participará nas distintas accións profesionais e formativas. É o organismo responsable da promoción turística internacional da Arxentina e concreta a relación público-privada no que respecta á promoción turística internacional.

Tamén estará a FEHGRA, a patronal dos empresarios de hoteleira que se converteu nun dos principais apoios de Termatalia neste país. Grazas á colaboración coa feira, dende 2007 brinda ás súas 63 filiais e os seus máis de 60.000 asociados, cursos de termalismo e turismo de benestar. A provincia de Santiago do Esteiro participará de forma destacada e contará cun posto no que promover os seus atractivos turísticos entre os que destaca a cidade de Termas de Río Fondo, capital termal de Arxentina. O apoio do Goberno da provincia de Santiago do Esteiro e en particular da súa gobernadora, Dra Claudia Ledesma de Zamora, foron cruciais á hora de celebrar en Arxentina a segunda edición da feira neste continente. O éxito contribuíu a posicionar a esta provincia entre os principais destinos termais do país e abriu as portas ao mercado internacional. "É un bo lugar para expoñer as bondades da "Cidade Spa" de Latinoamérica e seguir posicionándoa nas grandes vidreiras do termalismo a nivel mundial", indicaron desde o goberno.



15ª Feira Internacional de Turismo Termal, Saúde e Benestar
Ourense, 24 ó 26 de Setembro de 2015

 @Termatalia

Termatalia

¡Visita en Expourense a maior feira mundial de termalismo!

Sorteos de estancias e tratamentos en balnearios

Goza dunha masaxe

Degusta augas de todo o mundo

Showcookings, catas e conferencias sobre alimentación saudable

Consulte todas as actividades en: www.termatalia.com































Galicia

O “servizo americano de saúde” de Galiza

O presidente Feijóo cedeu a intelixencia do Servizo Galego de Saúde (SERGAS) a poderosas empresas estadounidenses, e como consecuencia a influencia do goberno galego sobre o seu sistema público de saúde encóntrase en mínimos históricos.

Por: Luisa Lores

Traducido ao galego por Montserrat Rodríguez



■ Fachada do novo hospital de Vigo

Esta podería ser a causa da recente dimisión do xerente do Hospital de Vigo, Mario González, que presionado pola mobilización cidadá e pola esixencia dos seus profesionais comprometeuse a rescatar os servizos asistenciais da empresa pública de xestión privada Galaria S.A., Radioterapia, Medicina Nuclear/PET e RM e integralos no Novo Hospital de Vigo (NHV), segundo compromiso previo da Consellería. Porén as empresas que controlan Galaria non están polo labor, e deran de lado ao xerente González e á propia conselleira de sanidade.

A empresa Galaria S.A tamén xestiona o control de calidade e a protección radiolóxica, que internacionalmente se basea no principio de “non facer” sempre que sexa posible. Sen embargo a RM de Galaria foi denunciada polo Consello de Contas polo seu ratio inexplicablemente alto de exploracións. Ademais Galiza é a CCAA con maior uso e abuso dos estudos de TAC de todas as CCAA, incluíndo Madrid e Cataluña (Consello de Contas, datos de 2012) quizais porque a protección radiolóxica dos pacientes do SERGAS se realiza a través da multinacional estadounidense General Electric, a empresa propietaria da maior parte dos equipos de TAC de Galiza, que se audita a si mesma. A presidenta de Galaria desde 2009, ano no que Feijóo gaña as eleccións, provén das grandes consultoras estadounidenses Arthur Andersen e Deloitte, empresa

que auditou a desastrosa fusión de Caixa Nova e Caixa Galicia. Segundo o Consello de Contas, tamén as contas en Galaria son pouco claras.

Nese mesmo ano de 2009, ex altos cargos da Xunta e Caixanova crean o fondo de capital risco Netaccede, xestionado por un directivo que tamén provén de Deloitte. Feijóo cede a Netaccede o teléfono de cita previa do Sergas e o control das contratacións públicas, a través da plataforma electrónica Vortal Connecting Business. A Plataforma Vortal está constituída polas grandes empresas tecnológicas e de xestión de RRHH, que están especializadas en dispositivos electrónicos para o con-

trol presencial e a produtividade dos traballadores.

Vortal está participada por Microsoft e por Telefónica e Indra, empresas moi beneficiadas coa privatización do SERGAS, que actualmente xestionan a teleasistencia, a receita electrónica e a historia clínica electrónica. Agora serán arte e parte nas licitacións de servizos públicos.

A decisión máis recente da mesa de contratación da Xunta foi a adquisición de 10 aceleradores lineais para os hospitais galegos por 20 millóns de euros. A empresa agraciada é outra multinacional estadounidense, Varian Medical Systems (VAR), con sede en Silicon Valley (California) e

vinculada á multinacional farmacéutica Glaxo.

O primeiro acelerador instalárase no Hospital Público de Lugo (HULA) a pesar de que as empresas se negaran, dada a diminución conseguinte do negocio do centro privado que agora atende estes doentes, o Centro Oncolóxico de Galicia, pero Feijóo tivo que ceder pola presión da poboación e dos profesionais.

Os seguintes aceleradores lineais de financiación pública instaláranse en dous centros de xestión privada, o Centro Oncolóxico de Galicia en A Coruña e Galaria S.A. en Vigo. Desta forma o NHV, con máis de mil camas, quedará sen servizos esenciais de Alta Tecnoloxía, como xa quedou sen o laboratorio Central, adxudicado pola Xunta ao fondo de capital risco CVC Capio, por un custo temerario (38% inferior á media) trala resolución dun concurso de legalidade discutible, onde algunhas das empresas concursantes estaban vinculadas entre si.

A UTE do NHV está formada por Acciona e Bankia, e todos os hospitais e servizos sanitarios públicos que xestionaba Bankia pasaron a mans da aseguradora sanitaria estadounidense Centene Corporation, que probablemente tamén xestionará o NHV cando entre en funcionamento, a pesar dos seus preocupantes antecedentes, tanto en relación coa súa xestión como co trato dos seus asegurados.

O Grupo Centene está vinculado a Microsoft, Arthur Andersen e ao partido Republicano de EEUU. Na súa xunta directiva encóntrase Tommy George Thompson, ex secretario de sanidade de George Bush e presidente da rama sanitaria de Deloitte ata 2011. A súa campaña electoral foi fortemente financiada pola grande empresa tabaquera Philip Morris.

A compañía farmacéutica galega Zeltia está asociada á multinacional estadounidense Johnson & Johnson (Janssen). O seu medicamento estrela é Yondelis, que Zeltia comercializa en España e Europa e Janssen en EEUU. O fármaco antitumoral Yondelis está incluído na lista Prescrire de medicamentos nocivos.

Tamén os institutos biomédicos de investigación dos hospitais pú-

blicos do SERGAS están coxestionados polo xigante farmacéutico Johnson & Johnson/Janssen.

Ademais, o enorme desleixo do goberno galego na xestión da sanidade pública facilitou a xeralización dos conflitos de intereses e o incumprimento da lei de incompatibilidades, o que erosiona o SERGAS e merma a calidade da asistencia. Así, os presidentes do Consello Asesor da Conselleira de Sanidade, da fundación de Medicina Xenómica de Galicia, o da Asociación Española Contra o Cancro (AECC), propietaria maioritaria do Centro Oncolóxico, que ademais de realizar ensaios clínicos xestiona o registro do cancro dos doentes galegos, están vinculados á industria farmacéutica.

Fondos de investimento e multinacionais estadounidenses

O goberno galego traspasou a xestión da sanidade pública de Galiza a fondos de investimento e a multinacionais estadounidenses, que aterraron en Galiza da man do presidente Feijóo.

A sanidade de EEUU non é un bo modelo, xa que é a máis privatizada, a máis ineficiente e a máis inxusta, pero tamén é a que máis gasta, un 17% do PIB, case o dobre do gasto sanitario en España, o que supón un enorme nicho de negocio para as empresas privadas.

Estas empresas, ademais de inxentes beneficios económicos, conseguirán algo de enorme interese para a industria sanitaria, o control da investigación e dos datos xenéticos e de saúde da poboación galega, abrindo o camiño a un dos seus principais obxectivos, converter Galiza e outras rexións turísticas de España en referentes mundiais para o turismo sanitario de alto nivel, incluíndo os trasplantes de órganos e tecidos.

O futuro da sanidade pública está en grave perigo. Os partidos que se presentan ás eleccións deberán aclarar a súa política sanitaria e as súas alternativas para reverter a cesión ilexítima do noso sistema sanitario, que o tratado trasatlántico (TTIP) tratará de blindar. Non hai tempo que perder

Tomado de “La Tribuna”



■ Hospital do Meixoeiro

NIGRÁN

Persoas de toda España acoden ao Pazo Pías, en Nigrán, para formárense como terapeutas morfoanalistas

Trátase da duodécima promoción deste cadro terapéutico en España, e nela participarán, sobre todo, especia-

listas e profesionais da psicoloxía, a fisioterapia e a docencia. "É un método pensado para atender patoloxías corporais e

psicolóxicas", afirma Serge Peyrot, creador do cadro terapéutico e quen liderará o equipo responsable da formación.

GONDOMAR



BAIONA

Puskas em Baiona

Puskas é um artista das artes plásticas, oriundo de Monção, cuja vasta obra - aquarelas e óleos, sobre-

tudo - é conhecida na Galiza, onde, inclusive, já foi premiado. Desta vez, decidiu voltar a

mostrá-la em Baiona, no Pazo Mendonça. Ali está patente, pronta a ser visitada, até 15 de setembro



Soterramento do "Tanque de tormentas" de Gondomar

Finalmente soterrouse o polémico tanque de tormentas aberto por Augas de Galicia sobre o río Miñor na rúa Curros Enríquez, no centro de Gondomar.

Construído hai dous anos, fíxose co propósito de recoller e reter a auga da choiva para disminuír a posibilidade de inundacións cando a choiva fose moi intensa. A actual Corporación co seu alcalde á cabeza asistiu o aterramento levado a cabo coa loxística do concello, pala, desbrozadoras e operarios, baixo a vixilancia do capataz de obras. Francisco Ferreira declarou que

este é un tema que a cidadanía demandaba dende fai tempo; que o PSOE, dende a Oposición, traballou o tema mediante mocions e requerimentos porque o sitio non era o máis idóneo para por un tanque de tormentas e tiña que ser un espazo a conservar e para o lecer pero o anterior goberno non o considerou así".

Agora vaise transformar nun lugar de lecer con mesas, árbores e encamiñado ó ocio.

Como proposta para un tanque de tormentas o goberno propón se faga río abaixo donde non afectaría a vivendas próximas nin sería insalubre nin inseguro.



o remendón

Cerraxería  **24 HORAS**

vivenda - automóbil - chaves

Reparación de calzado

Tlf. 637 764 865
cerrajeroremendon.com
Rúa Rainha Dona Urraca, 20-baixo 3
Salvaterra de Miño

a peneira  **gal**

Financiación | Deportes | Política | Agenda | Opinión | Vigo | Pontevedra
Val Miñor | Baixo Miño | O Morrazo | Redondela | Salinas que

síguenos na rede
apeneiradixital.com

Copas

Avda. Galicia
PONTEAREAS

Guía gastronómica

Medallas de ouro para Adega Vella

Por: Jesús Losada



■ Xurxo Feijóo e Marisol, con amigos, en Bar Perico.

Esta empresa familiar está situada en Abeleda (A Teixeira) na provincia de Ourense. “Empezamos a traballar no ano 2005, contando coa herdanza dunha casa que data do século XII, case en ruínas e que pouco a pouco imos restaurando; todo en pedra e madeira, pero mantendo a estrutura da típica casa

de labregos. Traballamos cerca de 6 hectáreas, unhas propias



e outras en arrendamento, polo que primamos a calidade en

toda a nosa produción” di Xurxo Feijóo. “Realizamos o noso traballo artesanalmente, e elaborando os nosos viños con variedades autóctonas, mencía, brancellao, merenzao en tintos, e godello, treixadura, albariño e loureira, en brancos” asegura Marisol. “Os nosos viñedos, nas abas do río Sil, en escarpadas

pendentes, e bañadas polo sol, controlando a produción, achegan todo o esplendor das variedades autóctonas, dando lugar aos caldos que cada día están máis recoñecidos polo público,” afirma Marisol. Adega Vella recibiu varios premios e recoñecementos. Foi medalla de ouro no concurso de Aosta 2013 por o Mencía Adega Vella. Distinción Gallaecia 2013, por o Mencía 12 de Adega Vella. Adega Vella, Mencía 12, conseguiu o Acio de Bronce na XXV Cata de Viños de Galicia. Adega Vella 2012 Godello, foi 2º Premio na XIX Cata de Viños da Ribeira Sacra. En 2012 conseguiu “Distinguido Gallaecia” polo Baluce barrica 6 meses. Tamén foi “Distinguido Gallaecia” o Adega Vella 12 meses en barrica. Adega Vella Mencía acadou o 5º premio na Cata dos Vinos de Gali-

cia. No ano anterior, 2011, foi 3º premio da Ribeira Sacra en “Tintos do ano”. En 2010 foi medalla de ouro na XVIII edición do Certame Internacional de Viños de Montaña de Aosta (Italia).



III RUTA PINCHO FOLK

1,50 €*


TAPERÍA A CALUSTRA
 PIZZERÍA D' CAMILO
 TAPERÍA A ESFARRAPADA
 A TABERTENDA
 O RECUNCHO
 KEROSENE
 O PINCHO
 A DE COPI
 LA TAPITA
 PIRUCHO
 + Q PIZZA
 BAR CASELAS
 BAR CENTRAL
 LONDON BAR
 ENJOY COFFEE
 BODEGUILLA Z9
 GALEÓN PIRATA
 TAPERÍA OZORES
 CHARANGO CAFÉ
 CAFETERÍA ALTAMIRA
 CAFETERÍA EL PARQUE
 CAFETERÍA ARAGONTA

PREMIO Ó MELLOR PINCHO
PINCHO DE OURO
 Donado por
 acisa


HoGoMAR
 grupo de empresas

SOLAR
 DE
BECCUER


ALTOS




acisa.
 asociación
 de comerciantes
 y empresarios
 de Salceda


 Concello de
**Salceda
 de Caselas**

**TODOS OS VENRES E SÁBADOS DO 11 DE SETEMBRO
 Ó 3 DE OUTUBRO DE 20:00 H. A 24:00 H.**

* PINCHO A 1,50 EUROS CON CONSUMICIÓN MÍNIMA. PINCHOS ATA ESGOTAR EXISTENCIAS.
 PÓDENSE RECOLLER OS FOLLETOS INFORMATIVOS NOS ESTABLECEMENTOS PARTICIPANTES

Novas da Raia

SALVATERRA

FOTOS: Hernández

LVI Festa do Viño do Condado



A vila de Salvaterra celebrou un ano máis a xa tradicional Festa do Viño.

Miles de persoas dos arredores, de Portugal e do resto de Galicia e aínda fora dela, déronse cita nas terras de dona Urraca para saborear, beber e convidar

aos amigos aos excelentes viños que ali se presentaron.

Foi a Adega Señorío de Rubiós a que se levou a palma ao conquistar que lle premiaran catro dos oito viños premiados en total, premiados como Viños Deliciosos do Ano.

Na categoría de albariño com-

petían 30 viños; foron premiados catro viños da Adega Señorío de Rubiós, da Adega Pazo Pondal, de Liñar de Vides e da Adega Marqués de Vizhoja.

Na categoría de condados competían nove e foron premiados tres adegas: Piñeiral, Señorío de Rubiós e Adegas La Val. Dos

catro tintos que se presentaban resultou gañador San Nomedio, mención, da Adega de Rubiós. Antonio, responsable da adega trunfadora, nion cabía nos pantalóns; a cousa non era para menos.

Foron nomeados como Cofrades varias persoas, entre eles Jesús

Paz, presidente Mestre Supremo da Confradía dos Viños Rias Baixas.

Cando lle tocou o turno aos novos cofrades todos prometeron espallar as delicias dos viños do Condado (D. de O. Rias Baixas) alá por onde queira que foran.

O público ateigou toda a praza e libou litros de viño e viandas de todo tipo: carne de porco celta, mariscos variados, lampreia seca, tortilla, xamón,... todo servía para acompañar aos deliciosos viños do condado.

O alcalde, Arturo Grandal, queixouse de que a tasa de alcohol permitido fora tan baixa; cecais aínda non estaba enterado que xa non é de 0,25 senón que foi rebaixada a 0,15; noutros países, dixo o alcalde, hai unha maior permisión chegando nalgúns casos ata os 0.50 mg. por litro. Aínda así as 50.000 mil persoas que a Organización calculaba visitarían a Festa do Viño do Condado nos tres días, venres, sábado e domingo ata a noite, non tiveron en conta tales condicionantes. A verdade é que se a Garda Civil pon a funcionar os famosos aparatos de soplar non se salva nin a madre superiora. Pensó que tamén eles deberon libar e fixeron a vista gorda ese día.



Novas da Raia



Novas da Raia

SALVATERRA



I Andaina da senda do río Mendo e xantar popular da Quinta do Piñeiro

A Asociación Cultural Quinta do Piñeiro de Corzans, realizará o próximo domingo 13 de setembro, coa colaboración do Concello de Salvaterra de Miño, unha andaina guiada polo patrimonio histórico e etnográfico próximo á recentemente constituída, por parte do Concello, Senda do Río Mendo.

A visita contará coas explicacións dunha historiadora da zona, comezando o percorrido ás 10:00 horas na Quinta do Piñeiro, lugar onde todos os anos a asociación realiza a súa tradicional "sementeira".

Esta andaina ten como obxectivo dar a coñecer a foráneos e visitantes recunchos do Concello de Salvaterra, dun alto valor paisaxístico e histórico. Ofrecéndonos a posibilidade de visitar lugares como o espectacular Portal da Inquisición, o muíño da Ponte (un dos poucos que aínda se manteñen en funcionamento da contorna) ou o Pazo de Petán, un magnífico exemplo da arquitectura civil no século XVIII. Así como

outros elementos etnográficos, arquitectónicos e relixiosos das parroquias de Corzans, Fiolledo e Oleiros.

Por outra banda, as 14:00 horas os asistentes gozarán dunha comida campestre na área recreativa da "Ponte de Ferrón". Cuxo menú se comporá de entrantes, paella, sobremesa e viño da zona. Todo isto, nunha paisaxe fluvial singular e a prezos populares. Aínda que se o tempo non acompaña a comida terá que trasladarse a Casa cultural de Corzans.

Despois do xantar, tanto grandes como cativos poderán divertirse, participando en xogos populares como carreiras de sacos, campionato de debullado de espigas ou carreiras de relevos con cestas de xunco na cabeza.

O público que queira asistir tanto a andaina como a comida ten que anotarse mediante o facebook da asociación: Quintadopineiro Sementeira Corzans ou mediante os teléfonos 637 764 865 e 678 929 633

Cursos para formación de traballadores

O Concello de Salvaterra de Miño comunica o inicio dos próximos cursos formativos da Cámara de Comercio e o Concello de Salvaterra de Miño do segundo semestre de 2015

CURSO DE OPERADOR DE CARRETILLA ELEVADORA

Este curso ten como obxecto a formación dos traballadores atendendo as exigencias legais da Lei de Prevención de Riscos Laborais, informando e formando aos operarios de carretillas elevadoras no coñecemento dos diferentes tipos de equipos existentes e dos seus compoñentes principais, prestando especial atención aos compoñentes de seguridade, sensibilizando aos participantes dos riscos inherentes ao manexo da maquinaria en xeral, e en particular das carreteillas elevadoras. Ademais de realizar unha aproximación práctica ao manexo seguro das carretillas elevadoras, poñendo en práctica as técnicas seguras expostas na parte teórica, detectando e corrixindo os riscos principais do seu manexo. Este curso comezará o próximo 24 de agosto ás 9.00h, no salón de actos da Casa de Cultura de Salvaterra.

CURSO DE CAIXEIRO - REPOÑEDOR DE SUPERMERCADO

Este curso ten como obxectivos dotar aos asistentes dos coñecementos necesarios para desenvolver as funcións de reposición de mercancía de forma adecuada e cobro en caixa mediante diversos sistemas de forma eficaz e cun trato adecuado ao cliente. Dentro do contido do propio curso tratarase diversos temas como: Sector da distribución comercial, liña de caixas, os artigos, a variedade comercial, categoría de produtos e a norma 20/80, o merchandising, a reposición, tipos de compra, a implantación dos produtos no establecemento, atención ao cliente, inventarios e o seu control e a seguridade e hixiene no punto de venta e no almacén. Este curso comeza o martes 25 no Salón de actos da Casa de de Cultura de Salvaterra.

III Serán de Alxén

Por terceiro ano consecutivo, celébrase en Alxén, Salvaterra de Miño, un serán con moita aceptación nos arredores. A data establecida é sempre o segundo sábado do mes de setembro, que este ano cadra o día 12.

Neste serán colabora toda a parroquia aportando comida e bebida. Os veciños e veciñas acoden ao serán cunha torta, uns chourizos, uns ovos cocidos e viño, que doan de balde e que logo serán repartidos,

tamén de balde, entre todos os asistentes ao longo da tarde noite. Os veciños que teñen algún tipo de negocio aportan un agasallo dos que se fan sorteos.

Este evento está organizado pola Asociación Cultural e Folclórica Os do Eido de Alxén, que conta cun grupo de baile, unha banda de gaitas e un grupo de pandereiteiras e cantareiras que, por suposto, van actuar no serán abrindo e pechando as actuacións."



SALVATERRA

Fotos: Hernández

XIII Festival Internacional de Karaoke

O Festival Internacional de Karaoke 2015 pechouse coa vitoria de Almudena Lamora Cancelo.



Nesta edición 31 concursantes pasaron por riba de este escenario, deixándonos versións inesquecibles, unhas voces maravillosas... e sobre desfrutaron e fixéronos desfrutar coa música e as can-

cións que escolleron para dar o mellor de si nesta edición do Karaoke 2015. Cun resultado moi axustado e pódollos moi difícil ao xurado, este ano a clasificación quedou da seguinte maneira

- 1ª ALMUDENA LAMORA CANCELO de Ponteareas
- 2º CLAUDIO ENRIQUE GONZÁLEZ de Monção
- 3º GLORIA PÉREZ FERNÁNDEZ de Salvaterra de Miño



■ Almudena Lamora



■ Claudio Enrique



■ Gloria Pérez



Condado

Mondariz nomeou Fillo Predilecto ao músico José Bautista Mariño Outerelo

A iniciativa, presentada polas asociacións Búrbida, Xabriña, Castromao e de Maiores, foi aprobada por unanimidade do pleno da Corporación

- músico José Bautista Mariño Outerelo, é persoa moi querida en Mondariz, fundador da popular Orquestra Mariño e profesor de música de varias xeracións de mondarizanos. O acto de entrega deste galardón celebrouse o pasado día 30 de agosto na Praza da Vila, coa presenza dos seus familiares, membros dos grupos musicais por el organizados e dirixidos, polo actual alcalde e o alcalde anterior, concelleiros e a praza ateigada e veciños e amigos de Mondariz e arredores que quixeron, coa súa presenza, render homenaxe a súa admiración e simpatía ao músico mondarizano.

ción e simpatía ao músico mondarizano.

José Bautista Mariño Outerelo é un dos veciños de Mondariz máis populares, queridos e distinguidos pola súa personalidade aberta e cordial, pero fundamentalmente é apreciado en atención á súa traxectoria musical á fronte da coñecida Orquestra Mariño, agrupación que dirixiu en distintas etapas desde 1956 ata a actualidade. Segundo os datos compilados por Chiqui Bernardez e Alberte Rebores, o músico de Mondariz Bautista Mariño Outerelo, nacido o 21 de novembro de 1927, tocou durante a súa vida distintos instrumentos: frauta, acordeón, órgano e batería. Con 13 anos trasládase a Meaño, onde estuda solfexo, espartando aquí a súa inclinación pola frauta traveseira. Aos 20 anos, de volta a Mondariz, ingresa na Banda de Música que dirixe Ca-

siano Paredes. Foi músico do mestre Rovira en Huesca, coincidindo cos 15 meses nos que realizou o servizo militar. Máis tarde, xa na Banda Municipal de Pontearreas, actúa baixo a batuta de Julián Doallo, Jesús Montero e o mítico Rogelio Groba.

Dirixiu o coro "Sta Baia", así como o grupo folclórico de gaitas de Mondariz. É nomeado presidente da Banda de Música Cultural de Mondariz, onde exerceu como mestre de solfexo, trombón de varas e frauta. Tal e como afirman os "cronistas oficiosos de Mondariz", "Mariño ou Farruco, deu clases de música a un incontable número de persoas da zona de Mondariz, e foi durante décadas, referencia obrigada a quen acudir en cuestións musicais". Aos seus 88 anos segue aínda en activo como profesor de música, músico



profesional e albanel ocasional.

- Agrupacións das que formou parte:

- Banda de Música de Mondariz Balneario (1947)- Banda de Música Militar de Cazadores de Montaña nº 4 de Jaca (1953)- Orquestra Venus (1954)- Banda de Música de Pontearreas (1957) -Orquestra Mariño (director e fundador; 1956-ata a actualidade de forma interrumpida)
- Coro Sta Baia de Mondariz (fundador e organista; 1978-80)-Grupo Acordes (1984)- Grupo Amanecer (director; 1985)-Grupo Noroeste (1990 ata a actualidade)

- Do seu repertorio as cancións que causaban furor no público eran "Caballito bandolero" e "Mira la Orquesta Mariño", fabulosa versión do popular "Mira las ondas marinas".

- Actuacións: todo Mondariz e a

comarca do Condado, Vigo, Ourense e incluso Asturias e Porto (Portugal). A orquestra trasladábase na "Rubia" e na "Morena", dúas camionetas de 9 e 5 prazas respectivamente. Nelas viaxaban os músicos cos seus instrumentos, e unha humilde amplificación de 60 W composta por dous únicos micros! marca "shure" (moi utilizados na radio daquel entón) e un par de altosfalantes.

No ano 2005, vinte e un anos despois da súa disolución, a AAVV Xabriña organizou unha exposición e unha homenaxe á orquestra da que foi fundador Bautista Mariño, unha ocasión que tamén serviu para que TVE gravase e emitise un documental sobre esta agrupación musical, ao tempo que gravou en directo no auditorio do Centro Social o seu único CD, patrocinado pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia. Aquela homenaxe serviu para que a orquestra iniciase unha nova etapa que continúa ata a actualidade.

COMERCIAL

Zona preferente de traballo: Val Miñor, Vigo, Louriña e Alto Miño portugués.

Mandar curriculum a redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Coche propio, experiencia en vendas e disponibilidad horaria.

Condicións económicas inmejorables, con posibilidades de crecer dentro da empresa.

Condado

Alternativa por Mondariz e PSdG-PSOE asinan un pacto de goberno para todo o mandato baseado en 16 medidas Lealdade, traballo en común e reciprocidade son os principios do acordo

Xoán Carlos Montes Bugarín, alcalde e portavoz de AporM no concello de Mondariz, e Marina Alfaro Espiñeira portavoz do PSOE, asinaron onte xoves un documento público que recolle as 16 medidas que se comprometen a desenvolver durante os vindeiros catro anos á fronte do goberno municipal de Mondariz. Mónica Peralba (AporM) ostentará a primeira tenencia de alcaldía, mentres que a portavoz socialista, que non percibirá ningún tipo de retribución polo cargo, pasa a ser a segunda tenente de alcalde.

O pacto asinado onte garante “un goberno municipal estable e unido que ten como obxectivo principal dar resposta ás necesidades dos/as seus cidadáns, traballar polo seu benestar e conseguir que Mondariz sexa o referente para vivir e gozar do noso contorno”.

Acórdase a creación dunha Xunta de Goberno Local, órgano colexiado de goberno conformado polo alcalde e 3 concelleiro/as, 2 de AporM e a edil do partido socialista, no que o alcalde poderá delegar as competencias recollidas no art. 21 da Lei de Bases de Réxime Local.

AporM e o PSdG-PSOE de Mondariz apostan porque a Xunta de Goberno Local poida delegar en cada un dos cinco concelleiro/as electos iniciativas e proxectos concretos (obras de todo tipo, o PXOM, axudas sociais p.e.), de forma que o goberno municipal



sexa un bloque sólido conformado por distintas forzas políticas. Ambas formacións cren que “esta fórmula permite conformar un goberno municipal forte evitando depar-

tamentos de goberno estancos e illados, sen coordinación, que noutros momentos impediron que a veciñanza os visualizase como un goberno unido”.

O goberno municipal de Pontearreas presume de legalidade e transparencia sáltase esta como lle peta

O Goberno municipal utiliza os medios de comunicación para difamar e mentir, afirmando que o Partido Popular tentou impedir a aprobación da Conta Xeral do ano 2014

O portavoz do González Solla, afirma rotundamente que isto non é así. O PP non votou en contra das contas; o que fixo foi erguerse da mesa porque lle esixe ao goberno local que respeten e cumpran coa Lei, xa que para a aprobación dunha conta Xeral é necesaria a celebración dunha comisión Informativa na que se dictamina a mesma, e debe deixarlles a “todos” os grupos da Corporación que accedan e estudien os datos da conta, cando menos durante 15 días hábiles”.

O executivo local esqueceuse de presentar as contas do ano 2014, correndo o risco de perder as subvencións que recibe o Concello; inclusive que lles reteñan o 100% dos ingresos que reciben do Estado (PIE).

Belén Villar Concelleira de facenda no goberno anterior afirma que “antes de saír do goberno deixáronse preparadas as contas do ano 2014, e agora tres meses despois, como están fora de prazo para envialas ao Consello de Contas, amais de culpabilizar o PP, pretenden esquecerse dos prazos que marca a Lei para a tramitación dunha conta, os que tanto pregonan de cumprimento con rigor da Lei e Ordenanzas”.

O PP non está en contra das Contas do 2014, porque son resultantes da xestión do goberno anterior; o que sí esiximos é que se cumpra coa Lei; existe un trámite regulado na Lei da Administración Local Galega para tramitar e aprobar as Contas municipais; o PP esixirá é que este trámite se cumpra e respete.

É increíble que ningún dos outros grupos

políticos da Corporación, tanto os do goberno, BNG, PSOE e ART, como os da Oposición, IU e ACIP, non protesten. O alcalde está usurpándolles o seu dereito a coñecer unas contas que teñen que votar, e que dudamos que coñezan. Aínda é mais sorprendente que o Sr. Represas (BNG) xustifique o incumprimento da Lei polo “interés xeral do concello”; neste momento parece que como é goberno ten a responsabilidade de facelo; cando era oposición, obrigou ao goberno do PP en dúas ocasións a retrasar a mesma comisión informativa, tanto das contas do ano 2011 como as do ano 2012, por non haberlles dado o prazo que marca a Lei para consulta. Tamén naquel momento era prioritario e de interés xeral a súa aprobación.

Consolidación da Ponte da Fillaboa, en Salvaterra

O conselleiro de Cultura Román Rodríguez, visitou hoxe a ponte de Fillaboa, en Salvaterra de Miño, na que o seu departamento está a executar diversas obras de consolidación e restauración por un importe de algo máis de 87.000 euros.

A erosión derivada das fortes correntes do río provocaron nos últimos anos unha serie de patoloxías na cimentación dos apoios dos arcos -especialmente no número dous-, e gretas nas bóvedas número dous e tres. Todo elo fai necesario a intervención urxente sobre a ponte para garantir a estabilidade estrutural da mesma.

A Ponte de Fillaboa é unha construción de cantaría de granito sobre o río Tea que daba servizo ao antigo camiño que unía Tui e o porto de Baiona, de intensa actividade comercial na época medieval. Datada por tanto na Idade Media, ten 75 metros de lonxitude e está composta de catro bóvedas apuntadas.



Comeza o programa “Conecta co Basket” en Pontearreas

O pavillón Álvaro Pino acollerá seis sesións gratuítas ao longo do mes de setembro nas que os nenos e nenas da vila, maiores de 6 anos, poderán iniciarse no deporte da canastra.

O Club Baloncesto Condado, en colaboración coa concellería de Deportes xestionada por Benito Márquez e coa Federación Galega de Baloncesto, organiza o programa gratuito “Conecta co Basket”, co que se tenta dar a coñecer entre os cativos e as cativas da vila a práctica do deporte da canastra.

Os días 1, 3, 8, 11, 15 e 17 de setembro, o pavillón Álvaro Pino acollerá sesións de iniciación a esta modalidade deportiva nas que os nenos maiores de 6 anos poderán aprender os conceptos básicos do baloncesto. Os adestramentos comezarán ás 16:00 horas e rematarán ás 18:30 horas.

As xornadas son completamente gratuítas e a inscrición dos rapaces e das rapazas pódese realizar antes do inicio da propia actividade. Este rexistro servirá tamén para que os preparadores apunten a evolución dos propios nenos, tanto no apartado físico como no técnico.

Guía gastronómica

Bodeguilla Z9

Apostando pola calidade e o servizo desde 1994

A Bodeguilla Z9, abriu as súas portas en Salceda no ano 1994. Apostando desde o primeiro momento por ofertar coma especialidades embutidos de Salamanca e viños de

calidade os callos que están á disposición da nosa clientela todos os Mercores e Domingos. Situada na praza do concello somos un dos puntos de reunión habituais en Salceda. Temos ho-

“temos coma especialidade os callos que están á disposición da nosa clientela todos os Mercores e Domingos”

diferentes denominacións. Atendendo a tradición Salcedense tamén temos coma espe-

rio de apertura todos os días de 10:00 da mañá a peche, sendo o luns o noso día de descanso.



XXIII Festa dos Callos “afrodisíacos” de Salceda de Caselas

O domingo 6 de setembro, Salceda de Caselas vivirá unha nova edición da Festa dos Callos, a vixésimo terceira, organizada pola Concellaría de Cultura do Concello de Salceda coa colaboración de Frigolouro, do Grupo Coren, na que as previsións apuntan a que se despacharán máis de 20.000 racións de callos ao longo de todo o día, previsións que sempre se quedan curtas e que dan unha boa visión da magnitude da festa.

O alcalde de Salceda de Caselas, Marcos Besada presentou onte, na Praza do Concello de Salceda, o programa da XXIII Festa dos Callos de Salceda que se desenvolverá os días 4, 5 e 6 de setembro, nun acto no que estaba acompañado das concelleiras de Cultura e Festexos, Tere Pérez, e Turismo, Loli Castiñeira, ademais de representantes de Frigolouro e da adega “Regina Viarum”, que van ser os encargados da elaboración dos Callos e de subministrar o viño tinto da D.O. Ribeira Sacra, respectivamente.

Dende as dúas da mañanciña do domingo comezarán a cociñarse todos os ingredientes para poder servir, xa dende as 9:30 horas, as primeiras desas 20.000 racións de callos que a organización ten pensado despachar ao longo de todo o día e para as que será preciso contar con 1.800 quilos de ventre, 950 quilos de pata de tenreira, 2.300 quilos de garavanzos

350 quilos de chourizo e 400 quilos de lacón.

O prezo das racións, serán de 8 euros e inclúen amais o pan, o viño -un mención Vía Imperial excelente, segundo se puido comprobar hoxe na presentación da festa- o prato e a taza conmemorativos da Festa.

Pero o programa dunha festa que ten vinte tres anos de historia ás súas costas, non se pode cingir a un só día, así que o Concello de Salceda artellou un programa de actividades que comeza xa o venres 4 da man da Asociación “Made in Salceda” co VI Hip-Hop Salceda, un vistoso festival adicado á cultura urbana, que cada ano consegue atraer visitas de milleiros de mozos e mozas.

O sábado 5, ás catro e media da tarde, dará comezo unha actividade innovadora para esta edición da Festa dos Callos, como é o Primeiro Rastrexo Diurno “Festa dos Callos” con saída dende a Praza do Concello. Ás 21:00 horas, terá lugar a actuación de Roberto Oliveira, un percussionista tremendamente querido no municipio, formado na Banda de Música Cultural de Salceda e que logo percorreu medio mundo tocando coas mellores orquestras.

A xornada do sábado rematará co IX Serán dos Callos que se desenvolverá na Praza do Concello, no que poderán participar os grupos de gaiteros/as, pandeireteiros... que po desexen.



■ De esquerda á dereita Iago González, como representante da adega Regina Viari, da Ribeira Sacra; Manuel Gómez-Franqueira Otero, en nome de Frigolouro, alcalde de Salceda, Marcos Besada; Teresa, Concelleira de Cultura (responsable da organización) e Alejandro, responsable da preparación dos callos.

O domingo 6, celebración da festa dos callos propiamente dita, ás 9:30 horas abríranse as taquillas e comezará o despacho de racións de callos. As 11:00 horas, o grupo de gaitas “Os de Agüín” porán a nota musical a mañá á espera do pregón das festas que terá lugar ás 12:00 horas e que correrá a cargo da actriz galega Isabel Risco.

Cara ás 13:00 horas, o grupo folclórico de Castro Barreiro actuará na praza de abastos e porá fin ao programa da mañá.

Pola tarde, ás 18:30 horas e con

saída da Praza do Concello terá lugar a Primeira Andaina Festa dos Callos, que terá un percorrido aproximado de 7 quilómetros.

As 20:00 horas, a pregoeira Isabel Risco actuará no Auditorio Municipal nun espectáculo titulado “Nabiza Girl” para o que haberá venda anticipada de entradas na Casa da Cultura.

A XXIII Festa dos Callos a pechará a actuación do Trío Nostalgias na Praza do Concello.

Doutra banda, cabe salientar que haberá unha serie de actividades para-

lelas, interesantes todas elas, como a II Feira de Agricultura Ecolóxica e Artesanía, que se desenvolve na Praza de Abastos; un mercado de oportunidades organizado por ACISA na Rúa Joaquín Fernández Sestelo, unha exposición de máis de 1600 campañas no Auditorio Municipal e unha non menos interesante exposición de traballos de Patchwork, costura creativa e pintura en tela no Centro Social A Devesa, onde poderemos tamén admirar os traballos feitos dende a Asociación de Mulleres Rurais de Salceda.

Salceda de Caselas incorpórase ao proxecto depoGAP, Xestión de Activos da Provincia de Pontevedra

O Concello de Salceda de Caselas ven de asinar un convenio de colaboración coa Deputación de Pontevedra para que o proxecto depoGAP teña cabida nesta localidade. Trátase dun novo modelo de xestión municipal, que implica unha maior participación cidadá e constitúe o primeiro paso para que Pontevedra se converta nunha smart provincia.

Con este proxecto realízase un inventario de tódolos activos municipais, que comprenden edificios públicos, instalacións deportivas, alumeados ou viais, entre outros. Toda esta información alóxase nunha plataforma tecnolóxica onde os bens están xeolocalizados sobre o terreo. Isto posibilita contar con información actualizada para así

poder realizar un mellor seguimento e mantemento dos activos, mellorando a súa xestión e facilitado a toma de decisións.

Outra das liñas de actuación de depoGAP en Salceda é a obtención do certificado enerxético en catro edificios emblemáticos do Concello. Estas actuacións son necesarias para asegurar o cumprimento do Real Decreto 235/2013 do 5 de xuño.

Ademais, ponse en marcha unha proba piloto para optimizar o consumo enerxético na Casa Consistorial. A través de equipos de sensorización e telexestión realízase a análise do consumo enerxético no edificio. Estas intervencións en materia de eficiencia enerxética serven coma probas piloto para facer futuras



actuacións extensibles a outros edificios e a outros municipios. Son a base para implantar un novo modelo na provincia de Pontevedra baseado na sosteñibilidade enerxética.

Dentro da concepción deste innovador sistema de xestión, a implicación cidadá é tamén fundamental. Os veciños e veciñas poden reportar incidencias directamente, por exemplo, a través dunha aplicación móbil.

O proxecto depoGAP está promovido pola Deputación de Pontevedra e cofi-

nanciado nun 70% a través de fondos europeos FEDER. Para o Concello non implica custe económico ningún.

Jose Luis González, Concelleiro de Réxime Interior e Facenda: “estamos ante un programa fundamental para Salceda, pois a implantación deste proxecto supón un importante aforro para o Concello, tanto en materia enerxética como nos custos derivados dunha xestión máis eficiente dos activos, e todo isto con un custe cero para as arcas municipais”.

Salceda



COLABORAN:

TAPERIA A CALUSTRA
PIZZERIA D' CAMILO
TAPERIA A ESFARRAPADA
A TABERTENDA
O RECUNCHO
KEROSENE
O PINCHO
LA TAPITA
+ Q PIZZA
BAR CASELAS
BAR CENTRAL
LONDON BAR
ENJOY COFFEE
TAPERIA OZORES
CHARANGO CAFE
CAFETERIA ALTAMIRA
CAFETERIA EL PARQUE
BODEGUILLA 29
GALLÓN PIRATA
PIRUCHO
CAFETERIA ARAGONTA
A DE COMI

ORGANIZA:



**III RUTA
PINCHO
FOLK**





TODOS OS VENRES E SÁBADOS DO 11 DE SETEMBRO
O 3 DE OUTUBRO DE 20:00 H. A 24:00 H.

RUTA DOS VENRES

- BODEGUILLA 29
- BAR CASELAS
- A CALUSTRA
- CAFETERIA ALTAMIRA
- A TABERTENDA
- ENJOY COFFEE
- + QUE PIZZA
- PIZZERIA D' CAMILO
- BAR CENTRAL
- TAPERIA OZORES
- A ESFARRAPADA

PLANO DOS LOCAIS PARTICIPANTES





PINCHOS A 1,30 EUROS

RUTA DOS SÁBADOS

- O PINCHO
- GALLÓN PIRATA
- O RECUNCHO
- LA TAPITA
- KEROSENE
- CAFETERIA EL PARQUE
- CHARANGO
- LONDON BAR
- PIRUCHO
- CAFETERIA ARAGONTA
- A DE COMI

NOITE DE HOTEL PARA DUAS PESSOAS CON CEA, PERCORRIDO E VISITA A AZEITA REGIÑA VARIILIA
VILE PARA DUAS PESSOAS NO TALASO ATLÁNTICO MÁIS UNHA COMIDA CON VIÑO HGA
LOTE DE PRODUCTOS VIÑO+PALETA BÉRICA
MAGNUM DE VIÑO PARA OS PRIMEIROS EN COMPLETAR A RUTA
SORTEO FINAL DE PREMIOS NOS ESTABLECEMENTOS PARTICIPANTES POR A TUA TARXETA NOS MESMOS ESTABLECEMENTOS
* PINCHO A 1,30 EUROS CON CONSUMIÇÃO MÍNIMA. PINCHO+VIÑO 3,30 EUROS. PINCHOS ATÁ ESCOTAR EXISTENCIA.

Salceda - Ponteareas

Movemento Salceda lamenta a alianza de PP e PSOE para entorpecer o traballo municipal

O Equipo de Goberno de Salceda de Caselas (Movemento Salceda) lamenta a actitude amosada por PP e PSOE no Pleno extraordinario celebrado esta mañá, cando alegando un suposto fallo administrativo que foi aclarado polo Interventor e o Secretario Municipal no mesmo Pleno, forzaron a supresión do punto relativo a un Recoñecemento Extra-xudicial de Crédito que iba permitir cobrar a case un centenar de provedores, entre eles varios servizos contratados pola anterior Concelleira socialista, Marina Caba-leiro, que agora terán que esperar cando menos ata o vindeiro Pleno para poder

continuar coa tramitación das súas factu-ras. Lembran dende Movemento Salceda que as Comisións Informativas que se celebran antes dos Plenos, ás que acuden PP e PSOE percibindo as correspondentes retribu-cións por elo, son precisamente para aclara-r dúbidas e presentar as correspondentes matizacións, para chegar así ao Pleno cos temas xa traballados. “Non é de recibo estar cobrando por asistir a unha Comisión Informativa na que non se amosa ningún tipo de dúbida sobre o tema e logo plan-textalas no Pleno. Para iso están as Comi-sións, e para iso os representantes de PP

e PSOE cobraron por asistir a ela”, denun-cian dende o Equipo de Goberno de Move-mento Salceda.

O caso faise máis esperpéntico, se cabe, tendo en conta que as mesmas Concellei-ras do PSOE se alían ao PP deixando así sen cobrar a moitos provedores que rea-lizaron os seus traballos para as áreas que dirixía a Concelleira socialista na an-terior lexislatura. O Recoñecemento Extra-xudicial de Crédito ten como obxectivo dotar de crédito as facturas pendentes de 2014, que agora terán que esperar ata a vindeira ocasión en que se presente o punto nun Pleno.

Jose Luis González, Concelleiro de Fa-cenda: “lamentamos profundamente a ac-titude irresponsable do PP e do PSOE, que ignorando as explicacións ofrecidas polo Secretario e o Interventor Municipal, pre-firen impoñer os seus criterios deixando así pendentes de cobro a moitos provee-dores”

Marcos Besada, Alcalde de Salceda: “PP e PSOE veñen de demostrar, unha vez máis, que para eles a prioridade será entorpecer o traballo do Goberno Municipal, sen im-portarlles que os perxudicados sexan, como neste caso, os provedores que viven do seu traballo”.

Os nenos e as nenas do Campus Tea coñeceron a importancia dos produtos do mar

Trátase dunha iniciativa promovida pola Consellería do Medio Rural e do Mar e pensada para aqueles concellos que organicen campamentos urbanos. O nome da campaña é “O sabor da aventura

está no mar” e permitiu familiarizar aos ca-tivos co consumo deste tipo de alimentos. Cristina Fernández, concelleira de Ensino, acompañou aos rapaces no desenvolvemento desta actividade.



Chega a sétima edición do torneo popular de tenis “Concello de Ponteareas”



A presentación oficial tivo lugar nos Xardíns da Xiraldá e contou coa presenza do concelleiro de Deportes, Benito Márquez. A data límite para inscribirse no campio-

nato organizado polo Club Tenis Ponteareas será o vindeiro 1 de setembro. A competición celebrarase nas pistas da Freixa e Reiro entre os días 5 e 20 de setembro.

Os rapaces e as rapazas da Ludoteca subiron á piragua

A Ludoteca Municipal de Ponteareas desenvolveu esta actividade deportiva dentro do programa organizado dende a concellería de Benestar Social xestionada por Verónica Carrera.

O río Tea foi o escenario escollido para que os rapaces manexaran piraguas individuais e dobres, posibilitando que asumiran as virtudes do

traballo en equipo. A actividade durou máis de dúas horas e rematou cunha xornada de sendeirismo polo contorno do río Aboal.



Ponteareas

Ponteareas un ano máis presente en Carrión de los Condes, na XXV Feira de Turismo e Artesanía do Camiño de Santiago



■ Alfombra en Carrión de los Condes 2015

Durante o sábado, día 8 de agosto e o domingo, día 9, os visitantes da XXV Feira de Turismo e Artesanía do Camiño de Santiago, que se levou a cabo en Carrión de los Condes, Palencia, puideron coñecer de primeira man a vila de Ponteareas, o seu patrimonio e o seu maior reclamo turístico que é o Corpus Christi. Por quinto ano consecutivo, o Concello de Ponteareas estivo presente cun expositor propio convidado polo concello de Carrión de los Condes, para impulsar o turismo no Camiño de Santiago. Nesta caseta ademais de ofertar material turístico de Ponteareas e do Corpus, proxectáronse vídeos do Corpus 2015 e imaxes de alfombras de distintos anos e dos distintos

atractivos turísticos da Vila do Tea. Contou este ano tamén o expositor cunha mostra de artesanía procedente do Centro de Recuperación de Cultura Popular do Castelo de Sobroso. Carrión de los Condes honrou a Ponteareas cunha distinción coa que se quixo premiar o esforzo e fidelidade en asistir ano tras ano a esta feira de promoción do turismo e da artesanía, na que Ponteareas participa desde hai cinco anos, ofrecéndolle aos visitantes información turística, significando un gran escaparate da cultura e patrimonio turístico de Ponteareas e, en especial do Corpus Christi.

Os alfombristas do tramo da Fonte do Baratillo confeccionaron unha vistosa alfombra flo-

ral, participando na Mostra de Alfombras de Arte Efémere. A mostra de arte efémere de Ponteareas, diante da Casa do Concello de Carrión de los Condes, tras a elaborada pola vila anfitroia, marabillou e asombrou aos asistentes á feira.

A representación ponteareá ofreceu a degustación dunha das exquisiteces gastronómicas da vila como son as rosquillas de Ponteareas, cedidas graciosamente por Confeitería Regino e Ancla. A concelleira de Cultura e Turismo, Hortensia Bautista, quere agradecer publicamente o esforzo da delegación de alfombristas, así como a colaboración das confeitías Ancla e Regino e do Centro de Recuperación de Cultura Popular do Castelo de Sobroso.

O goberno actual pretende chegar ao 40% da reciclaxe

Recompensou aos usuarios coa entrega de agasallos dentro da campaña "Ponteareas máis limpa"

En colaboración coa empresa concesionaria do servizo de limpeza FCC, iniciou no mes de xullo unha campaña de concienciación ambiental dos ponteareáns para "lograr que Ponteareas sexa un exemplo de reciclaxe e xestión de residuos."

Diferentes actividades de información e de concienciación a través dun stand situado na praza de Bugallal durante 15 días para informar máis a fondo sobre a clasificación dos residuos, a compostaxe, ou a composición actual do lixo que vai no colector convencional e que non se deposita correctamente nos de recollida selectiva.

Ademais, os usuarios tamén achegaron o seu lixo clasificado ata os colectores dispostos alí, para participar nun sorteo, cun total de 221 participantes, os cales foron agasallados o pasado venres, 24 deles, mediante un

sorteo realizado as 12:00 horas na propia praza, entregándolles un total de 12 cubos de reciclaxe e 12 composteiros. Tamén foron entregados de xeito directo, e gratuito, 450 ecocubos coa fin de facilitar a clasificación do lixo nos domicilios.

Visitáronse 333 establecementos comerciais e 87 establecementos hostaleiros, onde se entregaron comunicacións sobre o labor importante que desenvolve o sector neste aspecto, lembrándolles os servizos que o concello ten ao seu dispor e agradecéndolles a súa colaboración.

Tamén se distribuíu nas vivendas de Ponteareas, tanto do casco urbano como das parroquias, información sobre composición do lixo que actualmente se deposita no colector verde convencional, sobre os posibles usos da materia orgánica mediante compostaxe e información sobre o Punto Limpo Municipal.



Ponteareas homenaxeou a Alexandre Bóveda

O Concello de Ponteareas homenaxeou a Alexandre Bóveda este domingo, día 16 de agosto, mediante un acto institucional que tivo lugar ás 12:00 horas no Salón de Sesións da Casa do Concello, contando coa presenza da filla e neta do homenaxeado, Amalia Bóveda Álvarez e Raquel García Bóveda.

Neste acto proxectouse un breve documental e tivo lugar un coloquio sobre a

figura de Bóveda. Ao remate, levouse a cabo unha ofrenda floral na rúa dedicada ao homenaxeado para, de seguido, ter lugar un pasacalle a cargo do grupo de gaitas "Pedra da Garza" de Fozara.

O día 17 de agosto conmemórase o "Día da Galiza Mártir", data na que Alexandre Bóveda foi asasinado en 1936. Co gallo desta data, o Concello de Ponteareas celebrou este acto en homenaxe á figura deste nacionalista galego.



Esquerda Unida non comparte a decisión do goberno de continuar coa privatización da limpeza dos centros de ensino público

O goberno municipal de Ponteareas pretende manter privatizado o servizo dous anos máis



O Goberno Municipal de Ponteareas, composto por BNG, PSOE e ARDT, acordou continuar coa privatización do servizo de limpeza dos colexios Nosa Señora dos Remedios e Fermín Bouza Brey iniciada polo anterior goberno do PP. O novo contrato, que está en proceso de adjudicación, terá un custe de 10.679 euros ao mes e corresponderá aos cursos escolares 2015-2016 e 2016-2017 e o seu importe total será de 176.512, 40 euros. A xestión directa dos servizos municipais, debería ser un dos obxectivos de partidos que como o BNG, o PSOE ou ARDT, autodenomínanse de esquerdas. Mais esta non parece ser a intención destes partidos, xa que non satisfaitos con ampliar a externalización do servizo

un ano máis -o que poderíamos chegar a entender por dificultades organizativas- estenden o contrato a dous anos.

Dende Esquerda Unida, lamentamos esta decisión do goberno municipal de Ponteareas, á que nos opoñemos totalmente. A tarefa de limpeza destes colexios, podería ser perfectamente asumida e realizada por persoal municipal sen necesidade de gastar cartos do concello para pagarlle os beneficios a unha empresa privada. Non é coherente manter durante anos, como levan feito tanto o BNG coma o PSOE, a crítica ao goberno anterior de que o persoal do concello estaba sobredimensionado, e ao mesmo tempo, non utilizar este persoal municipal para realizar esta tarefa.



■ Vanesa e Mario

Ponteareas retirará os postos de venda ambulante que non cumpran a normativa

O Concello de Ponteareas, a través da concellería de Comercio xestionada por Mario Lago e coa colaboración da concellería de Seguridade Cidadá dirixida por Vanesa Fernández, vixiará dende o vindeiro sábado, 22 de agosto, que todos os postos de venda ambulante cumpran coa ordenanza municipal vixente.

O goberno local, ademais de non permitir a instalación daquelas tendas que carezan do permiso municipal pertinente, será tamén inflexible con aqueles postos que, dispoñendo de licenza, non sexan xestionados por algunha das persoas especificadas na propia licenza a tal efecto. Neste senso, a concellería de Comercio permite que existan dúas persoas por cada posto habilitadas para dirixilo, unha titular e unha suplente.

No caso de que ningunha destas dúas persoas estea presente no seu posto correspondente, a Policía Local de Ponteareas obrigará a retirar esa instalación. Unha semana máis tarde, ese hipotético posto poderá ser instalado de novo, sempre e cando conte coa presenza

dunha das dúas persoas especificadas no permiso municipal que lle dá dereito a exercer a venda ambulante no concello.

Outra das medidas que a concellería de Comercio quere aplicar, e que tamén está recollida na ordenanza municipal, está relacionada coa obriga de recoller todo material utilizado para instalar a tenda na vía pública. Nos próximos días, os vendedores ambulantes recibirán unha notificación na que se avisará da intención por parte deste executivo de que esta premisa se cumpra, de xeito que a rúa quede completamente limpa unha vez remate a feira e o resto dos veciños e das veciñas da vila non se vexan prexudicados.

Por último, e pensando máis no medio prazo, a concellería e Comercio e a concellería de Cultura, esta última xestionada por Hortensia Bautista, teñen a intención de colaborar para que a tradicional feira dos sábados estea acompañada de actuacións musicais na propia rúa que axuden a facer máis atractivo o mercado ambulante da vila.

A novena Feira Tradicional dos Remedios abrirá oficialmente as Festas de Setembro

A novena Feira Tradicional dos Remedios abrirá a cortina das Festas de Setembro do ano 2015. Trátase dunha cita xa consolidada na programación das festas e que pretende trasladar ás rúas Oriente e Esperanza, situadas no casco urbano de Ponteareas, a coxerzas do século XX. Un total de 22 artesáns serán os encargados de facer demostracións de diversos oficios na rúa durante toda a xornada do sábado, 5 de setembro, a partir das 10:30 horas.

Ilda Amoedo, membro do Centro de Recuperación de Cultura Popular, que participa na organización do evento, cualificou esta feira como unha “excelente ocasión para viaxar até a sociedade local dos primeiros anos do pasado século” e animou a todos os veciños a “participar e interactuar cos diferentes actores que estaremos vestidos de época e tentando promover oficios e xogos tradicionais que non hai tanto tempo se desenvolvían por esta zona”. Amoedo tamén quixo destacar “o perfecto escenario que constrúe a feira para facer desta unha xornada na que moitos artesáns acadan un bo nivel de vendas”.

Trátase dunha feira que contará coa proxec-

ción dunha curtametraxe na que se relatará a historia do propio eventoe na que, ademais do Concello de Ponteareas, colabora a Deputación de Pontevedra. O ente provincial estivo representado en Ponteareas por Xosé Leal, responsable da área de Cultura na Deputación, quen “se mostrou orgulloso de asistir á presentación dunha feira que pretende lembrar parte das raíces dos mercados e dos traballos de artesanía que se realizaban na comarca e que, asemade, utiliza técnicas modernas que permitan atraer a atención do público destes tempos”. Leal tamén quixo aproveitar a súa visita á vila do Tea para visitar algunhas instalacións dependentes da concellería de Cultura de Ponteareas e para trasladar a intención de “analizar as necesidades que poida ter o concello en diferentes eidos para posteriormente seguir unha liña destinada á elaboración de plans de fondos específicos para cada concello, de xeito que sexan as propias administracións locais as que decidan como se fai cada investimento”.

Bautista quixo agradecer a presenza de Leal ao mesmo tempo que describía a programación das festas de setembro como “unha grella



de actividades que combinan tradición e modernidade, pois ámbalas dúas deben ser complementarias”. Un programa “pensado para todos públicos”, con “orquestras de moi bo nivel, entre as que se atopan varias de ámbito local como Tango e Miramar”, con “música tradicional representada no Festival Folclórico do Condado e con música moderna personificada en festivais de playback, concursos de karaoke e, sobre todo, a actuación de Immaculate Fools, cuxas entradas xa se poden adquirir de maneira adiantada na web www.ticketea.com, polo módico prezo de 5 euros”.

Os veciños e as veciñas de Ponteareas tamén poderán gozar de diferentes manifestacións artísticas en forma de fotografía, coa exposición das instantáneas presentadas ao primeiro certame de fotografía non profesional organizado dende o concello; de graffitti, coa mostra das obras realizadas nas xornadas de arte urbana; e de pintura, coa exposición de Judith

Porto no Centro Artístico Sportivo.

As festas de setembro tamén contarán con actividade deportiva. Un total de seis eventos relacionados con pádel, tenis, xadrez, ciclismo, baloncesto, fútbol e fútbol gaélico, vestirán as festas amosando parte do patrimonio deportivo ponteareán. Os eventos son organizados polos propios clubs e contan coa colaboración da concellería de Deportes. Por último, o rexedor da vila, Xosé Represas, asegurou que a final de mes “se comprobará que o gasto realizado por parte do concello para a elaboración deste programa foi menor que noutros anos, conseguindo, aínda así, que este teña unha maior calidade”. O alcalde destacou que isto é “grazas á xestión de Hortensia Bautista e do departamento de Cultura, que desta volta conseguiu mellores prezos que en edicións pasadas porque se consultaron diferentes orzamentos para a contratación de diversos servizos”.

O Porriño

Recoñecemento do concello ao Club Balonmán Porriño

A alcaldesa manifestou “o recoñecemento do Concello e o seu apoio ao labor que está desenvolvendo o Club Balonmán Porriño”, na presentación do equipo da división de honra feminina para a nova tempada que arrinca o 5 de setembro.



A alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre, participou na presentación do equipo do Club Balonmán Porriño para a nova tempada que arrinca o próximo 5 de setembro. A súa intervención converteuse “nun acto de recoñecemento ao deporte, ao deporte do Porriño e ao Club Balonmán Porriño pola súa empatía, pola súa dedicación e

constancia, e por levar o nome do Porriño o máis alto”, agradeceu a alcaldesa.

De feito, a rexidora ofreceu ás xogadoras a distinción ao Mérito Deportivo outorgada recentemente pola Federación Española de Balonmán ao Concello do Porriño polo seu apoio a este deporte. “Esta distinción é de todas as xogadoras e de todos os que

dende o Club Balonmán Porriño véñense esforzando, dende a súa creación en 1987, por difundir este deporte e en especial os valores da práctica deportiva”, destacou Eva García de la Torre. A alcaldesa comprometeuse a seguir apoiando ao club como ata a data.

Na nova tempada o obxectivo do Club é “manterse na categoría e

situarse entre o 5º e o 7º posto na clasificación”, segundo o seu vicepresidente Manuel Pereira. Para iso conta co mesmo equipo que o pasado ano reforzado coa incorporación de dúas novas xogadoras, Sara Gil e Emma Prieto. O Club Balonmano Porriño conta con 240 xogadores federados de entre 11 e 25 anos, repartidos en 14 equipos de diferentes categorías. Ademais da competición, de-

dica un gran esforzo ao desenvolvemento de escolas deportivas co obxectivo de difundir o ensino de balonmán entre os nenos de 7 a 11 anos. O pasado ano 375 nenos participaron nos programas formativos do Club Balonmán Porriño. As súas escolas deportivas se estenderon aos concellos limítrofes de Mos e Salceda. O Club ofrece deporte de base a máis de 2.500 estudantes.



A reapertura da piscina municipal do Porriño atrasase ao 14 de setembro



Complicacións imprevistas nas obras de mellora para paliar as deficiencias ocasionadas pola falta de mantemento impiden a reapertura da piscina o 1 de setembro, tal e como estaba previsto inicialmente.

Durante o mes de agosto o Concello do Porriño iniciou obras urxentes na piscina municipal co fin de paliar as graves deficiencias ocasionadas pola falta de mantemento das instalacións durante os últimos anos. Baixo os vasos da piscina localizáronse numerosos puntos de filtración e de entrada de auga. De feito a forma dos restos e residuos existentes, con presenza de estalactitas e estalagmitas, indican que as

filtracións que as orixinaron tiñan varios anos de antigüidade.

As obras que se están a realizar consisten na impermeabilización da piscina para evitar danos tanto na estrutura como na maquinaria das instalacións, e están presupostadas en 44.000 euros. No transcurso da devandita reforma apareceron complicacións técnicas imprevistas que impiden iniciar a actividade con normalidade o 1 de setembro como estaba

previsto inicialmente.

A reapertura da piscina municipal atrasase ao próximo 14 de setembro co fin de que os usuarios poidan desfrutar dunhas instalacións en perfecto estado de acondicionamento e mantemento. A partir do día 1 de setembro a recepción abrirá no seu horario habitual para ofrecer toda a información dispoñible aos interesados.

ción entre ambas partes sexa fluída e constante”.

O Concello do Porriño pola defensa da sanidade pública

O equipo de goberno xunto con numerosos veciños do Porriño participou na manifestación do 3 de setembro en defensa da sanidade pública. O Concello fretou 10 autobuses.

N o último pleno da Corporación Municipal do Porriño, celebrado o pasado 29 de xullo, aprobouse unha moción do BNG en apoio da sanidade pública e instando ao Concello a participar como institución na manifestación convocada o 3 de setembro pola Plataforma en defensa da sanidade pública. Ademais do respaldo do BNG, a moción contou cos votos favorables de EU-Son e do grupo de goberno, integrado polo PSdeG-PSOE e UDDL.

A alcaldesa do Porriño, acompañada de membros do equipo de goberno, reuniuse

cos voceiros da Plataforma, Manuel Martín e Jose Emilio Santiago, para trasladarlles o contido da resolución do Pleno Municipal, e a decisión do Grupo de goberno de apoiar activamente a sanidade pública e de asistir á manifestación. “Temos que defender a sanidade pública, que é unha conquista social que debemos entender como un dereito fundamental. Non podemos retroceder”, destacou Eva García de la Torre. A rexidora denunciou que “o PP traballou e realizou un hospital para beneficio da empresa privada sen atender á calidade do servizo que se presta aos cidadáns”.



A alcaldesa do Porriño visita o mercado de San Benito

Eva García anunciou que “o Concello está estudando medidas para revitalizar o mercado de San Benito”



A alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre, visitou o pasado 25 de agosto o mercado que se celebra os martes en San Benito, acompañada do concelleiro de Mercados, Orlando Márquez. “A visita forma parte do compromiso persoal de atender in situ as reivindicacións do colectivo de vendedores ambulantes do mercado”, explicou a rexidora. “Queremos revitalizar o mercado con actividades de dinamización que estamos estudando”, anunciou Eva García de la Torre.

“O noso obxectivo é facelo máis atractivo e que os usuarios acudan ao mercado porque lles da servizo e resposta a necesidades concretas”. Neste sentido, destacou a vontade do Concello “de apoiar e potenciar o mercado de San Benito”.

A alcaldesa reiterou ademais “o compromiso do Concello de facilitar a actividade dos vendedores ambulantes e de velar polo normal funcionamento do mercado. Queremos que a comunicación entre ambas partes sexa fluída e constante”.

A alcaldesa do Porriño esixe unha solución definitiva aos reiterados fallos das barreiras do paso a nivel

Eva García púsoxe en contacto con responsables da Axencia Estatal de Infraestructuras Ferroviarias para “esixir que de forma inmediata ADIF tome as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas”, tras un novo fallo das barreiras do paso a nivel. A alcaldesa solicita unha reunión coa ministra de Fomento “co fin de solucionar definitivamente o problema que sofren historicamente os veciños como consecuencia do paso do tren polo centro do Porriño”.

A pasado 21 de agosto dúas das catro barreiras do paso a nivel permaneceron levantadas ao paso dun tren. Nesta ocasión o fallo foi constatado por un membro da Policía Local, e minutos despois a central de ADIF comunicou ao Concello que se detectara un fallo nas barreiras e enviaban ao lugar a operarios para comprobar o seu funcionamento. “Non imos permitir que se repitan este tipo de incidentes que poñen en perigo a seguridade das persoas”, asegurou Eva Gar-

cía de la Torre. A alcaldesa subliñou que unha das prioridades do seu goberno é “resolver definitivamente este problema”, e con este obxectivo solicitou unha reunión coa ministra de Fomento, Ana Pastor. A rexidora falou esta mesma mañá con responsables da Axencia Estatal de Infraestructuras Ferroviarias para “esixir que se depuren responsabilidades e que de forma inmediata ADIF tome as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas”.

A Axencia confirmou a alcaldesa que ten constancia de 5 incidencias nun ano, “un número que lles parece excesivo e de feito mostránsen preocupados non só pola seguridade, senón tamén porque a falta de fiabilidade no sistema fai que non sexa respectado polos viandantes. É dicir, tampouco cumpren a súa función disuasoria. A Axencia abrirá un expediente a ADIF e informará das medidas que adoptará para que non se repitan os fallos”, explica Eva García.

“Non imos permitir, baixo ningún concepto, que os veciños do Porriño sigan sufrindo as consecuencias do paso do tren polo centro urbano, cun sistema de seguridade que non só no é o máis axeitado senón que ademais está fallando de forma reiterada”, afirma a alcaldesa. Eva García denuncia que “precisamente as obras de mellora realizadas por ADIF no paso a nivel foron para aumentar a velocidade dos trens, máis que para garantir a seguridade das persoas”.

Novas da Raia

TOMIÑO - CERVEIRA

O concello de Tomiño e a Cámara de Vilanova de Cerveira participan nas “Olimpiadas Interxeneracionais 2015”

A Actividade forma parte do programa Erasmus + nos que tanto Tomiño como Cerveira participan de forma activa.

O Concello de Tomiño e a Cámara de Vilanova de Cerveira participan de xeito conxunto nas “Olimpiadas interxeneracionais 2015”. A actividade forma parte do programa europeo Erasmus + no que ambos concellos participan de forma activa. As Xornadas Interxeneracionais acudirán Tomiño e Cerveira de xeito conxunto e participarán nas modalidades deportivas de fútbol, natación, atletismo, baloncesto e xogos tradicionais (petanca, xogo da corda, bolos celtas, etc).

O equipo está formado por unha treintena de veciños e veciñas de ambos concellos. O 80% do equipo está formado por persoas de máis de 60 anos que son entrenados por xoves deportistas.

As olimpiadas celebráranse do 6 ao 11 de setembro en Vilanova de Cerveira onde se darán cita equipos formados por concellos fronteirizos de Francia, España e Portugal.

O proxecto “Eventos Europeos sen fins lucrativos no ámbito da Semana Europea do Deporte 2015” do que forma parte estas olimpiadas, aposta pola transnacionalidade e interxeneracionalidade. As modalidades deportivas son todas universais así como os xogos tradicionais que favorecen os aspectos pedagóxicos da actividade.

A Alcaldesa de Tomiño, Sandra González, destaca a importancia da “práctica do deporte sen fronteiras, sen idade e sen xénero predefinidos”. Segundo González, esta actividade “favorece a cohesión de grupos sociais grazas a actividade física e contribúe a adquisición de competencias con dimensión europea”.



MONÇÃO

Reunión ordinaria cámara municipal de Monção

Assunto n.º 236 - Apreciação e votación de uma proposta do Presidente da Câmara para Tomada de Posição do Município de Monção sobre a decisão de não homologação da eleição do Diretor do Agrupamento de Escolas de Monção.

O Executivo Municipal de Monção, reunido no Cine Teatro João Verde, aprovou, por maioria, a proposta do Presidente da Câmara Municipal de Monção, Augusto de Oliveira Domingues, visando uma tomada de posição do Município de Monção sobre a decisão de não homologação da eleição do Diretor do Agrupamento de Escolas de Monção.

Na proposta, aprovada com seis votos a favor do PS e PSD e um voto contra do CDS, concede-se ao Ministro da Educação um prazo até 11 de setembro para que avoque o procedimento administrativo de eleição do diretor do Agrupamento de Escolas de Monção e proceda à respetiva homologação do vencedor.

Não o fazendo até aquela data, o documento determina o corte imediato e por tempo indeterminado de relações institucionais entre o Município de Monção e o Ministério de Educação, bem como a denúncia unilateral do contrato de delegação de competências nº250/2009 e consequente não exercício das referidas competências em matéria de educação.

A saber: Transferência do pessoal não docente das escolas básicas

e da educação pré-escolar novamente para o Ministério da Educação; devolução da gestão do parque escolar no 2º e 3º ciclo do ensino básico e suspensão de atividades de enriquecimento curricular no 1º ciclo do ensino básico.

A presente decisão, apoiada maioritariamente pelas cerca de 300 pessoas que enchiam o Cine Teatro João Verde, fundamenta-se na grave instabilidade existente no Agrupamento de Escolas de Monção, a qual tem motivado desconforto e mal-estar no corpo docente, incompreensão dos encarregados de educação e enormes dificuldades no normal desenvolvimento do processo de aprendizagem dos alunos.

Prova disso é a sequência de maus resultados nos últimos três a quatro anos como comprovam os resultados vergonhosos do ensino secundário 2014/2015 (1ª fase), estando a ser colocada em causa uma geração inteira e 10 por cento da população do Município de Monção.

Neste aspeto foi igualmente realçada a existência de turmas mistas no 1º ciclo com alunos de vários anos de ensino na mesma turma. Esta situação, contestada pelos encarregados de educação,

já foi comunicada à DGESTE e à CAP, não havendo, até ao momento, qualquer decisão no sentido de alterar as turmas.

Sobre este assunto, a Vice-Presidente da Câmara Municipal de Monção, Conceição Soares, referiu que esta medida contraria a Lei de Bases do Sistema Educativo, bem como o princípio base, inscrito na Carta Educativa de Monção, que levou o Município de Monção a aceitar a concentração de escolas no concelho, fazendo um avultado investimento no parque educativo e transportes escolares.

Estes pressupostos de um ensino de qualidade pautado por valores de igualdade, são claramente contrariados com a decisão de colocar alunos do 4º ano numa turma do 1º ano. Como é referido no relatório da OCDE Education at a glance, 2014, o aumento do número de alunos por turma ganha particular destaque pela sua eficácia negativa e impacto imediato na capacidade dos professores em se relacionar com os seus alunos e vice-versa.

Carta enviada ao Ministro da Educação ainda sem resposta

A apreciação e votação deste assunto em sessão camarária é do conhecimento do Ministro da

Educação há mais de uma semana através de carta enviada para o Ministério da Educação datada de 19 de agosto. Nesse mesmo dia, seguiu por correio eletrónico para o chefe de gabinete.

A missiva, que o presidente da Câmara Municipal de Monção, Augusto de Oliveira Domingues, leu na íntegra no início da discussão do ponto, faz um percorrido pelas várias etapas do processo, destacando o teor dos encontros com responsáveis ministeriais, as impugnações dos atos eleitorais, as ações administrativas nos tribunais e a dificuldade de gestão e aprendizagem decorrentes das sucessivas comissões administrativas provisórias.

No documento é referido que a gestão de um agrupamento escolar não se compadece com soluções provisórias - as quais pela sua própria designação devem ser temporárias e visando a rápida normalização do funcionamento das instituições - nem pode ficar refém dos interesses instalados que sempre descortinarão fundamentos para impugnações e ações judiciais.

Apelando à intervenção urgente do Ministro da Educação, é sublinhado ainda que o direito a um ensino público de qualidade, a

uma gestão transparente e rigorosa dos recursos públicos, e à defesa das atribuições e competências municipais na área da educação, são fatores fundamentais de um processo educativo coerente e eficiente.

Dessa forma, a não homologação dos resultados eleitorais democraticamente obtidos tendo como suporte único e exclusivo as ações judiciais em curso, revela-se uma decisão desajustada à realidade educativa com implicações na perpetuação de soluções provisórias de gestão que em nada beneficiam o ensino. Na parte final da carta, o titular da pasta da educação é alertado para as consequências da não homologação do processo eleitoral, que viriam a ser aprovadas na reunião do executivo, e solicitado a intervir ativamente e com rapidez numa tomada de decisão que sirva o interesse público da comunidade educativa.

Para o esclarecimento de qualquer dúvida, o presidente da Câmara Municipal de Monção, Augusto de Oliveira Domingues, colocou-se à disposição para a realização de uma reunião à hora e local marcado pelo Ministério da Educação. Até ao momento, ainda não houve resposta.

VALENÇA

Valença Reforça Atratividade Turística

1 Milhão e 500 Mil Já Visitaram a Fortaleza Este ano

A Fortaleza de Valença é, cada vez mais, um dos grandes fatores de atratividade turística de Portugal, tendo sido visitada, entre 1 de janeiro e 12 de agosto, por mais de 1 milhão e 500 mil pessoas. O número de visitantes reflete o poder de atratividade do monumento Fortaleza e da sua oferta patrimonial, histórica, comercial e cultural. Estes números vem no sentido, também, das campanhas promocionais desenvolvidas pela autarquia junto dos principais operadores turísticos nacionais e internacionais. A Fortaleza de Valença, monumento nacional, candidata a Património da Humanidade junto da UNESCO, com os seus mais de

5 Km's de extensão de muros é um dos grandes referentes de construções militares abaluartadas no mundo, hoje, um espaço monumental singular. Os dados foram obtidos pelo novo sistema de contagem de pessoas e viaturas colocado nas principais portas de acesso à Fortaleza. O novo sistema permite ter uma leitura, em tempo real, do número de entradas de pessoas a pé e de viaturas. Dados fundamentais para conhecer o poder de atratividade do centro histórico, mas, também, para gerir melhor a conservação / manutenção do monumento e adequar a oferta de eventos e disponibilização de espaços de estacionamento.



■ Fortaleza, Valença do Minho.

O sistema de contagem de pessoas instalado na Fortaleza, insere-se num conjunto de medidas que a Câmara Municipal de Valença tem vindo a tomar no âmbito do processo de can-

didatura da fortificação a Património da Humanidade da UNESCO.

Estes equipamentos integraram-se num conjunto de intervenções que a autarquia valenciana

realizou nos fossos da Fortaleza, nas Portas de Santo António, nas Portas Afonsinas e no muro do Baluarte da Esperança, financiados pelo programa comunitário Novo Norte a 85%.

MONÇÃO

“É uma alegria voltarmos a ter bombeiros em Riba de Mouro”



Unidade de bombeiros de proximidade, constituída por cinco elementos e uma viatura de combate a incêndios florestais, foi instalada ontem, ao final da tarde, na freguesia de Riba de Mouro, permanecendo até ao final de setembro. Augusto de Oliveira Domingues falou de pontapé de saída para a reativação da secção dos bombeiros naquela freguesia, desativada há mais de uma década. José Manuel Fernan-

des deu conta da felicidade da junta e da população pela presença de bombeiros na freguesia. Ontem, após tantos anos, voltou a ouvir-se o toque da sirene. Desta vez, por uma boa causa.

A secção de Riba de Mouro dos Bombeiros Voluntários de Monção foi inaugurada a 21 de novembro de 1992 numa cerimónia presidida pelo então ministro Luís Marques Mendes. Passado pouco mais de

uma década, deixou de funcionar e servir a população daquela zona montanhosa do concelho de Monção.

Ontem, ao final da tarde, numa cerimónia marcada pela informalidade com a presença do autarca monçanense, Augusto de Oliveira Domingues, elementos da junta de freguesia, direção e corpo ativo dos “soldados da paz”, procedeu-se à instalação de uma unidade de bombeiros de proximidade.

TUI

Tui participará como “Eurocidade Tui-Valença” nas Olimpíadas Interxeneracionais de Vila Nova de Cerveira

Do 6 ao 11 de setembro celebraram-se em Vila Nova de Cerveira as Olimpíadas Interxeneracionais, actividade que forma parte do programa europeu Erasmus +, no que participarán equipos formados por concellos de Francia, España e Portugal.

Nestas xornadas, os equipos, conformados por unha treintena de veciños e veciñas da Eurocidade Tui-Valença maiores de 60 anos, participarán de xeito conxunto nas modalidades deportivas de baloncesto, atletismo, remoergómetro, fútbol e xogos tradicionais.

Por isto, o Concello de Tui fai un chamamento a todas as persoas maiores de 60 anos interesadas

en participar nesta actividade, a que se inscriban ata o mércores 26 de agosto, chamando ao número de teléfono 696 48 22 45. Entre todos os inscritos seleccionaranse a nove participantes mediante sorteo.



EUROCIDADE
TUI . VALENÇA

Novas da Raia

MONÇÃO

Banco municipal de livros escolares usados beneficia 94 crianças do concelho

Livros foram rececionados na Biblioteca Municipal de Monção e restaurados por seis voluntárias do Banco Local de Voluntariado.

A Câmara Municipal de Monção entregou vários manuais escolares usados às famílias monçanenses que mostraram interesse em recebê-los. A cerimónia, contou com a presença do

Vereador das Atividades Socioculturais, Paulo Esteves, a responsável do Banco Local de Voluntariado, Eliana Costa, e a coordenadora das voluntárias neste projeto, Jacinta Fernandes



TUI

Xa están abertas as inscricións para o II Torneo de Tenis da Eurocidade Tui-Valença

A competición disputarase dende o 25 de setembro ó 11 de outubro, nas pistas de tenis de Areas e da piscina municipal de Valença

Despois do éxito de participación do ano pasado, o Club de Tenis Tui e a Eurocidade Tui-Valença volven organizar o "Torneo de Tenis da Eurocidade", que como na edición pasada, disputarase nas pistas de tenis de Areas en Tui e da piscina municipal de Valença, do 25 de setembro ó 11 de outubro.



Por isto, até o 20 de setembro, estarán abertas as inscricións para cada unha das categorías, absoluta masculina, absoluta feminina, xunior masculino e dobres absolutos, cun coste de 5€ por participante. Estas inscricións poderán facerse a través do número de teléfono 658.866.403 ou a través do facebook do Club Tenis Tui. Ó igual que o ano pasado, o torneo contará cunha previa e cun cadro de consolación, xogándose as finais nas dúas sedes, e recibindo trofeos os dous primeiros de cada categoría.

A GUARDA

O Concello da Guarda acolle unhas conferencias sobre educación coa presenza de catedráticos



Durante os meses de xullo, agosto e setembro, o Concello da Guarda acolleu unhas conferencias sobre educación baixo o nome "Diálogos en Educación", que trouxo a vila a decenas de Doutores, mestres e persoas interesadas no campo da educación.

Estas conferencias, que son das máis importantes deste sector a nivel galego, foron impartidas por diferentes catedráticos das universidades de Galicia no antigo Colexio Santiago Apóstol (Colexio PP. Xesuítas. A Pasaxe, Camposancos). Esta actividade, que ten carácter divulgativo, está concibida como unha tertulia-coloquio informal. Malia que o tema a debater sexa de carácter educativo, estas charlas están aberta a todo tipo de público.

A primeira cita celebrouse o xoves día 2 de xullo. Nesta primeira ponencia, Concepción Sánchez Blanco, chegada da Universidade da Coruña falou sobre as "Infancias nómadas. Educando no dereito á mobilidade".

Alfredo Campos García, da Universidade de Santiago de Compostela, foi o encargado de conducir a segunda conferencia o día 7 de xullo. Nesta ocasión Campos centrouse na "Importancia da memoria e as estratexias de aprendizaxe no ensino".

O xoves 23 de xullo a charla "De formar crentes a formar cidadáns: unha mirada crítica dende a pedagogía" foi impartida por Jurjo Torres Santomé, da Universidade da Coruña. Unha semana despois, chegou dende a Universidade de Vigo,

Xosé Manuel Cid, falou sobre os "Mestres republicanos: o compromiso coa modernidade educativa".

Xa en agosto, o día 20, Antón Costa Rico, da Universidade de Santiago, dirixiu a charla "Luces e sombras na política educativa galega desde a transición democrática". Sete días despois, Miguel Anxo Santos, da mesma universidade ca o anterior, faloulle ó público sobre "Os concellos e a educación. Problema ou oportunidade".

As últimas conferencias terán lugar no mes de setembro. Así o día 3 Araceli Serantes Pazos, da Universidade da Coruña, impartiu a charla "A conciencia ambiental: unha necesidade social e un reto educativo".

Este ciclo de ponencias se pechará con Pedro Caselles Beltrán, traballador do Ministerio de Educación, que falará sobre a "Política e educación. Camiño de volta dun técnico do estado na transición democrática".

Este evento está organizado polo Concello da Guarda en colaboración con Xosé M. Malheiro Gutiérrez, profesor do Departamento de Pedagogía e Didáctica da Facultade de Ciencias de Educación da Universidade da Coruña.

En todas estas actividades, que teñen como obxectivo abordar múltiples aspectos relacionados coa problemática educativa desde diversos ángulos, estiveron presentes o alcalde de A Guarda, Antonio Lomba, o Concelleiro de Educación, Elena Baz e o Concelleiro de Formación e Emprego, Xavier Crespo.

MONÇÃO



Portugal e Espanha prometem articular-se na gestão dos rios em tempo de seca

Portugal e Espanha prometem actuar de forma “mais coordenada” na gestão dos caudais dos rios ibéricos, em momentos de seca. Os governos dos dois países reafirmam que estão a ser cumpridos os caudais mínimos definidos em 2008 numa adenda à Convenção de Albufeira – que

regula a cooperação entre os dois países nesta matéria –, mas é ponto assente que a forma como cada Estado gere os recursos hídricos em situações de estiagem deve ser articulada, para garantir a manutenção de caudais ecológicos.

Fuente: Público



TUI

O Concello de Tui organiza visitas guiadas gratuitas polo Casco Histórico da cidade



A partir do próximo luns 17 de agosto e ata outubro, visitantes e tuden-ses poderán coñecer o Casco Histórico da cidade, xa que o Concello de Tui organiza visitas guiadas gratuítas. As visitas, cunha hora e media de dura-

ción, poderanse realizar ou ben ás 12 do mediodía ou ás 8 da tarde. Percorreráse, da man dun guía turístico, os principais enclaves históricos da cidade de Tui. O punto de encontro será a Praza da Inmaculada.

A Concellería de Medio Ambiente do Concello de Tui renova e amplía o número de contedores de vidro do concello

Os contedores de vidro do centro de Tui veñen de ser renovados e os eu número ampliado, o situar un novo contedor na Praza de Galicia.

A Concellería de Medio Ambiente informa que na última semana procedeuse a renovación dos contedores de reciclado de vidro situados no centro de Tui, ademais de aumentar o número dos mesmos ata un total de oito unidades, xa que situouse un destes contedores na Praza de Galicia. O mesmo tempo informa que vaise proceder a limpeza e renovación dos contedores retirados, para mais tarde situalos en distintos puntos do rural do concello. A empresa encargada do mantemento destes colectores, nunca os renovara en Tui, sendo a primeira vez en doce anos que se solicita o cambio dos mesmos.

O mesmo tempo esta empresa realizou unha enquisa entre unha serie locais de hostalaría do casco urbano co fin de ofrecer a posibilidade de entregar uns cubos para trasladar o vidro ata o colector, estes cubos acóplanse a un sistema de baleirado co que están dotados algúns dos novos contedores, facilitando a labor da introdución dos envases de vidro no mesmo. Os locais que o solicitaron entregáronse estes cubos, sendo un total de 36 os que se puxeron a dispor dos hostaleiros de Tui. Desde a Concellería informan que se esta

a proceder o estudo da situación do resto dos contedores de reciclaxe, os de plástico e os de cartón e papel, para coñecer o estado no que se atopan e tentar proceder tamén a súa renovación e a ampliación das unidades situadas nas rúas de Tui. Para este fin se teñen solicitado a Concellería de Medio Ambiente cen novas unidades de colectores de reciclado, tanto de papel coma de envases, que agardan que estean dispoñibles a principios do próximo ano. Asemade estanse a redactar as bases para a licitación do servizo de recollida para reciclaxe, para poder sacalas a concurso no menor tempo posible.



Novas da Raia

VALENÇA

Caudal do rio Minho: UNIMINHO e Gas Natural Fenosa acordam criação de grupo de trabalho

Atendendo às dificuldades e preocupações em torno dos desníveis do caudal do rio Minho, a UNIMINHO e a Gas Natural Fenosa reuniram, no final da semana passada, para identificar os pontos críticos e apontar as possíveis soluções. Entidades vão avançar com a criação de um grupo de trabalho que promova um estudo de reavaliação do regime de caudais daquele troço de água internacional, tendo em conta o impacto no ecossistema.

Nova reunião está agendada para o mês de setembro. Após a UNIMINHO ter questionado publicamente, em maio passado, sobre a redução significativa do nível da água registada no rio Minho em determinados períodos de tempo, e de solicitar um pedido de esclarecimento à Gas Natural Fenosa, concessionária da barragem da Frieira (Galiza), as duas entidades sentaram-se à mesma mesa para delinear uma estratégia que vá de encontro aos interesses.



CAMINHA

Vila Praia de Àncora, en Caminha, inaugura o “Paseo de A Guarda”



O município português de Caminha, inaugurou no porto de Vila Praia de Àncora o novo “Paseo de A Guarda”, unha maneira de immortalizar os lazos que unen estas dúas vilas veciñas separadas polo río Miño. O “Paseo de A Guarda”, que así é como se escribe na lingua lusa, inaugurouse coa presenza tanto do alcalde de Caminha, Miguel Alves, coma o da Guarda, Antonio Lomba. Este evento, apuntou Miguel Alves, é unha maneira máis de “estreitar relacións” entre os dous Concellos.

O nome desta rúa celebra tamén a orixe pescadora de Vila Praia de Àncora e da súa poboación. Tras unha investigación científica sobre a historia desta vila, Aurora Rego, reparou en que en 1825, un pescador chegado dende A Guarda, Antonio Verde, foi unha das persoas, xunto con outros pescadores e as súas familias, que foron determinantes para o desenvolvemento da pesca e para a expansión demográfica. Os apelidos destes galegos aínda se encontran entre a poboación da vila.

Para o alcalde da Guarda, esta homenaxe, da que dixo sentirse moi honrado, é un recoñecemento á participación dos guardeses no asentamento e desenvolvemento de Vila Praia de Àncora. Este feito, afirmou, ven a facer máis intensas as relacións entre a vila de Caminha e a de A Guarda. Miguel Alves, pola súa banda, falou da importancia de que ambos concellos formen unha familia cultura, xeográfica e agora tamén, “de sangue”.

SALVATERRA

Concerto Festividade San Lorenzo

Éxito rotundo no primeiro concerto organizado conxuntamente polas diferentes corais do Municipio, Banda de Música e Concello de Salvaterra de Miño con motivo da Festividade de San Lorenzo, actividade que se enmarca dentro da programación do Verán Cultural que empezou día 1 de agosto e que ao longo de todo o mes ofreceu diversas actividades e festas enfocadas a todos os públicos. Concerto cargado de moita ilusión e focalizado en dúas par-

tes, a primeira onde cada coral cantou por separado, empezou a Coral Cantemos dirixida por Esperanza Mara Filgueira, a continuación cantaron xuntas Lacedurium e Adaxe, dirixidas por Isidro Betancur, e pechou a Coral “Fogar de Breogán”, da parroquia de Lira, dirixida por David González. Unha vez rematado este primeiro pase uniuse a Banda e as catro corais xuntas cantaron tres cancións que fixeron a ledicia de toda a xente que asistiu a esta noite musical.



TUI

Gastronomía, música, títeres, unha exposición e visita guiada forman a programación para conmemorar en Tui a oitava Xornada Europea da Cultura Xudía

Foi presentada a exposición e actividades vencelladas á Xornada Europea da Cultura Xudía, na Sala de Exposicións da Área Panorámica. Asistiron á presentación o alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, a concelleira de Cultura, María José González, Helena Rodríguez, organizadora das actividades e Gus Abreu, autor da exposición fotográfica.

Gastronomía, visitas guiadas, exposición, música e títeres forman a programación desta fin de semana para conmemorar en Tui a oitava Xornada Europea da Cultura Xudía, que este ano ten coma leitmotiv "Tendendo Pontes". A Xornada desenvólvese de forma simultánea en 32 países europeos e en máis de 25 cidades españolas e, nas que se celebrarán distintas actividades conmemorativas.

Enrique Cabaleiro, alcalde de Tui, explicou que estas xornadas dinamizan culturalmente ó Concello, o que permiten impulsar o Concello a nivel socioeconómico. Apuntou o rexedor que a cidade está a ser un referente a nivel cultural e na organización de actividades, espello no que se están a mirar outros municipios.

Pola súa parte, a concelleira de Cultura, María José González, indicou que a presenza xudía na cidade é moi sinalada, e vén dende o século XII-XIII. A concelleira sinalou que Tui está como colaborador na Xornada, xa que non está incluída na Rede de Xuderías.

Esta fin de semana Tui mergúllase na Cultura Xudía

En Tui a programación para estes días é moi variada. Dende onte martes e até o 9 de setembro, poderase ver na Área Panorámica a Exposición fotográfica "Tendendo Pontes". O encargado de realizar as 20 fotos foi Gus Abreu, que fotografou imaxes das pontes máis relevantes do entorno tudense.

Dende este venres e ata o domingo celebráranse as Xornadas gastronómicas sefardíes. A oferta é ampla e poderán degustarse tanto menús completos coma tapas e os peixiños de amêndoa das monxas "Encerradas" como sobremesa obri-gada, debido a súa relevancia histórica e relación innegable con conversos de Tui. Participan 6 locais da cidade: O novo cabalo furado, O vello cabalo furado, Tapas e viños, Mesón Adegas, Happy Restaurante, Mesón Jaqueyvi.

Por outra banda, este venres, ás 21h. actuación para os máis cativos, "O cego dos monifates", de Viravolta Títeres, na Praza de San Fernando. Unha hora despois, ás 22h. Visita guiada pola xudería de Tui, con saída dende a Porta da Pía. O encargado será o historiador tudense Suso Vila, e onde se percorreren os lugares da memoria xudía en Tui.

Para rematar, este domingo ás 19h. concerto de música renacentista de Caspervek Trío na Igrexa de Santo Domingo. A formación clásica dos seus compoñentes, unido á utilización de recursos do jazz, minimalismo, música electrónica ou o folk, conforman a paisaxe sonora deste trío.



A GUARDA

Por: Juan Louzán

Generoso Álvarez Seoane autor de "Más allá de las metas, la azarosa vida de un estudiante"

Evento organizado pola Agrupación Cultural Guardesa, coa colaboración do Concello de A Guarda e amenizado pola pianista guardesa María Alonso. Ricardo Rodríguez falou sobre o autor e a súa traxectoria como estudante, profesor e escritor, ilustrada con anécdotas e sorprendeu de forma inesperada cos eloxios dirixidos á presidenta da Agrupación Cultural Guardesa, Julia Vicente, pola entrega desta guardesa volcada sobre calquera acontecemento cultural na vila. O evento tivo lugar o pasado 28 de agosto, no Centro Cultural de A Guarda, coa presenza do alcalde e da concelleira de Cultura Elena Baz.

Generoso Álvarez foi moi eloxiado pola súa prolífera e acreditada traxectoria literaria, reflectida na súa obra autobiográfica: "La azarosa vida de un estudiante". O currículo deste escritor guardés, residente en Vigo, de procedencia humilde, tesón constante e sacrificada vida, que impartía clases en distintos colexios públicos, alternando con clases en domicilios privados a outros alumnos, para poder pagar a súa formación, en colexios de monxas, jesuitas e universidades.

Ricardo Rodríguez foi breve, conciso e preciso na disertación e presentación da vida e obra do autor, destacando "ser máis querido e admirado pola súa procedencia humilde e constancia para lograr graduarse en todos os estudos nos que se matriculaba". O escritor Generoso Álvarez Seoane, na súa intervención, subliñou que a súa vida foi unha cadea de dificultades, desde o ano 1937 en plena Guerra Civil española, no colexio das Monxas Carmelitas de A Guarda, onde encontrou solidariedade e comprensión, pasando despois aos Xesuítas de Tui, Vigo e a Universidade de Santiago. O bacharelato realizouno por libre, estudando na casa e aprobando todo con sobrasalientes



■ Juan Louzán.

Doutor en Ciencias Químicas e Licenciado en Farmacia pola Universidade de Santiago de Compostela. Inspector Farmacéutico Municipal por oposicións. Técnico Bromatólogo pola Universidad Complutense de Madrid

O autor de "Mas allá de las metas, La azarosa vida de un estudiante", destaca sobre todo o apoio e a forza moral imprimidos pola súa nai. O ano 1942 foi decisivo para alcanzar a licenciatura de Químicas, tras superar unha enfermidade.

Pechou o acto Julia Sobrino, resaltando a "constante do autor Generoso Álvarez por conseguir os seus soños, transformándoos en presente e futuro. Gracias polo seu amor a A Guarda".



■ Ricardo Vicente e a Concelleira de cultura Elena Baz.

Novas da Raia

A GUARDA

Recoñecemento da fronteira Hispano-Portuguesa



Moita xente non coñece que existe un tratado de límites entre España e Portugal que data de 1864 e que establece deberes aínda na actualidade. Neste tratado establécese a obriga dos concellos fronteirizos, dos dous lados da raia, de facer anualmente un recoñecemento da liña fronteiriza e levantar acta do mesmo. Así, cada ano dende aquela data (en teoría), cítanse os alcaldes dos concellos que comparten fronteira para asinar a mencionada acta.

Por suposto na actualidade non se recoñece sobre o terreo a liña entre España e Portugal, non é necesario dada a boa

de relación de veciñanza entre os dous pobos e os modernos sistemas de xeo-referenciación. O acto quédase nunha reunión protocolaria na que se asinan os papeis e que os responsables municipais aproveitamos para estreitar relacións e falar das cousas que nos unen. Como alcalde da Guarda, Antonio Lomba, tivo ocasión de participar por primeira vez en tan histórico evento fai uns días. Este ano 2015 a cita celebrouse na casa do concello da Guarda, estaban presentes a primeira tenente de alcalde do Rosal, María del Carmen Alonso, o presidente da Cámara de Caminha, Miguel Alves e Antonio Lomba.

O Concello desaproba a xestión da Comisión do Monte

O equipo do goberno do concello da Guarda, despois de realizada unha sosegada valoración do traballo da Asociación "O Cancelón" na organización das Festas do Monte e despois de ver como durante estes últimos anos o programa vai perdendo consistencia, ata o punto de devaluar, un dos referentes da festa como é o luns dos Fogos no Porto da Guarda, que atraía a miles de persoas de toda a comarca e, sabendo tamén, dos problemas económicos que acusan, recoñecidos incluso por boca dos membros da propia asociación, expón: Que dende o Concello, e dada a importancia que as Festas do Monte teñen para A

Guarda e incluso para a comarca, dadas as expectativas que todos temos na festa como elemento dinamizador da economía e potenciador do turismo, sabendo do peso que a cidadanía lle dá como factor fundamental de cultura e ocio veraniego, e tendo en conta o exposto con anterioridade, consideramos a nosa responsabilidade solicitar á asociación "O Cancelón" que, despois do peche das Festas do Monte 2015, poña a organización da festa a disposición doutra asociación ou outro grupo de persoas que, con enerxías renovadas, afronte a preparación das Festas do Monte do ano 2016.



Novo horario do ferry dende o 1 ó 15 de setembro

O horario do ferry que une A Guarda coa vila portuguesa de Caminha cambia dende o 1 ó 15 de setembro. Nestas datas non haberá transporte os luns pero o restos dos días as viaxes saen coa mesma frecuencia, sendo o primeiro dende A Guarda ás 09,00 horas pero o último adiántase ás 20,15 horas.

Ademais o transporte non funcionará, como é habitual, no intervalo dende as 13,30 horas, momento que sae dende A Guarda, ata as 15 horas, cando se retoman as viaxes dende Portugal.

A partir do 15 de setembro o ferry comezará o horario de inverno que se alongará ata o 30 de xuño de 2016.



A GUARDA

Os participantes no VIII Torneo de Volei Praia da Guarda donan 35 quilogramos de comida ó banco de alimentos



Esta fin de semana celebrouse na praia da Lamiña da Guarda o VIII Torneo de Volei Praia, organizado polo Concello da localidade.

A inscrición para este campionato, no que participaron dezaseis parellas, foi gratuíta, pero a organización invitaba a doar algún paquete de comida ó Banco de Alimentos municipal. En total recólleronse 35 quilogramos de comida entre as que se distinguía, por exemplo, paquetes de arroz ou pasta, galletas, botes de cacao, latas de conservas ou botellas de aceite.

Todos estes paquetes xa se encontran

no Banco de Alimentos e dende a Concellería de Servizos Sociais, da que está ó fronte a concelleira M^a Teresa Vicente Baz, comezarán co seu reparto entre as familias que máis o precisan.

Éxito do Torneo

As dezaseis parellas participantes no VIII Torneo de Volei Praia organizado polo Concello da Guarda mostráronse moi satisfeitas polo resultado.

Finalmente, resultaron gañadores deste campionato a parella formada por Lexo e Gabrí e subcampións Koke e Diego. De terceiros quedaron Piño e Rafa e cuartos Yago e Víctor.

Ofértanse visitas especiais para coñecer os traballos na escavación do poboado de Mergelina

Dende o día 1 de setembro e ata o xoves día 17 (data incluída) o Padroado Municipal Santa Trega oferta visitas especiais para coñecer os traballos dos arqueólogos no Poboado de Mergelina.

As visitas especiais das 12,30 e 17 horas comezarán na Casa Forestal e a duración é unha hora. Nestas visitas recórrese a zona restaurada dos Castros e tamén a zona de escavacións do Poboado de Mergelina.

O obxectivo que teñen estes percorridos especiais é mostrar tanto os turistas que visitan a zona coma os veciños e veciñas da localidade ós traballos que os arqueólogos están a levar a cabo neste poboado. Durante as visitas os participantes poderán ver traballar ós expertos, descubrir as técnicas que os arqueólogos utilizan nas súas escavacións e, por exemplo, observar algún dos restos atopados.

Na última quenda do día, poderase coñecer o Monte Santa Trega na visita completa que comeza no Museo Arqueolóxico "MASAT" ás 18,30 horas. A visita remata na zona dos castros restaurados. Primeiras impresións

O martes, día 1 de setembro, comezaron a facerse estas novas visitas especiais, cunha afluencia de público de 63 persoas, divididas entre as tres quendas. Segundo o guía do Monte Santa Trega, Leo González, este novo percorrido está a ter unha moi boa acollida. A xente que participa nestas visitas sorpréndese das dimensións do poboado e da maneira e as técnicas que usan os arqueólogos nas escavacións. Ademais, afirma González, moitos dos visitantes impresionáronse cós materiais que se encontran.

Espérase que, coma durante todo o verán, as visitas ó Monte Santa Trega continúen sendo moi concorridas.



David Alonso Bargaña
Nº Reg. Mediador: 0002876907675E
Agente de Seguros Exclusivo de Seguros Bilbao
Gerente
david.alonso@segurosbilbao.com
Venezuela nº 33, Bajo
36204 Vigo (Pontevedra)
M 626 181 255 - F 986 220 029



Tlf. 986 34 25 56 Fax. 986 34 29 62 electrogranxa@electrogranxa.com

www.electrogranxa.com



Pol. Ind. A GRANXA - Avda. principal - Parcela 295 - Naya 3. 36400 PORRIÑO - Pontevedra

Jose A. Caballero R.
Fontanería - Calefacción - Electricidad
Bombas Sumergibles - Piscinas
Placas Solares Térmicas - Biomasa

Telf.: 639284053
e-mail: jacrielo@hotmail.com

Cerqueiral nº8A - Po 36471 - Entienza

Portugal Norte

VIANA DO CASTELO

XI Bienal de Pintura do Eixo atlântico



Já se encontra aberto o concurso da XI Bienal de Pintura do Eixo Atlântico, que permanecerá aberto até dia 28 de setembro. Para efetuarem as inscrições devem aceder ao link www.bienalpin-turaeixoatlantico.com, onde também podem consultar o regulamento. Mais informação em: https://es-es.facebook.com/x.bienal.pintura.eixo.atlantico/info?tab=page_info

Celso Rodrigues dá nome a novo arruamento da Área Empresarial de Alvarães

O Presidente da Câmara Municipal, José Maria Costa, inaugurou um novo arruamento na área empresarial de Alvarães, que recebeu o nome do Eng. Celso Rodrigues, a quem foi prestada uma homenagem pela junta de freguesia de Alvarães. A cerimónia, que incluiu o descerramento de uma placa na nova

rua (EN103), uma sessão solene na sede da junta de freguesia e a apresentação do livro "Poetizar as Efemérides" de Cândida Passos, serviu para homenagear Celso Rodrigues, engenheiro daquela freguesia e cujo topónimo foi aprovado em assembleia de freguesia pelo trabalho desenvolvido em prol da comunidade local.



Presidente da Câmara recebeu Folha de Prata do Vinho Alvarinho em Cambados, na Galiza

Presidente da Câmara recebeu Folha de Prata do Vinho Alvarinho em Cambados, na Galiza. O 30 de Agosto de 2015, Presidente da Câmara Municipal de Viana do Castelo, José Maria Costa, foi agraciado com a Folha de Prata do Vinho Alvarinho, entregue pelo presidente da Junta da Galiza, Alberto Núñez Feijóo, durante a LXIII Festa do Vinho Alvarinho, em Cambados (Galiza). A Festa do Vinho Alvarinho de Cambados realiza-se no primeiro domingo de Agosto e é uma das festas do vinho mais antigas da Galiza e de Espanha, sendo a mesma catalogada como Festa de Interesse Turístico Nacional. Sempre muito concorrida, com milha-

res de pessoas, onde estão à prova os melhores Albariños do ano, a festa serve também para valorizar o sector e as suas individualidades. Este ano, o autarca de Viana do Castelo, recentemente eleito para presidir à junta diretiva da Associação Internacional de Enoturismo – Aenotur, entidade que nasceu em Cambados, foi também homenageado pelo trabalho que tem desenvolvido pelo enoturismo e pelo sector, designadamente em Viana do Castelo, município que acolhe a sede em Viana do Castelo, no edifício do antigo hospital, na emblemática Praça da Erva. De lembrar que a Aenotur é formada por municípios e entidades gestoras de turismo vinculadas

à cultura do vinho e promotoras de rotas dos vinhos. Defende as atividades agrícolas e a sustentabilidade dos recursos para dinamizar o setor vinícola e considera que o património histórico e etnográfico, que rodeia o mundo do vinho, merece todos os esforços necessários para a sua conservação e divulgação. Entende que a qualidade, o conhecimento, o trabalho bem feito e a excelência são valores que contribuem para dinamizar o setor e para gerar riqueza no território e que o vinho é um bem cultural e um alimento de alta expressão. Gabinete de Imprensa Câmara Municipal de Viana do Castelo



MIRANDELA

Ministro da Educação visitou escolas de Mirandela

O Ministro da Educação e Ciência, Nuno Crato, esteve no passado dia 17 de agosto, em Mirandela, de visita à Escola Secundária que viu recentemente assegurado o financiamento para as obras de requalificação tão necessárias, através do Pacto para o Desenvolvimento e Coesão Territorial assinado pela CIM-TTM.

Além dos cerca de 2,4 milhões de euros destinados à intervenção na Escola Secundária, o Pacto para o Desenvolvimento e Coesão Territorial contempla verbas no valor de 3 milhões de euros para intervir no parque escolar do 1º ciclo de Mirandela, também ele com grandes necessidades de requalificação ao nível das infraestruturas e equipamentos.



VIANA DO CASTELO

Abertura do Largo Vasco da Gama

A Câmara Municipal de Viana do Castelo assinalou a abertura da requalificação do Largo Vasco da Gama com um concerto musical. A sessão teve lugar no dia 17 de agosto e contou com a presença da Banda de Gaiteiros da Fundação Maestro José Pedro e do Ensemble Risoluto.

A abertura do Largo dá por encerrado um conjunto de investimentos em espaço público da autarquia. Já abriram ao público as ruas de Viana, Beco do Caxuxo e Prior do Crato, no centro histórico da cidade, e a Rua Frei Bartolomeu dos Mártires, na ribeira da cidade.

Estas novas intervenções juntam-se ao investimento que a Câmara Municipal tem efetuado no âmbito da regeneração urbana com a requalificação de praças e arruamentos do centro histórico com Rua dos Poveiros, a Rua Monsenhor Daniel Machado, a Rua do Loureiro e o Largo d'Agonia e Rua Pedro Homem de Mello; e na requalificação de edifícios públicos como a Vila Rosa e antigo edifício das Finanças, hoje Serviço de Atendimento ao Município, cobertura da Academia de Música, requalificação da cobertura do Teatro Municipal Sá de Miranda, etc., que tem motivado o acompanhamento do investimento privado nas áreas de intervenção de espaço público.



Darque recebeu II Taça de Portugal de Maratonas em Canoagem

O rio Lima foi o palco escolhido para a segunda edição da Taça de Portugal em Maratonas, organizada pela Federação Portuguesa de Canoagem e pelo Darque Kayak Clube com o apoio da Câmara Municipal de Viana do Castelo e da Junta de Freguesia de Darque e que contou com a presença dos melhores canoístas nacionais. Tendo como pano de fundo a prova seletiva para a participação do K2 sénior no Campeonato do Mundo, as competições decorreram em bom ritmo em dois dias, contando com a presença de 278 competidores em K1, K2, C1 e C2, nas categorias de seniores juniores e veteranos, masculinos e

femininos. O campo de regatas e a portagem foram bem delineados merecendo elogios por parte da Federação Portuguesa de Canoagem, bem como toda a organização, considerada de alto nível.

Na prova, esteve presente Ruud Heilselaar, diretor da Federação Internacional de Canoagem (ICF), que procedeu à avaliação da competição nos domínios do campo de regatas, da organização, das instalações e da capacidade hoteleira de Viana do Castelo, sendo que há fortes possibilidades de Viana do Castelo e a Vila de Darque acolherem provas internacionais tais como a Taça do Mundo de Maratonas.



MIRANDELA

Talentos de Mirandela animam noites de verão

Pelo terceiro ano consecutivo a Câmara Municipal promove, ao longo do mês de agosto, um conjunto de espetáculos de artistas locais, conhecidos como Talentos de Mirandela.

De terça a quinta-feira, já que durante os fins-de-semana animação não falta nas aldeias do concelho, locais mais improváveis da cidade, mas com impacto comercial, nomeadamente ao nível da restauração e bebidas, são palco de concertos que tra-

zem boa disposição às noites de agosto. Os primeiros espetáculos de Sons do Tua, Jorge Ludwig, Noite de Fados – Uma Flor para Amália, Daniel Carlini e Grupo de Cantares e Cavaquinhos de S. Tiago foram um sucesso com as esplanadas e espaço envolvente cheios de público. Prosseguem agora os Terra Kente, Chama Musical, Fluxo X, Sons do Arasto, Rui Miguel, João Batista e Banda 1º de Maio que até ao final do mês animam Mirandela.



CERVEIRA

Cerveira assinala Semana Europeia de Desporto com Olimpíadas Intergeracionais

É um evento inédito na região alto-minhota no âmbito do Desporto Inclusivo. O Olympics4All já tem disponível o site oficial -www.olympics4all.eu/ - e procura jovens voluntários para acompanhamento das equipas ao longo da competição. Os 10 municípios do distrito de Viana do Castelo e as respetivas geminações (Espanha e França) vão apresentar-se, entre 6 e 11 de setembro, em equipas intergeracionais para participar nas olimpíadas sem idade e sem género,

No total, são 320 participantes com idades entre os 18 e 30 anos e mais de 60 anos oriundos de Portugal, Espanha e França, unidos na promoção da atividade desportiva e na consolidação da relação já existente entre os concelhos geminados, na vertente desportiva e social. A iniciativa visa o envolvimento de toda a comunidade, pelo que a Câmara Municipal de Vila Nova de

Cerveira está a desafiar jovens voluntários para desempenharem o papel de guia de cada equipa participante, ficando reservado o direito a refeições e certificado de participação.

Toda a informação relativa ao evento pode ser consultada no site oficial em www.olympics4all.eu/

Geminações:

Arcos de Valdevez (PT) | Dammarie-les-Lys (FR)

Caminha (PT) | Pontault-Combault (FR)

Monção (PT) | Tarascon-sur-Ariège (FR)

Melgaço (PT) | Lavelanet (FR)

Paredes de Coura (PT) | Cenon (FR)

Ponte da Barca (PT) | Lobios (ES)

Ponte de Lima (PT) | Xinzio de Limia (ES)

Valença (PT) | Tui (ES)

Viana do Castelo (PT) | Hendaye (FR)

Vila Nova de Cerveira (PT) | Tomiño (ES)



Expourense representou a Galicia no Festival Gastronómico na Praia Vila de Áncora

Expourense participou como convidado especial representando á gastronomía galega no Festival Gastronómico do Bife de Espadarte, en Vila Praia de Áncora (Portugal) do 13 ao 23 de agosto.

Por: Jesús Losada



■ Caminha estará presente en Xantar, segundo o convenio asinado con Expourense.

A Entidade de Turismo Porto e Norte, a Cámara Municipal de Caminha en conxunto con entidades privadas organizaron o festival gastronómico Bife de Es-

padarte (filete de peixe espada). A Fundación Expourense e o municipio de Caminha representados respectivamente por Alejandro Rubín Carballo e o alcalde Luís Miguel da Silva Mendonça Alves asinaron un convenio de colaboración para a promoción mutua e pola cal se confirmou a presenza deste municipio na próxima edición da Feira Internacional Xantar que se celebrará en Ourense do 3 ao 7 de febreiro de 2016. No marco desta celebración desenvolveuse un faladoiro denominado "O Mar e a Gastronomía" que contou coa presenza dun conxunto de convidados como Alejandro Rubín, direc-

tor de Xantar e Termatalia, o alcalde da Cámara municipal Da Silva Mendonça, o vicepresidente da entidade de Turismo Porto e Norte Jorge Magalhaes e coa participación activa de José Silva (xornalista e crítico gastronómico do programa Hora de Baco – da Radio televisión Portuguesa). Ademais contou coa presenza do xefe de cociña Margarida Rego do establecemento Areia - Restaurante Bar en Carreço (Viana do Castelo). Esta

tor de Xantar e Termatalia, o alcalde da Cámara municipal Da Silva Mendonça, o vicepresidente da entidade de Turismo Porto e Norte Jorge Magalhaes e coa participación activa de José Silva (xornalista e crítico gastronómico do programa Hora de Baco – da Radio televisión Portuguesa). Ademais contou coa presenza do xefe de cociña Margarida Rego do establecemento Areia - Restaurante Bar en Carreço (Viana do Castelo). Esta

tor de Xantar e Termatalia, o alcalde da Cámara municipal Da Silva Mendonça, o vicepresidente da entidade de Turismo Porto e Norte Jorge Magalhaes e coa participación activa de José Silva (xornalista e crítico gastronómico do programa Hora de Baco – da Radio televisión Portuguesa). Ademais contou coa presenza do xefe de cociña Margarida Rego do establecemento Areia - Restaurante Bar en Carreço (Viana do Castelo). Esta



■ Degustación do bife de espadarte que se serviu cociñado de varios xeitos.



■ O encontro gastronómico inaugurouse cun brinde de autoridades portuguesas e galegas.

acción é unha máis das que Expourense promove no eido da cooperación transfronteiriza na Eurorrexión Galicia- Norte de Portugal. Xantar promoveu a súa próxima edición de febreiro 2016 e na que Portugal volverá ser un dos protagonistas promocionando a súa gastronomía e fomentando así o turismo de proximidade. Tamén se anunciou a nova edición de Termatalia que se celebrará en Ourense entre o 24 e o 26 de setembro de 2015 e que contará coa participación activa da entidade portuguesa. A presenza de Expourense no Festival Gastronómico do Bife de Espadarte contou coa participación dunha delegación de medios de comunicación galegos e portugueses, e serviu para reforzar unha alianza que está a dar bos resultados como se comprobou na última edición de Xantar, durante a que a entidade Porto e Norte de Portugal foi unha das protagonistas cunha presenza importante de expositores e visitantes.